

# XEFATURA DO ESTADO

**23644** LEI ORGÁNICA 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. («BOE» 309, do 26-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza suscrito polos principais partidos políticos do noso país o 28 de maio de 2001 fixa entre os seus obxectivos que «a xustiza actúe con rapidez, eficacia e calidade, con métodos máis modernos e procedementos menos complicados. Que cumpra satisfactoriamente a súa función constitucional de garantir en tempo razoable os dereitos dos cidadáns e de proporcionar seguranza xurídica, ó actuar con pautas de comportamento e decisión previsibles. Que actúe como poder independente, unitario e integrado, cunha estrutura vertebrada, rexida por unha coherencia institucional que lle permita desenvolver máis eficazmente as súas funcións constitucionais». Para conseguir estes ambiciosos obxectivos faise preciso abordar unha profunda reforma da Lei orgánica do poder xudicial, norma reguladora dos aspectos fundamentais do poder xudicial e da propia Administración de xustiza.

Neste sentido, abórdanse relevantes modificacións nos tres primeiros libros da lei, algunhas delas xa previstas no propio Pacto de Estado e outras de necesario axuste coa nova regulación dos libros V e VI que se configuran como un dos eixes principais desta reforma, e outras de maior alcance referidas ó libro IV, relativo á carreira xudicial, que perseguen dar cumprimento ás previsións do pacto.

Por esta mesma razón derróganse determinados preceptos, quer por razóns de sistemática, levándose o seu contido a un libro distinto, quer por incompatibilidade coa nova regulación. Desta maneira derrógase integramente o título IV do libro III «Da fe pública e da documentación» quedando os artigos 279 a 291 sen contido.

O actual libro V pasa a se-lo libro VII, en canto que o V é de nova redacción, manténdose o libro VI.

Refórmase en profundidade e de forma especialmente innovadora a oficina xudicial, da cal por primeira vez se recolle a estrutura organizativa, e o estatuto do corpo de secretarios xudiciais e do resto do persoal ó servizo desta Administración.

II

No libro I destaca a xeneralización da segunda instancia penal, potenciándose as salas do penal dos tribunais superiores de xustiza nas cales se residencia a

segunda instancia penal respecto das resolucións dictadas polas audiencias provinciais en primeira instancia, así como a creación dunha sala de apelación na Audiencia Nacional. Con isto, alén da previsible redución da carga de traballo da Sala Segunda do Tribunal Supremo, preténdese resolver a controversia xurdida como consecuencia da resolución do 20 de xullo de 2000 do Comité de Dereitos Humanos da ONU, en que se mantivo que o actual sistema de casación español vulneraba o Pacto internacional de dereitos civís e políticos.

Introdúcense determinadas novidades no réxime das audiencias provinciais a fin de lograr unha maior especialización e operatividade. Así, por un lado, prevese que a existencia de seccións especializadas no coñecemento de determinados asuntos atraia a totalidade destes, con independencia de existiren outras seccións desprazadas territorialmente competentes. Por outro, establécese o carácter funcional, e non orgánico como ata agora, da adscrición dos maxistrados ás distintas seccións, equiparando no seu funcionamento ó dito órgano colexiado cos actuais tribunais superiores de xustiza.

Por outra parte, adécuese a terminoloxía de determinados preceptos en consonancia co previsto nos libros V e VI.

III

Dentro do libro II introdúcese a limitación temporal de 10 anos para os letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial, a maior parte deles recrutados de entre os integrantes da carreira xudicial, para evitar que estean afastados un tempo excesivo das tarefas xurisdiccionais, alén de evitar tamén o anquilosamento dun aparato burocrático a que conveñen periódicas renovacións.

Non obstante, a principal novidade radica na función que pasa a desempeña-lo secretario de goberno, atendidas as importantes competencias que asume no modelo organizativo que se instaura, na sala de goberno cando se presenten asuntos que afecten oficinas xudiciais ou secretarios xudiciais do ámbito territorial do tribunal superior de xustiza.

Por outra parte, recóllese entre as competencias regulamentarias do Consello Xeral do Poder Xudicial a de fixar sistemas de racionalización, organización e medición do traballo dos órganos xudiciais.

IV

No libro III acomódase a redacción de determinados preceptos ó novo réxime organizativo previsto nos libros V e VI, ben que se introducen, así mesmo, unha serie de novidades.

No punto quinto do Pacto de Estado faise fincapé en que a cobertura de tódalas prazas que resulten necesarias e tendo en conta un calendario realista para a ampliación progresiva da planta, deberase facer con xuíces profesionais que exerzan as súas funcións baixo os principios de independencia, imparcialidade, profesionalidade e responsabilidade, procedendo á redución das figuras excepcionais de substitutos e suplentes. A tal fin dáse unha nova regulación das substitucións entre xuíces, primando a que se produce entre xuíces titulares e acudindo só cando concorran circunstancias excepcionais á substitución por xuíces non profesionais.

Na mesma orde de cousas e para unha mellor garantía da independencia e imparcialidade de xuíces e maxistrados, dásele unha nova redacción ó capítulo dedicado á abstención e recusación, completándose así o sistema deseñado pola recente Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, o texto da cal tamén obriga ás debidas adaptacións do réxime de nulidade de actuacións e de aclaración ou corrección de resolucións.

Por outra parte, en prol dunha xustiza máis transparente e na liña marcada na Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, recóllese o deber de información e atención adecuada ós usuarios da xustiza.

Finalmente, derrógase na súa totalidade o título IV deste libro xa que as materias contidas nel son obxecto dunha nova regulación que se integra no libro V.

## V

En relación co libro IV, a decidida aposta pola profesionalidade de xuíces e maxistrados recollida no Pacto de Estado, a que xa fixemos referencia, fai imprescindible a modificación do sistema de ingreso na carreira xudicial, así como a extensión a novos supostos dos principios de mérito, formación e especialización para a adxudicación dos diferentes destinos, superándose así o exclusivo criterio de antigüidade. Neste sentido mantense a oposición como sistema xeral para o ingreso na carreira xudicial pola categoría de xuíz, por ser este sistema o que mellor garante a selección obxectiva e rigorosa. Para o ingreso pola categoría de maxistrado considérase necesario establecer un novo sistema de baremación de méritos e complementa-la formación dos que ingresan por esta vía cun curso de formación que garanta o correcto desempeño das tarefas xurisdiccionais que lles serán propias a partir dese momento.

Na mesma liña, parece oportuno esixir dous anos de antigüidade na carreira xudicial a todos aqueles que pretendan acceder a probas de especialistas, co fin de que se teña un mínimo de experiencia con carácter previo a acceder a postos reservados para estes.

Na resolución de concursos para acceder a órganos colexiados apóstase decididamente pola especialización, sentando as bases para que no seu acceso se valoren, ben coñecementos específicos, ben experiencia previa na correspondente orde xurisdiccional, mesmo que tales criterios se combinen co da antigüidade.

Introdúcense modificacións no réxime de situacións administrativas, demandadas pola experiencia dos últimos anos, merecendo destacarse as relativas ós maxistrados do Tribunal Supremo, cun estatuto máis rigoroso, que se xustifica pola especialidade e transcendencia do seu labor. Nesta mesma orde de cousas incorpórase ó estatuto de xuíces e maxistrados a normativa do réxime común relativa á conciliación da vida familiar coa actividade profesional.

Co fin de elimina-la práctica fraudulenta estendida durante os últimos anos de apartar un xuíz ou maxistrado do coñecemento dun determinado asunto mediante a presentación previa de querela que despois resulta sen fundamento ningún, prevese que o órgano instructor, para contrastar minimamente os feitos, poida practicar dilixencias con carácter previo á súa admisión a fin de que poida determina-la súa propia competencia, así como a relevancia penal dos feitos que se imputen ou a verosimilitude da imputación. Valorouse, ademais, que esta práctica, posta de manifesto polo propio Tribunal Supremo e tribunais superiores de xustiza en numero-

sas resolucións, supón atentar contra o dereito constitucional ó xuíz ordinario predeterminado pola lei.

## VI

O libro V regula agora a oficina xudicial e os aspectos estatutarios, funcionais e orgánicos do corpo de secretarios xudiciais máis relevantes.

A reorganización da oficina xudicial resulta unha tarefa de indubidable complexidade debido, entre outras razóns, a que nesta realidade concorren un cúmulo de peculiaridades que a singularizan fronte a calquera outro órgano de xestión. En primeiro lugar, a evolución das formas de traballo desempeñado nas oficinas xudiciais esixe novas estruturas cun maior e mellor deseño organizativo, imprescindible non soamente pola progresiva incorporación de novas tecnoloxías a este ámbito senón fundamentalmente para obter unha atención de calidade ós cidadáns. En segundo lugar, as oficinas xudiciais non poden ser alleas á realidade do Estado autonómico, especialmente cando se produciu un intenso proceso de transferencias neste ámbito que obriga a unha detallada delimitación dos ámbitos competenciais das administracións implicadas na dotación de medios persoais e materiais ó servizo do poder xudicial. Finalmente, a confluencia na oficina xudicial de varios ámbitos de decisión que recaen sobre unha única realidade demostrou ser fonte de conflitos sen que as normas que agora se substitúen establecesen mecanismos oportunos de colaboración, coordinación e de garantía que asegurasen a autonomía funcional e orgánica duns e outros.

O novo modelo de oficina xudicial arrinca co propósito claro de que o seu funcionamento garanta a independencia do poder que serve, conxugando a un tempo e sen mingua ningunha do anterior, unha adecuada racionalización dos medios que utiliza. A fin de harmonizar estes obxectivos, no plano exclusivamente organizativo, defínese a oficina xudicial como a organización de carácter instrumental que, de forma exclusiva, presta soporte e apoio á actividade xurisdiccional. Pola súa singularidade recóllese expresamente a necesaria reserva de función de sorte que soamente os funcionarios dos corpos ó servizo da Administración de xustiza poderán desempeñalos postos de traballo de que está dotada.

No seu deseño optouse por un sistema flexible que permita que cada oficina xudicial se adapte a calquera tipo de necesidades da Administración de xustiza, sendo o criterio diferenciador que permite singularizala doutras organizacións administrativas que a súa actividade se encontra rexida principalmente por normas procesuais, debendo dar cumprimento a cantas resolucións dicten os xuíces e os maxistrados no exercicio das funcións que lle son propias. Con estas características, a oficina xudicial —como xénero— comprende —como especies— tanto as unidades procesuais de apoio directo coma os servizos comúns procesuais. As primeiras asumirán a tramitación procesual de todos aqueles asuntos o coñecemento dos cales teñan legalmente atribuídos xuíces e tribunais, asistíndoos mediante a realización das actuacións precisas para o eficaz cumprimento da función xurisdiccional. Os servizos comúns procesuais son obxecto de especial regulación, enchendo o baleiro legal existente ata o momento, fomentando o seu desenvolvemento e especialización, e establecendo un sistema que garanta un mellor goberno especialmente naqueles casos en que, pola súa complexidade ou tamaño, resulta imprescindible a existencia de mandos intermedios.

Preténdese pois, ante todo, racionalizar e actualizar medios persoais e materiais para unha mellor e máis rápida administración da xustiza.

## VII

A figura do secretario xudicial, tamén regulada no libro V, convértese nunha das chaves da actual reforma. Non só se definen con maior precisión as súas funcións, senón que se lle atribúen outras, potenciando así as súas capacidades profesionais. Asume, ademais, responsabilidades en materia de coordinación coas administracións públicas con competencias en materia de xustiza.

No que se refire á fe pública, o secretario xudicial, no seo da Administración de xustiza, exerce con exclusividade esta función, que se redefine a fin de circunscribir ó verdadeiramente transcendente, compatibilizándoa coa utilización das novas tecnoloxías.

Como técnicos superiores da Administración de xustiza, serán os secretarios xudiciais que dirixirán no aspecto técnico-procesual o persoal integrante da oficina xudicial, ordenando a súa actividade e impartindo as ordes e instrucións que coiden pertinentes.

Por último, débese salienta-la nova configuración orgánica do corpo de secretarios co fin de garantir unha maior eficacia na súa prestación de servizos. Con esta finalidade, dótase dunha nova definición o secretario de goberno dos tribunais superiores de xustiza e créase a figura do secretario coordinador provincial, ambos con importantes competencias en relación cos secretarios xudiciais dependentes deles.

## VIII

O libro VI regula basicamente o estatuto xurídico dos corpos de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza. O Pacto de Estado para a Xustiza do 28 de maio de 2001 implica levar a termo unha reforma lexislativa que, non só deseñe un novo modelo de oficina xudicial nos termos que ese acordo reflectía, senón tamén que desenvolva un estatuto do persoal ó servizo da Administración de xustiza actualizado, adecuado a esa nova estrutura, capaz de responder ás particulares esixencias que implica o desempeño do seu labor ó servizo dun poder do Estado.

Este novo estatuto pretendeu delimitar de maneira minuciosa as funcións do persoal ó servizo da Administración de xustiza, ofrecendo novas solucións a diferentes desaxustes de que está afectado o sistema actual, en que, en non poucas ocasións, uns fan os labores doutros.

Na actualidade, o persoal ó servizo da Administración de xustiza padece situacións anacrónicas. En poucas ocasións ten recoñecemento efectivo o esforzo persoal, ademais de se encontraren en vigor fórmulas rixidas que dificultan gravemente a adopción de solucións áxiles ante situacións determinadas; defectos que se tiveron en conta a fin de buscar solucións que introduzan maior racionalidade no sistema.

Neste sentido, o libro VI dá nova definición ós corpos ó servizo da Administración de xustiza, coa asignación a todos eles de novas funcións máis acordes coa nova realidade da oficina xudicial que se deseña, segundo o que previra o propio Pacto de Estado.

## IX

A normativa que se propón goza dunha notable extensión e detalle, sen prexuízo dos posibles desenvolvementos regulamentarios que igualmente se prevén. Isto obedece ó convencemento de que os compromisos xurdidos dun pacto suscrito polas principais forzas políticas do país esixen dunha norma con rango superior que garanta a súa estabilidade e permanencia, á marxe de sentar bases sólidas e seguras que permitan a normal e pacífica execución, por parte das comunidades autónomas, de todas aquelas competencias que foron ou serán transferidas.

O texto mantén o carácter nacional dos corpos ó servizo da Administración de xustiza e a exclusividade das súas funcións, garantindo con isto a especialidade que a nosa Constitución lles reserva no seu artigo 122.

En calquera caso, a reforma que se opera resultaba imprescindible; dun lado, era necesario delimitar-las competencias sobre o persoal funcionario de tódolos actores intervinientes, pois que o proceso de transferencia de xestión ás comunidades autónomas se vai ver plenamente realizado nun futuro moi próximo; por outro, a Administración de xustiza requiría de instrumentos de ordenación do persoal moito máis modernos e efectivos que superasen, entre outros, o vello sistema de cadros de persoal.

Mantense o sistema de oposición para o ingreso, con carácter xeral, permitindo como novidade o concurso-oposición, que pode favorecer procesos de consolidación nesta Administración e que ata este momento non tiñan cobertura legal.

Amplíase a carreira profesional, que se estrutura nun duplo sentido: por un lado auméntase a porcentaxe de prazas que se ofrecen para a promoción interna e, por outro, a existencia dentro do mesmo corpo de postos con diferentes niveis de responsabilidade permitirá ós funcionarios ver mellorada a súa posición dentro da organización.

Na medida en que a especialidade dos corpos ó servizo da Administración de xustiza o permita, as situacións administrativas, permisos, licencias, dereitos e deberes e réxime disciplinario equipárase coas existentes na Administración xeral do Estado, mantendo, sen embargo, un réxime de incompatibilidades máis estricto, froito da especialidade antes indicada.

O novo réxime retributivo que se establece, mantendo os conceptos retributivos regulados para a carreira xudicial e fiscal, pretende ser máis sinxelo na súa configuración, introducindo complementos vinculados ó posto de traballo e á súa responsabilidade, permitindo, de igual maneira, complementos variables en función do cumprimento de obxectivos.

Finalmente, a introducción das relacións de postos de traballo na Administración de xustiza, configúrase como un instrumento da ordenación da actividade laboral, dando na confección delas un papel predominante á Administración competente en materia de xestión de persoal.

### Artigo único. *Modificacións da Lei orgánica do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda modificada nos termos seguintes:

Un . O número 4 do artigo 9 pasa a te-la seguinte redacción:

«4. Os da orde contencioso-administrativa coñecerán das pretensións que se deduzan en re-

lación coa actuación das administracións públicas suxeita ó dereito administrativo, coas disposicións xerais de rango inferior á lei e cos reais decretos legislativos nos termos previstos no artigo 82.6 da Constitución, de conformidade co que estableza a lei desa xurisdicción. Tamén coñecerán dos recursos contra a inactividade da Administración e contra as súas actuacións materiais que constitúan vía de feito.

Coñecerán, así mesmo, das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas e do persoal ó seu servizo, calquera que sexa a natureza da actividade ou o tipo de relación de que derive. Se á produción do dano tivesen concurrido suxeitos privados, o demandante deducirá tamén fronte a eles a súa pretensión ante esta orde xurisdiccional. Igualmente coñecerán das reclamacións de responsabilidade cando o interesado actúe directamente contra a aseguradora da Administración, xunto á Administración respectiva.

Tamén será competente esta orde xurisdiccional se as demandas de responsabilidade patrimonial se dirixen, ademais, contra as persoas ou entidades públicas ou privadas indirectamente responsables daquelas.»

Dous. Modifícase o artigo 29, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 29.

1. A planta dos xulgados e tribunais estableceuse por lei. Será revisada, polo menos, cada cinco anos, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, para adaptala ás novas necesidades.

2. A revisión da planta dos xulgados e tribunais poderá ser solicitada polas comunidades autónomas con competencia en materia de xustiza para adaptala ás necesidades do seu ámbito territorial.»

Tres. Modifícase o artigo 37, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 37.

1. Corresponde ó Ministerio de Xustiza ou ó órgano competente da comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza prove-los xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia.

2. Para tal efecto, o Consello Xeral do Poder Xudicial remitirá anualmente ó Ministerio de Xustiza ou ó órgano competente da comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza unha relación circunstanciada das necesidades que xulgue existentes.»

Catro. Suprímese o número 4.º do artigo 56.

Cinco. O artigo 63 pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 63.

1. A Audiencia Nacional comporase do seu presidente, os presidentes de sala e os maxistrados que determine a lei para cada unha das súas salas e seccións.

2. O presidente da Audiencia Nacional, que terá a consideración de presidente de sala do Tribunal Supremo, é o presidente nato de tódalas súas salas.»

Seis. O artigo 64 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 64.

1. A Audiencia Nacional estará integrada polas seguintes salas:

De Apelación.

Do Penal.

Do Contencioso-administrativo.

Do Social.

2. No caso de que o número de asuntos o aconselle, poderanse crear dúas ou máis seccións dentro dunha sala.»

Sete. Créase un novo artigo 64 bis co seguinte teor:

«Artigo 64 bis.

1. A Sala de Apelación da Audiencia Nacional coñecerá dos recursos desta clase que estableza a lei contra as resolucións da Sala do Penal.

2. Cando a sensible e continuada diferenza no volume de traballo o aconselle, os maxistrados desta sala, co acordo favorable da Sala de Goberno, logo de proposta do presidente do Tribunal, poderán ser adscritos polo Consello Xeral do Poder Xudicial, total ou parcialmente, e sen que isto signifique incremento retributivo ningún, a outra sala de diferente orde.

Para a adscrición valoraranse a antigüidade na escala e a especialidade ou experiencia dos maxistrados afectados e, a ser posible, as súas preferencias.»

Oito. O artigo 73 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 73.

1. A Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza coñecerá, como Sala do Civil:

a) Do recurso de casación que estableza a lei contra resolucións de órganos xurisdiccionais da orde civil con sede na comunidade autónoma, sempre que o recurso se funde en infracción de normas do dereito civil, foral ou especial propio da comunidade, e cando o correspondente estatuto de autonomía previse esta atribución.

b) Do recurso extraordinario de revisión que estableza a lei contra sentencias dictadas por órganos xurisdiccionais da orde civil con sede na comunidade autónoma, en materia de dereito civil, foral ou especial propio da comunidade autónoma, se o correspondente estatuto de autonomía previu esta atribución.

2. Esta sala coñecerá igualmente:

a) En única instancia, das demandas de responsabilidade civil, por feitos cometidos no exercicio dos seus respectivos cargos, dirixidas contra o presidente e membros do consello de goberno da comunidade autónoma e contra os membros da asemblea legislativa, cando tal atribución non corresponda, segundo os estatutos de autonomía, ó Tribunal Supremo.

b) En única instancia, das demandas de responsabilidade civil por feitos cometidos no exercicio do seu cargo, contra todos ou a maior parte dos maxistrados dunha audiencia provincial ou de calquera das súas seccións.»

c) Das cuestións de competencia entre órganos xurisdiccionais da orde civil con sede na comunidade autónoma que non teñan outro superior común.

3. Como Sala do Penal, corresponde a esta sala:

a) O coñecemento das causas penais que os estatutos de autonomía reservan ó coñecemento dos tribunais superiores de xustiza.

b) A instrución e o resolución das causas penais contra xuíces, maxistrados e membros do Ministerio Fiscal por delitos ou faltas cometidos no exercicio do seu cargo na comunidade autónoma, sempre que esta atribución non corresponda ó Tribunal Supremo.

c) O coñecemento dos recursos de apelación contra as resolucións dictadas en primeira instancia polas audiencias provinciais, ben como o de todos aqueles previstos polas leis.

d) A decisión das cuestións de competencia entre órganos xurisdiccionais da orde penal con sede na comunidade autónoma que non teñan outro superior común.

4. Para a instrución das causas a que se refiren as alíneas a) e b) do número anterior designarase de entre os membros da sala, conforme unha quenda preestablecida, un instructor que non formará parte dela para axuizalas.

5. Correspóndelle, igualmente, a decisión das cuestións de competencia entre xulgados de menores de distintas provincias da comunidade autónoma.

6. No caso de que o número de asuntos o aconselle, poderanse crear unha ou máis seccións e mesmo sala do penal coa súa propia circunscripción territorial naquelas capitais que xa sexan sedes doutras salas do tribunal superior, unicamente para os efectos de coñecer os recursos de apelación a que se refire a alínea c) do número 3 deste artigo e aquelas outras apelacións atribuídas polas leis ó tribunal superior. Os nomeamentos para maxistrados destas seccións, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, recaerán naqueles maxistrados que, tendo permanecido durante os 10 anos inmediatamente anteriores na orde penal, teñan maior antigüidade na escala.»

Novo. O artigo 80 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 80.

1. As audiencias provinciais, que terán a súa sede na capital da provincia, da cal tomarán o seu nome, estenderán a súa xurisdicción a toda ela, sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 82.

2. Poderanse crear seccións da audiencia provincial fóra da capital da provincia, ás cales quedarán adscritos un ou varios partidos xudiciais.

3. En todo caso, e logo de informe da correspondente sala de goberno, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar que o coñecemento de determinadas clases de asuntos se atribúa en exclusiva a unha sección da audiencia provincial, que estenderá sempre a súa competencia a todo o seu ámbito territorial mesmo se existiren seccións desprazadas. Este acordo publicarase no “Boletín Oficial del Estado”»

Dez. Modifícase o artigo 81, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 81.

1. As audiencias provinciais compóranse dun presidente e dous ou máis maxistrados. Tamén poderán estar integradas por dúas ou máis seccións da mesma composición e, neste caso, o presidente da audiencia presidirá unha das seccións, que determinará ó principio do seu mandato.

2. Cando o escaso número de asuntos de que coñeza unha audiencia provincial o aconselle, poderá constalo seu cadro de persoal de un a dous maxistrados, incluído o presidente. Neste caso, a audiencia provincial completárase para o axuizamento e a resolución, e cando a natureza da resolución que se vai dictar o esixa, co número de maxistrados que se precisen do tribunal superior de xustiza. Para estes efectos, a sala de goberno establecerá unha quenda para cada ano xudicial.

3. Do mesmo modo, cando así o aconselle a mellor administración da xustiza, as seccións da audiencia poderán estar formadas por catro maxistrados.

4. A adscrición dos maxistrados ás distintas seccións terá carácter funcional cando non estiveren separadas por orde xurisdiccional ou por especialidade. Se o estiveren, a adscrición será funcional exclusivamente dentro das da mesma orde ou especialidade.»

Once. Dáselle nova redacción ó artigo 85, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 85.

Os xulgados de primeira instancia coñecerán na orde civil:

1. En primeira instancia, dos xuízos que non veñan atribuídos por esta lei a outros xulgados ou tribunais.

2. Dos actos de xurisdicción voluntaria nos termos que prevexan as leis.

3. Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións dos xulgados de paz do partido.

4. Das cuestións de competencia en materia civil entre os xulgados de paz do partido.

5. Das solicitudes de recoñecemento e execución de sentencias e demais resolucións xudiciais e arbitrais estranxeiras, a non ser que, conforme o acordado nos tratados e outras normas internacionais, corresponda o seu coñecemento a outro xulgado ou tribunal.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ó artigo 98, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 98.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, logo de informe das salas de goberno, que naquelas circunscripcións onde exista máis dun xulgado da mesma clase, un ou varios deles asuman con carácter exclusivo o coñecemento de determinadas clases de asuntos ou das execucións propias da orde xurisdiccional de que se trate, sen prexuízo dos labores de apoio que poidan presta-los servizos comúns que para o efecto se constitúan.

2. Este acordo publicarase no “Boletín Oficial del Estado” e producirá efectos desde o inicio do ano seguinte a aquel en que se adopte.

3. Os xulgados afectados continuarán coñecendo de tódolos procesos pendentes ante eles ata a súa conclusión.»

Trece. Dáselle nova redacción ó artigo 99, quedando este precepto coa seguinte redacción:

«Artigo 99.

1. En cada municipio onde non exista xulgado de primeira instancia e instrución, e con xurisdición no termo correspondente, haberá un xulgado de paz.

2. Poderá existir unha soa oficina xudicial para varios xulgados.»

Catorce. Modifícase o artigo 107, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 107.

O Consello Xeral do Poder Xudicial terá competencias nas seguintes materias:

1. Proposta por maioría de tres quintos para o nomeamento do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. Proposta por maioría de tres quintos para o nomeamento de membros do Tribunal Constitucional cando así proceda.

3. Inspección de xulgados e tribunais.

4. Selección, formación e perfeccionamento, provisión de destinos, ascensos, situacións administrativas e réxime disciplinario de xuíces e maxistrados.

5. Nomeamento mediante orde dos xuíces e presentación a real decreto, referendado polo Ministro de Xustiza, dos nomeamentos de maxistrados do Tribunal Supremo, presidentes e maxistrados.

6. Nomeamento de secretario xeral e membros dos gabinetes ou servicios dependentes del.

7. Exercicio das competencias relativas á Escola Xudicial que a lei lle atribúe.

8. Elaborar, dirixi-la execución e controla-lo cumprimento do orzamento do Consello.

9. Potestade regulamentaria nos termos previstos no artigo 110 desta lei.

10. Publicación oficial das sentencias e doutras resolucións que se determinen do Tribunal Supremo e do resto de órganos xudiciais.

Para tal efecto o Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de informe das administracións competentes, establecerá regulamentariamente o modo en que se deberán elabora-los libros electrónicos de sentencias, a recompilación destas, o seu tratamento, difusión e certificación para velar pola súa integridade, autenticidade e acceso, así como para asegura-lo cumprimento da lexislación en materia de protección de datos persoais.

11. Aquelas outras que lle atribúan as leis.»

Quince. Modifícase o artigo 110, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 110.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá dictar regulamentos sobre o seu persoal, organización e funcionamento no marco da lexislación sobre a función pública.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito da súa competencia e con subordinación ás leis, poderá dictar regulamentos de desenvol-

vemento desta lei para establecer regulacións de carácter secundario e auxiliar.

Estes regulamentos poderán regular condicións accesorias para o exercicio dos dereitos e deberes que conforman o estatuto xudicial sen innovar aqueles nin alterar este no seu conxunto. Poderanse aprobar nos casos en que sexan necesarios para a execución ou aplicación desta lei, naqueles en que así se prevexa nesta ou outra lei e, especialmente, nas seguintes materias:

a) Sistema de ingreso, promoción e especialización na carreira xudicial, réxime dos funcionarios xudiciais en prácticas e dos xuíces adxuntos e cursos teóricos e prácticos na Escola Xudicial, así como organización e funcións desta.

Para este efecto, no desenvolvemento regulamentario da organización e funcións da Escola Xudicial, deberase determina-la composición do seu consello rector, en que necesariamente deberán estar representados o Ministerio de Xustiza, as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza e as asociacións profesionais de xuíces e maxistrados.

b) Forma de distribución entre quendas e de provisión de prazas vacantes e desertas de xuíces e maxistrados.

c) Tempo mínimo de permanencia no destino dos xuíces e maxistrados.

d) Procedemento dos concursos regrados e forma de solicitude de provisión de prazas e de cargos de nomeamento discrecional.

e) Actividades de formación dos xuíces e maxistrados e forma de obtención de títulos de especialización.

f) Situacións administrativas de xuíces e maxistrados.

g) Réxime de licencias e permisos de xuíces e maxistrados.

h) Valoración como mérito preferente do coñecemento da lingua e dereito propios das comunidades autónomas na provisión de prazas xudiciais no territorio da comunidade respectiva.

i) Réxime de incompatibilidades e tramitación de expedientes sobre cuestións que atinxan o estatuto de xuíces e maxistrados.

j) Contido da escala xudicial, nos termos previstos nesta lei.

k) Réxime de substitucións, dos maxistrados suplentes, dos xuíces substitutos, e dos xuíces de paz.

l) Funcionamento e facultades das salas de goberno, das xuntas de xuíces e demais órganos gobernativos e eleccións, nomeamento e cesamento de membros das salas de goberno e de xuíces decanos.

m) Inspección de xulgados e tribunais e tramitación de queixas e denuncias.

n) Publicidade das actuacións xudiciais, habilitación de días e horas, fixación das horas de audiencia pública e constitución dos órganos xudiciais fóra da súa sede.

ñ) Especialización de órganos xudiciais, repartición de asuntos e relatorios e normas xerais sobre prestación e desenvolvemento do servicio de garda, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Xustiza ou, se for o caso, das comunidades autónomas con competencias en materia de persoal.

o) Forma de cesamento e posesión nos órganos xudiciais e confección de relacións de asuntos pendentes.

p) Cooperación xurisdiccional.

q) Honras e tratamento de xuíces e maxistrados e regras sobre protocolo en actos xudiciais.

r) Sistemas de racionalización, organización e medición do traballo que se consideren convenientes para determinar a carga de traballo que pode soportar un órgano xurisdiccional, así como establecer criterios mínimos homoxéneos para a elaboración de normas de repartición.

3. Os proxectos de regulamentos de desenvolvemento someteranse a informe das asociacións profesionais de xuíces e maxistrados e das corporacións profesionais ou asociacións doutra natureza que teñan recoñecida legalmente representación de intereses a que poidan afectar. Daráselle intervención á Administración do Estado, por medio do Ministerio de Xustiza, e ás das comunidades autónomas sempre que unha e outras teñan competencias relacionadas co contido do regulamento ou sexa necesario coordinar estas coas do Consello Xeral. Solicitaranse as consultas e os estudos previos que se consideren pertinentes e un dictame de legalidade sobre o proxecto.

O Ministerio Fiscal será oído cando o atinxa a materia sobre a que verse o proxecto e especialmente nos supostos previstos nas alíneas n), ñ) e q) do número 2 deste artigo.

4. Os regulamentos, que deberán ser aprobados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial por maioría de tres quintos dos seus membros autorizados polo seu presidente, publicaranse no "Boletín Oficial del Estado".»

Dezaseis. O número 1 do artigo 137 queda redactado así:

«Artigo 137.

1. Os acordos dos órganos colexiados do Consello serán adoptados por maioría dos membros presentes, salvo cando a lei dispoña outra cosa. Quen presida terá voto de calidade en caso de empate.

Sen prexuízo do disposto no artigo 129 e concordantes desta lei, caso de non poder adoptarse acordos por falta do número de membros para constituí-lo órgano, poderase efectuar unha segunda convocatoria en que bastará a maioría necesaria para a constitución dos órganos colexiados na lexislación común de réxime xurídico das administracións públicas.»

Dezasete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 145, que queda co seguinte teor:

«Artigo 145.

1. Nos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial poderán prestar servizos membros das carreiras xudicial e fiscal, do corpo de secretarios xudiciais, do corpo de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e do corpo de auxilio xudicial ó servizo da Administración de xustiza así como funcionarios das administracións públicas, no número que fixen as correspondentes relacións de postos de traballo.

2. Os membros dos órganos técnicos de nivel superior para a designación dos cales se esixise o título de licenciado en dereito, actuarán coa denominación de letrados ó servizo do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Dezaioito. Dáselle nova redacción ó artigo 146, nos seguintes termos:

«Artigo 146.

1. A provisión dos postos dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial realizarase mediante concurso de méritos.

2. Aqueles que obtivesen postos de nivel superior serán nomeados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de concurso de méritos, por un período de dous anos, prorrogable por períodos anuais cun máximo de prestación de servizos de 10 anos, e serán declarados en situación de servizos especiais na súa Administración de orixe.

3. Cando se trate da prestación de servizos nos restantes postos dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial, os funcionarios que os desempeñen consideraranse en servizo activo nos seus corpos de orixe.

4. Durante o tempo que permanezan ocupando un posto de traballo no Consello Xeral do Poder Xudicial estarán sometidos ó Regulamento de persoal do Consello.»

Dezanove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 149, co contido seguinte:

«Artigo 149.

1. As salas de goberno do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional estarán constituídas polo presidente deses órganos, que as presidirá, polos presidentes das salas neles existentes e por un número de maxistrados igual ó destes.

2. As salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza estarán constituídas polo presidente destes, que as presidirá, polos presidentes das salas neles existentes, polos presidentes das audiencias provinciais da comunidade autónoma e por un número igual de maxistrados ou xuíces, elixidos por tódolos membros da carreira xudicial destinados nela. Un, polo menos, dos compoñentes da sala será da categoría de xuíz, salvo que non houbese candidatos desta categoría.

Ademais destes integraranse tamén, coa consideración de membros electos para tódolos efectos, os decanos que, de conformidade co establecido no artigo 166.3, fosen liberados totalmente do traballo que lles correspondía realizar na orde xurisdiccional respectiva.

3. As salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza, cando o número de membros exceda 10, constituiranse en pleno ou en comisión.

A comisión estará integrada por seis membros, tres natos e tres electos. A designación dos seus compoñentes corresponderá ó pleno e, de se produciren vacantes, a dos seus substitutos. Non obstante, formará parte dela o decano liberado totalmente de tarefas xurisdiccionais, ou un deles de existiren varios.

A comisión renovarase anualmente na mesma proporción e será presidida polo presidente do tribunal superior de xustiza.

4. O secretario de goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e dos respectivos tri-

bunais superiores de xustiza exercerá as funcións de secretario da sala de goberno, sen prexuízo de todas aquelas que expresamente esta lei lle atribúa.»

Vinte. Modifícase o artigo 152, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 152.

1. As salas de goberno, tamén as constituídas en réxime de comisión, desempeñarán a función de goberno dos seus respectivos tribunais e, en particular, compételles:

1.º Aproba-las normas de repartición de asuntos entre as distintas seccións de cada sala.

2.º Establecer anualmente con criterios obxectivos as quendas precisas para a composición e funcionamento das salas e seccións do tribunal e das audiencias provinciais do territorio, así como de modo vinculante as normas de asignación das comisións relatoras en que deban rota-los maxistrados.

3.º Adoptar, con respecto á inamovibilidade xudicial, as medidas necesarias nos casos de disidencia entre maxistrados que poidan influír na boa orde dos tribunais ou na administración da xustiza.

4.º Completar provisoriamente a composición das salas nos casos en que, por circunstancias sobrevindas, for necesario para o funcionamento do servizo, sempre sen prexuízo de respecta-lo destino específico dos maxistrados de cada sala.

5.º Propor motivadamente ó Consello Xeral do Poder Xudicial os maxistrados suplentes expresando as circunstancias persoais e profesionais que neles concorran, a súa idoneidade para o exercicio do cargo e para a súa actuación nunha ou en varias ordes xurisdiccionais, as garantías dun desempeño eficaz da función e a aptitude demostrada polos que xa tivesen actuado no exercicio de funcións xudiciais ou de substitución na carreira fiscal, con razoada exposición da orde de preferencia proposta e das exclusións de solicitantes. As propostas de adscrición de maxistrados suplentes como medida de reforzo estarán suxeitas a idénticos requisitos de motivación dos nomes e da orde de preferencia propostos e das exclusións de solicitantes.

6.º Exerce-las facultades disciplinarias sobre maxistrados nos termos establecidos nesta lei.

7.º Propor ó presidente a realización das visitas de inspección e información que considere procedentes.

8.º Promove-los expedientes de xubilación por causa de incapacidade dos maxistrados, e emitir informe.

9.º Elabora-los informes que lle solicite o Consello Xeral do Poder Xudicial e a memoria anual expositiva sobre o funcionamento do tribunal, con expresión detallada do número e clase de asuntos iniciados e terminados por cada sala, ben como dos que se encontraren pendentes, precisando o ano da súa iniciación, todo isto referido ó 31 de decembro. A memoria deberá conter, en todo caso, a indicación das medidas que se consideren necesarias para a corrección das deficiencias advertidas.

10.º Propor ó Consello Xeral do Poder Xudicial a adopción das medidas que xulgue pertinentes para mellora-la Administración de xustiza no que atinxe os respectivos órganos xurisdiccionais.

11.º Recibi-lo xuramento ou promesa legalmente establecidos dos maxistrados que integran os respectivos tribunais e darlles posesión.

12.º Recibir informes do secretario de goberno, por iniciativa deste ou da propia sala, en todos aqueles asuntos que, por afectaren as oficinas xudiciais ou secretarios xudiciais que del dependan, esixan dalgún tipo de actuación. Neste caso, o secretario de goberno terá voto no acordo que poida chegar a adoptarse.

13.º Promover ante o órgano competente a esixencia das responsabilidades disciplinarias que procedan de secretarios xudiciais, do persoal ó servizo da Administración de xustiza ou de calquera outro que, sen ter esta condición, preste os seus servizos de forma permanente ou ocasional nesta.

14.º En xeral, cumpri-las demais funcións que as leis atribúan ós órganos de goberno interno dos tribunais e que non estean atribuídas expresamente ós presidentes.

2. Ás salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza, en pleno ou en comisión, compete ademais:

1.º Aproba-las normas de repartición de asuntos entre as salas do tribunal e entre as seccións das audiencias provinciais e xulgados da mesma orde xurisdiccional, con sede na comunidade autónoma correspondente.

Excepcionalmente, de forma motivada, e cando as necesidades do servizo así o esixiren, a sala de goberno poderá ordenar que se libere da repartición de asuntos, total ou parcialmente, por tempo limitado, unha sección ou un xuíz determinado.

2.º Exerce-las facultades dos números quinto ó décimo cuarto do número anterior, pero referidas tamén ós órganos xurisdiccionais con sede na comunidade autónoma correspondente ós xuíces e maxistrados neles destinados.

3.º Expedi-los nomeamentos dos xuíces de paz.»

Vinteun. Modifícase o artigo 153, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 153.

1. As salas de goberno reuniranse, polo menos, dúas veces por mes, a non ser que non houberse asuntos pendentes, e cantas veces, ademais, teñan que tratar de asuntos urxentes de interese para a Administración de xustiza, cando o considere necesario o presidente do tribunal superior de xustiza, cando o solicite a terceira parte dos seus membros mediante proposta razoada e con expresión do que deba ser obxecto de deliberación e decisión, ou cando o solicite o secretario de goberno a fin de tratar cuestións que afecten oficinas xudiciais ou secretarios xudiciais que del dependan. A convocatoria será feita polo presidente, con expresión dos asuntos que se van tratar.

2. As salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza, constituídas en comisión, reuniranse semanalmente. A comisión, trimestralmente, porá en coñecemento do pleno, previamente convocado, todos aqueles asuntos que foron tratados e resoltos. Poderase reunir, así mesmo, o pleno cando, a xuízo do presidente ou da comisión, a transcendencia, importancia ou interese



para a Administración de xustiza dos asuntos que se van tratar así o aconsellen, cando o solicite a maioría dos seus membros mediante proposta razoada e con expresión do que debe ser obxecto de deliberación e decisión ou cando o solicite o secretario de Goberno a fin de tratar cuestións que afecten oficinas xudiciais ou secretarios xudiciais que dependan del. A convocatoria do pleno ou da comisión será feita polo presidente, con expresión dos asuntos que se van tratar.

3. A sala poderá ser constituída polo presidente e dous membros para as actuacións non decisorias de carácter formal, tales como a recepción de xuramento ou promesa ou a toma de posesión de xuíces e maxistrados ou outras de carácter análogo.

4. Nos demais casos, para a súa válida constitución, requirirase a presenza, polo menos, da maioría dos seus membros, que deberán ser citados persoalmente con 24 horas de anticipación como mínimo.»

Vintedous. Modifícase a redacción do artigo 163, nos seguintes termos:

«Artigo 163.

No Tribunal Supremo, e baixo a dependencia directa do seu presidente, funcionará un gabinete técnico de información e documentación. O Ministerio de Xustiza, oída a Sala de Goberno do Tribunal Supremo e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, determinará a súa composición e cadro de persoal.»

Vintetrés. Dáselle nova redacción ó artigo 164, nos seguintes termos:

«Artigo 164.

Os presidentes das audiencias provinciais presiden estas, adoptan as medidas precisas para o seu funcionamento e exercen as demais funcións que lles atribúe a lei, sen prexuízo, en todo caso, das facultades dos órganos de goberno do tribunal superior de xustiza.»

Vintecatros. Dáselle unha nova redacción ó artigo 165, o texto do cal pasa a se-lo seguinte:

«Artigo 165.

Os presidentes das salas de xustiza e os xuíces terán nos seus respectivos órganos xurisdiccionais a dirección e inspección de tódolos asuntos, adoptarán, no seu ámbito competencial, as resolucións que a boa marcha da Administración de xustiza aconselle, darán conta ós presidentes dos respectivos tribunais e audiencias das anomalías ou faltas que observen e exercerán as funcións disciplinarias que lles recoñezan as leis procesuais sobre os profesionais que se relacionen co tribunal.

Con respecto ó persoal adscrito ó servizo da sala ou xulgado correspondente, observarase o previsto no seu respectivo réxime disciplinario.»

Vintecinco. Modifícase a redacción do artigo 168 nos seguintes termos:

«Artigo 168.

1. Os decanos velarán pola boa utilización dos locais xudiciais e dos medios materiais; coidarán de que o servizo de garda se preste

continuadamente; adoptarán as medidas urxentes nos asuntos non repartidos cando, de non o faceren, se puidese quebrantar algún dereito ou producirse algún prexuízo grave e irreparable; oírán as queixas que lles fagan os interesados en causas ou preitos, adoptando as prevencións necesarias, e exercerán as restantes funcións que lles atribúa a lei.

2. En todo caso, corresponde ós xuíces decanos:

a) Resolver en única instancia os recursos gubernativos que caiba interpor contra as decisións dos secretarios xudiciais en materia de repartición.

b) Pór en coñecemento da sala de goberno toda posible anomalía no funcionamento de servizos comúns procesuais do seu territorio.

c) Resolver cantos recursos lles atribúan as leis procesuais.»

Vinteseis. Modifícase o artigo 169, a redacción do cal será a seguinte:

«Artigo 169.

O decano exercerá ante os poderes públicos a representación de todos e presidirá a xunta de xuíces para tratar asuntos de interese común relativos á actividade xurisdiccional dos titulares de todos ou dalgún dos órganos xudiciais. Esta xunta deberá ser convocada polo decano sempre que o solicitar a cuarta parte dos xuíces da poboación.»

Vinteseite. Engádese un número 4 ó artigo 172, coa seguinte redacción:

«4. Os presidentes das audiencias provinciais poderán exercer por delegación a inspección sobre os xulgados e tribunais no seu respectivo ámbito e aquelas outras funcións de carácter administrativo que se lles encomenden.»

Vinteoito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 178, nos termos seguintes:

«Artigo 178.

1. No Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza existirá unha secretaría de goberno, dependente do secretario de goberno respectivo, que estará auxiliado polo persoal ó servizo da Administración de xustiza que determine a correspondente relación de postos de traballo.

2. Nestes tribunais poderá existir, ademais, un vicesecretario de goberno.»

Vintenoventa. Modifícase o artigo 182, que quedará co seguinte teor:

«Artigo 182.

1. Son inhábiles para efectos procesuais os sábados e domingos, os días 24 e 31 de decembro, os días de festa nacional e os festivos para efectos laborais na respectiva comunidade autónoma ou localidade.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante regulamento, poderá habilitar estes días para efectos de actuacións xudiciais naqueles casos non previstos expresamente polas leis.

2. Son horas hábiles desde as oito da mañá ata as oito da tarde, salvo que a lei dispoña o contrario.»

Trinta. Modifícase a redacción do artigo 183, nos seguintes termos:

«Artigo 183.

Serán inhábiles os días do mes de agosto para tódalas actuacións xudiciais, excepto as que sexan declaradas urxentes polas leis procesuais. Non obstante, o Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante regulamento, poderá habilitalos para efectos doutras actuacións.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 189, que pasa a constar dun só parágrafo, coa seguinte redacción:

«Os xuíces e maxistrados, presidentes, secretarios xudiciais e demais persoal ó servizo da Administración de xustiza deberán exercer a súa actividade respectiva nos termos que esixan as necesidades do servizo, sen prexuízo de respecta-lo horario establecido.»

Trinta e dous. O artigo 190 queda redactado desta maneira:

«Artigo 190.

1. Corresponde ó presidente do tribunal ou ó xuíz mante-la orde na sala, para o cal acordará o que proceda.

2. Así mesmo, ampararán nos seus dereitos os presentes.

3. Estas mesmas obrigas recaerán sobre o secretario en todas aquelas actuacións que se celebren unicamente ante el nas dependencias da oficina xudicial.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 191, que pasa a te-lo seguinte teor:

«Artigo 191.

Para os efectos do disposto no artigo anterior, os que perturbaren a vista dalgún proceso, causa ou outro acto xudicial, dando sinais evidentes de aprobación ou desaprobación, faltando ó respecto e consideración debidas ós xuíces, tribunais, Ministerio Fiscal, avogados, procuradores, secretarios xudiciais, médicos forenses ou ó resto do persoal ó servizo da Administración de xustiza, serán amoestados no acto por quen presida e expulsados da sala ou das dependencias da oficina xudicial, se non obedeceren á primeira advertencia, sen prexuízo da responsabilidade penal en que incorran.»

Trinta e catro. O artigo 193 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 193.

1. Coa mesma multa serán sancionadas as testemuñas, peritos ou calquera outro que, como parte ou representándoa, faltaren nas vistas e actos xudiciais de palabra, obra ou por escrito á consideración, respecto e obediencia debidos a xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e ó resto do persoal ó servizo da Administración de xustiza, cando os seus actos non constitúan delito.

2. Non están comprendidos nesta disposición os avogados e procuradores das partes, respecto dos cales se observará o disposto no título V do libro VII.»

Trinta e cinco. Modifícase a redacción do artigo 194, nos seguintes termos:

«Artigo 194.

1. Farase constar na acta o feito que motiva a sanción, a explicación que, se é o caso, dea o sancionado e o acordo que se adopte por quen presida o acto.

2. Contra o acordo de imposición de sanción poderase interpor no prazo de tres días recurso de audiencia en xustiza ante o propio xuíz, presidente ou secretario xudicial, que o resolverá no seguinte día. Contra o acordo que resolva a audiencia en xustiza ou contra o de imposición da sanción, se non se utilizase aquel recurso, caberá recurso de alzada, no prazo de cinco días, ante a sala de goberno, que o resolverá, logo de informe do xuíz, presidente ou secretario xudicial que impuxo a sanción, na primeira reunión que se celebre.»

Trinta e seis. Modifícase o número 4 do artigo 200, a redacción do cal pasa a se-la seguinte:

«4. Os membros da carreira xudicial xubilados por idade que sexan nomeados para exercer a dita función terán a consideración e tratamento de maxistrados eméritos. Nesta situación poderán permanecer ata os 75 anos, tendo o tratamento retributivo dos maxistrados suplentes.»

Trinta e sete. Modifícase o número 2 do artigo 201, nos seguintes termos:

«2. Soamente poderá recaer nos que reúnan as condicións necesarias para o ingreso na carreira xudicial, excepto as derivadas da xubilación por idade. Non poderá ser proposto nin actuar como suplente quen alcanzase a idade de 70 anos e, para o Tribunal Supremo, quen non teña, como mínimo, 15 anos de experiencia xurídica.»

Trinta e oito. Modifícase o teor do artigo 212, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 212.

1. Os xuíces desempeñarán as funcións inherentes ó seu xulgado, tanto en calidade de titulares como de adxuntos, e ó cargo que substitúan. A dita substitución, cando se produza, será retribuída nos casos e coa contía que se determinen regulamentariamente.

2. Nos casos en que para supli-la falta de titular do xulgado, calquera que sexa a orde xurisdiccional a que pertenza, non sexa posible a aplicación do disposto nos artigos precedentes por existir un único xulgado na localidade, por incompatibilidade de sinalamentos, pola existencia de vacantes numerosas ou por outras circunstancias análogas, exercerá a xurisdicción con idéntica amplitude que se fose titular do órgano un xuíz substituto, que será nomeado na mesma forma que os maxistrados suplentes e sometido ó seu mesmo réxime xurídico. Estes nomeamentos terán carácter excepcional e a súa necesidade deberá ser debidamente acreditada ou motivada. En todo caso terán preferencia para as tarefas de substitución os xuíces adxuntos conforme o artigo 308.2 e os xuíces que estean a desenvolver prácticas tuteladas conforme o artigo 307.1.

3. Regulamentariamente o Goberno determinará a remuneración dos xuíces substitutos, dentro das previsións orzamentarias. No caso de

seren varios os substitutos nomeados para a localidade e a orde xurisdiccional correspondente, serán chamados pola orde de puntuación obtida no nomeamento.»

Trinta e nove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 214, no sentido seguinte:

«Artigo 214.

Cando non se puiden aplicar establecidos nos artigos anteriores, por non existiren xuíces substitutos nomeados como idóneos para a localidade e a orde xurisdiccional correspondente, ou resultar aconsellable para un mellor despacho dos asuntos, atendida a escasa carga de traballo dun xulgado doutra localidade do mesmo grao e orde do que deba ser substituído, a sala de goberno prorrogará, logo de audiencia, a xurisdicción do titular daquel, que desempeñará ámbolos cargos, con dereito á retribución correspondente dentro das previsións orzamentarias.»

Corenta. Dáselle nova redacción ó artigo 216 bis 1, nos seguintes termos:

«Cando o excepcional atraso ou a acumulación de asuntos en determinado xulgado ou tribunal non poidan ser corrixidos mediante o reforzamento do cadro de persoal da oficina xudicial ou a exención temporal de repartición prevista no artigo 167.1, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar excepcionais medidas de apoio xudicial consistentes na adscrición, en calidade de xuíces substitutos ou xuíces de apoio, dos xuíces en prácticas a que se refire o artigo 307.1, no outorgamento de comisións de servizo a xuíces e maxistrados ou na adscrición de xuíces substitutos ou maxistrados suplentes, para participaren cos titulares deses órganos na tramitación e resolución de asuntos que non estiveren pendentes.

Se a causa do atraso tivese carácter estrutural, o Consello Xeral do Poder Xudicial, xunto coa adopción das referidas medidas provisionais, formulará as oportunas propostas ó Ministerio de Xustiza ou ás comunidades autónomas con competencias na materia, co albo da adecuación do cadro de persoal do xulgado ou tribunal afectado ou da corrección da demarcación ou planta que proceda.»

Corenta e un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 217, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 217.

O xuíz ou maxistrado en quen concorran algunha das causas establecidas legalmente absterase do coñecemento do asunto sen esperar a ser recusado.»

Corenta e dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 218, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 218.

Unicamente poderán recusar:

1.º Nos asuntos civís, sociais e contencioso-administrativos, as partes; tamén poderá facelo o Ministerio Fiscal sempre que se trate dun proceso en que, pola natureza dos dereitos en conflito, poida ou deba intervir.

2.º Nos asuntos penais, o Ministerio Fiscal, o acusador popular, particular ou privado, o deman-

dante civil, o procesado ou inculcado, o querelado ou denunciado e o terceiro responsable civil.»

Corenta e tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 219, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 219.

Son causas de abstención e, se é o caso, de recusación:

1.ª O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco por consanguinidade ou afinidade dentro do cuarto grao coas partes ou o representante do Ministerio Fiscal.

2.ª O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco por consanguinidade ou afinidade dentro do segundo grao co letrado ou o procurador de calquera das partes que interveñan no preito ou causa.

3.ª Ser ou ter sido defensor xudicial ou integrante dos organismos tutelares de calquera das partes, ou ter estado baixo o coidado ou tutela dalgunha destas.

4.ª Estar ou ter sido denunciado ou acusado por algunha das partes como responsable dalgún delito ou falta, sempre que a denuncia ou acusación desen lugar á incoación de procedemento penal e este non terminase por sentenza absoluta ou auto de sobreesamento.

5.ª Ter sido sancionado disciplinariamente en virtude de expediente incoado por denuncia ou por iniciativa dalgunha das partes.

6.ª Ter sido defensor ou representante dalgunha das partes, ter emitido dictame sobre o preito ou causa como letrado, ou ter intervido nel como fiscal, perito ou testemuña.

7.ª Ser ou ter sido denunciante ou acusador de calquera das partes.

8.ª Ter preito pendente con algunha das partes.

9.ª Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con calquera das partes.

10.ª Ter interese directo ou indirecto no preito ou causa.

11.ª Ter participado na instrución da causa penal ou ter resolto o preito ou causa en anterior instancia.

12.ª Ser ou ter sido unha das partes subordinado do xuíz que deba resolver-la contenda litixiosa.

13.ª Ter ocupado cargo público, desempeñado emprego ou exercido profesión con ocasión dos cales participase directa ou indirectamente no asunto obxecto do preito ou causa ou noutro relacionado con el.

14.ª Nos procesos en que sexa parte a Administración pública, encontrarse o xuíz ou maxistrado coa autoridade ou funcionario que dictase o acto ou informase respecto del ou realizase o feito por razón dos cales se segue o proceso nalgunha das circunstancias mencionadas nas causas 1.ª a 9.ª, 12.ª, 13.ª e 15.ª deste artigo.

15.ª O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, ou o parentesco dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, co xuíz ou maxistrado que dictase resolución ou practicase actuación a valorar por vía de recurso ou en calquera fase ulterior do proceso.

16.ª Ter ocupado o xuíz ou maxistrado cargo público ou administrativo con ocasión do cal puidese ter coñecemento do obxecto do litixio e

formar criterio en detrimento da debida imparcialidade.»

Corenta e catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 221, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 221.

1. O maxistrado ou xuíz comunicará a abstención, respectivamente, á sección ou sala de que forme parte ou ó órgano xudicial a que corresponda a competencia funcional para coñecer dos recursos contra as sentencias que o xuíz dicte. A comunicación da abstención farase por escrito razoado tan axiña como sexa advertida a causa que a motive.

O órgano competente para resolver sobre a abstención resolverá no prazo de 10 días.

2. A abstención suspenderá o curso do proceso ata se resolver sobre ela ou transcorre-lo prazo previsto para a súa resolución.

3. Se a sección ou sala ou o órgano xudicial a que se refire o número 1 deste artigo non estimar xustificada a abstención, ordenará ó xuíz ou maxistrado que continúe o coñecemento do asunto, sen prexuízo do dereito das partes a faceren vale-la recusación. Recibida a orde, o xuíz ou maxistrado dictará a providencia que porá fin á suspensión do proceso.

4. Se o órgano competente segundo o número 1 estimar xustificada a abstención, o abstido dictará auto apartándose definitivamente do asunto e ordenando remiti-las actuacións a quen deba substituílo. Cando o que se absteña forme parte dun órgano colexiado, o auto dictarao a sala ou sección a que aquel pertenza. O auto que se pronuncie sobre a abstención non será susceptible de recurso ningún.

5. En todo caso, a suspensión do proceso terminará cando o substituto reciba as actuacións ou se integre na sala ou sección a que pertencía o abstido.»

Corenta e cinco. Dáselle unha nova redacción ó artigo 222, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 222.

A abstención e a substitución do xuíz ou maxistrado que se abstivo serán comunicadas ás partes, incluíndo o nome do substituto.»

Corenta e seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 223, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 223.

1. A recusación deberase propor tan axiña como se teña coñecemento da causa en que se funde, pois, noutro caso, non se admitirá a trámite. Concretamente, inadmitiranse as recusacións:

1.º Cando non se propoñan no prazo de 10 días desde a notificación da primeira resolución por que se coñeza a identidade do xuíz ou maxistrado que se vai recusar, se o coñecemento da concorrencia da causa de recusación fose anterior a aquel.

2.º Cando se propuxeren, pendente xa un proceso, se a causa de recusación se coñecese con anterioridade ó momento procesual en que a recusación se propoña.

2. A recusación proporase por escrito que deberá expresar concreta e claramente a causa legal e os

motivos en que se funde, acompañando un principio de proba sobre eles. Este escrito estará asinado polo avogado e polo procurador se interviñesen no preito, e polo recusante, ou por alguén ó seu rogo, se non soubese asinar. En todo caso, o procurador deberá xuntar poder especial para a recusación de que se trate. Se non interviñeren procurador e avogado, o recusante deberá ratificar a recusación ante o secretario do tribunal de que se trate.

3. Formulada a recusación, daráselles traslado ás demais partes do proceso para que, no prazo común de tres días, manifesten se se adhíren ou se opoñen á causa de recusación proposta ou se, naquel momento, coñecen algunha outra causa de recusación. A parte que non propoña recusación nese prazo non o poderá facer con posterioridade, salvo que acredite cumpridamente que, naquel momento, non coñecía a nova causa de recusación.

O día hábil seguinte á finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, o recusado deberase pronunciar sobre se admite ou non a causa ou causas de recusación formuladas.»

Corenta e sete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 224, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 224.

1. Instruirán os incidentes de recusación:

1.º Cando o recusado sexa o presidente ou un maxistrado do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional ou dun tribunal superior de xustiza, un maxistrado da sala a que pertenza o recusado designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

2.º Cando o recusado sexa un presidente de audiencia provincial, un maxistrado da sala do civil e penal do tribunal superior de xustiza correspondente designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

3.º Cando o recusado sexa un maxistrado dunha audiencia, un maxistrado desa mesma audiencia designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non pertenza á mesma sección que o recusado.

4.º Cando se recusar tódolos maxistrados dunha sala de xustiza, un maxistrado dos que integren o tribunal correspondente designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non estiver afectado pola recusación.

5.º Cando o recusado sexa un xuíz ou maxistrado titular de órgano unipersonal, un maxistrado do órgano colexiado que coñeza dos seus recursos, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

6.º Cando o recusado for un xuíz de paz, o xuíz de primeira instancia do partido correspondente ou, se houber varios xulgados de primeira instancia, o designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

A antigüidade rexerese pola orde de escala na carreira xudicial.

2. Nos casos en que non for posible cumprilo establecido no número anterior, a sala de goberno do tribunal correspondente designará o instructor, procurando que sexa de maior categoría ou, polo menos, de maior antigüidade que o recusado ou recusados.»

Corenta e oito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 225, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 225.

1. Dentro do mesmo día en que finalice o prazo a que se refire o número 3 do artigo 223, ou no seguinte día hábil, pasará o preito ou causa ó coñecemento do substituto, debéndose remitir ó tribunal a que corresponda instruí-lo incidente o escrito e os documentos da recusación.

Tamén se deberá xuntar un informe do recusado relativo a se admite ou non a causa de recusación.

2. Non se admitirán a trámite as recusacións en que non se expresaren os motivos en que se funden, ou as que non xunten os documentos a que se refire o número 2 do artigo 223.

3. Se o recusado aceptar como certa a causa de recusación, resolverase o incidente sen máis trámites.

En caso contrario, o instructor, se admitir a trámite a recusación proposta, ordenará a práctica, no prazo de 10 días, da proba solicitada que sexa pertinente e a que considere necesaria e, acto continuo, remitirá o actuado ó tribunal competente para decidi-lo incidente.

Recibidas as actuacións polo tribunal competente para decidi-la recusación, daráselle traslado delas ó Ministerio Fiscal para informe polo prazo de tres días. Transcorrido ese prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, decidirase o incidente dentro dos cinco días seguintes. Contra esta resolución non caberá recurso ningún.

4. A recusación suspenderá o curso do preito ata se decidi-lo incidente de recusación salvo na orde xurisdiccional penal, na cal o xuíz de instrución que legalmente substitúa o recusado continuará coa tramitación da causa.»

Corenta e nove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 226, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 226.

1. Nos procesos que se substancien polas vías do xuízo verbal calquera que sexa a orde xurisdiccional, e nos de faltas, se o xuíz recusado non aceptar no acto como certa a causa de recusación, pasarán as actuacións a aquel a quen corresponda instruí-lo incidente, ficando entrementes en suspenso o asunto principal. O instructor acordará que comparezan as partes á súa presenza no día e na hora que fixe, dentro dos cinco seguintes, e, oídas as partes e practicada a proba declarada pertinente, resolverá mediante providencia no mesmo acto sobre se procede ou non a recusación.

2. Para a recusación de xuíces ou maxistrados posterior ó sinalamento de vistas, observarase o disposto nos artigos 190 a 192 da Lei de axuizamento civil.»

Cincuenta. Dáselle unha nova redacción ó artigo 227, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 227.

Decidirán os incidentes de recusación:

1.º A sala prevista no artigo 61 desta lei cando o recusado sexa o presidente do Tribunal Supremo, presidente da sala ou dous ou máis maxistrados dunha mesma sala.

2.º A sala do Tribunal Supremo de que se trate, cando se recuse un dos maxistrados que a integran. Para estes efectos, o recusado non formará parte da sala.

3.º A sala prevista no artigo 69 cando o recusado sexa o presidente da Audiencia Nacional, presidentes de sala ou máis de dous maxistrados dunha sala.

4.º A sala da Audiencia Nacional de que se trate, cando se recusen os maxistrados que a integran, de conformidade co previsto no artigo 68 desta lei.

5.º A sala a que se refire o artigo 77 desta lei, cando se recusase o presidente do Tribunal Superior de Xustiza, o presidente de calquera das súas salas, o presidente da audiencia provincial con sede na comunidade autónoma correspondente ou dous ou máis maxistrados dunha mesma sala dos tribunais superiores de xustiza ou dous ou máis maxistrados dunha mesma sección dunha audiencia provincial. O recusado non poderá formar parte da sala, producíndose, se é o caso, a súa substitución conforme o previsto nesta lei.

6.º A sala dos tribunais superiores de xustiza de que se trate, cando se recusase un dos maxistrados que a integran. Para estes efectos, o recusado non formará parte da sala.

7.º Cando o recusado sexa maxistrado dunha audiencia provincial, a audiencia provincial, sen que forme parte dela o recusado; se esta se compuxer de dúas ou máis seccións, a sección en que non se encontre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica aquela de que o recusado forme parte.

8.º Cando o recusado sexa un xuíz de primeira instancia, de primeira instancia e instrución, do mercantil, de instrución, do penal, de menores, de vixilancia penitenciaria, do contencioso-administrativo ou do social, a sección da audiencia provincial ou sala do tribunal superior de xustiza ou da Audiencia Nacional respectiva que coñeza dos recursos contra as súas resolucións, e, se foren varias, establecerase unha quenda comezando pola sección ou sala de número máis baixo.

9.º Cando o recusado sexa un xuíz de paz, resolverá o mesmo xuíz instructor do incidente de recusación.»

Cincuenta e un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 228, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 228.

1. O auto que desestime a recusación acordará devolver ó recusado o coñecemento do preito ou causa no estado en que se achar e condenará nas custas o recusante, salvo que concorreren circunstancias excepcionais que xustifiquen outro pronunciamento. Cando a resolución que decida o incidente declare expresamente a existencia de mala fe no recusante, poderáselle impor a este unha multa de 180 a 6.000 euros.

2. O auto que estime a recusación apartará definitivamente o recusado do coñecemento do preito ou causa. Continuará coñecendo del, ata a súa terminación, aquel a quen corresponda substituílo.

3. Contra a decisión do incidente de recusación non se dará recurso ningún, sen prexuízo de facer valer, ó recorrer contra a resolución que decida o preito ou causa, a posible nulidade desta

por concorrer no xuíz ou maxistrado que dictou a resolución impugnada, ou que integrou a sala ou sección correspondente, a causa de recusación alegada.»

Cincuenta e dous. Dáselle nova redacción ó número 2 do artigo 229, que terá o seguinte contido:

«2. As declaracións, interrogatorios, testemuños, careos, exploracións, informes, ratificación dos periciais e vistas levaranse a efecto ante xuíz ou tribunal con presenza ou intervención, se for o caso, das partes e en audiencia pública, salvo o disposto na lei.»

Cincuenta e tres. Dáselle nova redacción ó artigo 234, que terá o seguinte contido:

«Artigo 234.

1. Os secretarios e funcionarios competentes da oficina xudicial facilitarán ós interesados canta información soliciten sobre o estado das actuacións xudiciais, que poderán examinar e coñecer, salvo que sexan ou fosen declaradas secretas conforme a lei. Tamén expedirán os testemuños nos termos previstos nesta lei.

2. Así mesmo, as partes e calquera persoa que acredite un interese lexítimo terán dereito a obter copias simples de escritos e documentos que consten nos autos, non declarados secretos nin reservados.»

Cincuenta e catro. Modifícase a redacción do artigo 237 nos termos seguintes:

«Artigo 237.

Salvo que a lei dispoña outra cousa, daráselle de oficio ó proceso o curso que corresponda, dictándose para o efecto as resolucións necesarias.»

Cincuenta e cinco. Dáselle unha nova redacción ó artigo 238, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 238.

Os actos procesuais serán nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

1.º Cando se produzan por ou ante tribunal con falta de xurisdicción ou de competencia obxectiva ou funcional.

2.º Cando se realicen baixo violencia ou intimidación.

3.º Cando se prescinda de normas esenciais do procedemento, sempre que, por esa causa, se puidese ter producido indefensión.

4.º Cando se realicen sen intervención de avogado, nos casos en que a lei a estableza como preceptiva.

5.º Cando se celebren vistas sen a preceptiva intervención do secretario xudicial.

6.º Nos demais casos en que as leis procesuais así o establezan.»

Cincuenta e seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 239, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 239.

1. Os tribunais a actuación dos cales se producese con intimidación ou violencia, tan logo como se vexan libres dela declararán nulo todo o practicado e promoverán a formación de causa contra os culpables, pondo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal.

2. Tamén se declararán nulos os actos das partes ou de persoas que interveñan no proceso se se acredita que se produciron baixo intimidación ou violencia.

A nulidade destes actos significará a de tódolos demais relacionados con el ou que puideren terse visto condicionados ou influídos substancialmente polo acto nulo.»

Cincuenta e sete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 240, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 240.

1. A nulidade de pleno dereito, en todo caso, e os defectos de forma nos actos procesuais que impliquen ausencia dos requisitos indispensables para alcanza-lo seu fin ou determinen efectiva indefensión, faranse valer por medio dos recursos legalmente establecidos contra a resolución de que se trate, ou polos demais medios que establezan as leis procesuais.

2. Sen prexuízo disto, o xulgado ou tribunal poderá, de oficio ou por instancia de parte, antes de que se dicte resolución que poña fin ó proceso, e sempre que non proceda a emenda, declarar, logo de audiencia das partes, a nulidade de tódalas actuacións ou dalgunha en particular.

En ningún caso poderá o xulgado ou tribunal, con ocasión dun recurso, decretar de oficio unha nulidade das actuacións que non fose solicitada no dito recurso, salvo que aprecie falta de xurisdicción ou de competencia obxectiva ou funcional ou se producese violencia ou intimidación que afecte ese tribunal.»

Cincuenta e oito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 241, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 241.

1. Non se admitirán con carácter xeral incidentes de nulidade de actuacións. Sen embargo, excepcionalmente, os que sexan parte lexítima ou o debesen ser, poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións fundada en defectos de forma que causasen indefensión ou na incongruencia da resolución, sempre que os primeiros non se puidesen denunciar antes de se dictar resolución que poña fin ó proceso e que, nun ou outro caso, esta non sexa susceptible de recurso ordinario nin extraordinario.

Será competente para coñecer deste incidente o mesmo xulgado ou tribunal que dictou a resolución que adquirise firmeza. O prazo para pedir a nulidade será de 20 días, desde a notificación da resolución ou, en todo caso, desde que se tivo coñecemento do defecto causante de indefensión, sen que, neste último caso, se poida solicita-la nulidade de actuacións despois de transcorridos cinco anos desde a notificación da resolución.

O xulgado ou tribunal inadmitirá a trámite, mediante providencia sucintamente motivada, calquera incidente en que se pretenda suscitar outras cuestións. Contra a resolución pola que se inadmita a trámite o incidente non caberá recurso ningún.

2. Admitido a trámite o escrito en que se pida a nulidade fundada nos vicios a que se refire o número anterior deste artigo, non quedará en suspenso a execución e eficacia da sentenza ou resolución inimpugnables, salvo que se acorde

de forma expresa a suspensión para evitar que o incidente puidese perde-la súa finalidade, e darase traslado dese escrito, xunto con copia dos documentos que se xuntasen, se fose o caso, para acreditar-lo vicio ou defecto en que a petición se funde, ás demais partes, que no prazo común de cinco días poderán formular por escrito as súas alegacións, ás cales xuntarán os documentos que se consideren pertinentes.

Se se estimase a nulidade, repóranse as actuacións ó estado inmediatamente anterior ó defecto que a orixinase e seguírase o procedemento legalmente establecido. Se se desestimase a solicitude de nulidade, condenarase, por medio de auto, o solicitante en tódalas custas do incidente e, caso de que o xulgado ou tribunal entenda que se promoveu con temeridade, imporalle, ademais, unha multa de 90 a 600 euros.

Contra a resolución que resolva o incidente non caberá recurso ningún.»

Cincuenta e nove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 242, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 242.

As actuacións xudiciais realizadas fóra do tempo establecido só se poderán anular se o impuxer a natureza do termo ou prazo.»

Sesenta. Dáselle unha nova redacción ó artigo 243, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 243.

1. A nulidade dun acto non implicará a dos sucesivos que foren independentes daquel nin a daqueles o contido dos cales permanece invariado aínda sen terse cometido a infracción que deu lugar á nulidade.

2. A nulidade parcial dun acto non implicará a das súas partes independentes da declarada nula.

3. O xulgado ou tribunal coidará de que poidan ser emendados os defectos en que incorran os actos procesuais das partes, sempre que neses actos se manifestase a vontade de cumprilos requisitos esixidos pola lei.

4. Os actos das partes que carezan dos requisitos esixidos pola lei serán emendables nos casos, condicións e prazos previstos nas leis procesuais.»

Sesenta e un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 266, co seguinte teor:

«Artigo 266.

1. As sentencias, unha vez emitidas e asinadas polo xuíz ou por tódolos maxistrados que as dictasen, serán depositadas na oficina xudicial e permitiráselle a calquera interesado o acceso ó seu texto.

O acceso ó texto das sentencias ou a determinados puntos delas poderá quedar restrinxido cando isto puidese afecta-lo dereito á intimidade, os dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutela ou a garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados, cando proceda, así como, con carácter xeral, para evitar que as sentencias poidan ser usadas con fins contrarios ás leis.

2. Os secretarios porán nos autos certificación literal da sentenza.»

Sesenta e dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 267, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 267.

1. Os tribunais non poderán variar as resolucións que pronuncien despois de asinadas, mais si aclarar algún concepto escuro e rectificar calquera erro material que padezan.

2. As aclaracións a que se refire o número anterior poderanse facer de oficio dentro dos dous días hábiles seguintes ó da publicación da resolución, ou por pedimento de parte ou do Ministerio Fiscal formulado dentro do mesmo prazo, sendo neste caso resolta polo tribunal dentro dos tres días seguintes ó da presentación do escrito en que se solicite a aclaración.

3. Os erros materiais manifestos e os aritméticos en que incorran as resolucións xudiciais poderán ser rectificadas en calquera momento.

4. As omisións ou defectos que puideren padecer sentencias e autos e que for necesario remediar para levalas plenamente a efecto poderán ser emendadas, mediante auto, nos mesmos prazos e polo mesmo procedemento establecido no número anterior.

5. Se se tratase de sentencias ou autos que omitisen manifestamente pronunciamentos relativos a pretensións oportunamente deducidas e substanciadas no proceso, o tribunal, por solicitude escrita de parte no prazo de cinco días contados desde a notificación da resolución, logo de traslado da dita solicitude ás demais partes, para alegacións escritas por outros cinco días, dictará auto polo cal resolverá completa-la resolución co pronunciamento omitido ou non haber lugar a completala.

6. Se o tribunal advertise, nas sentencias ou autos que dictase, as omisións a que se refire o número anterior, poderá, no prazo de cinco días contados desde a data en que se dicten, proceder de oficio, mediante auto, a completa-la súa resolución, mais sen modificar nin rectifica-lo que acordase.

7. Non caberá recurso ningún contra os autos en que se resolva acerca da aclaración, rectificación, emenda ou complemento a que se refiren os anteriores números deste artigo, sen prexuízo dos recursos que procedan, se for o caso, contra a sentenza ou auto a que se refira a solicitude ou actuación de oficio do tribunal.

8. Os prazos para os recursos que procedan contra a resolución de que se trate interromperanse desde que se solicite a súa aclaración, rectificación, emenda ou complemento e, en todo caso, comezaranse a computar desde o día seguinte á notificación do auto que recoñese ou negase a omisión de pronunciamento e acordase ou denebase remediala.»

Sesenta e tres. Dáselle nova redacción ó artigo 270, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 270.

As resolucións dictadas por xuíces e tribunais, así como as que o sexan por secretarios xudiciais no exercicio das funcións que lles son propias, notificaráselles a tódolos que sexan parte no preito, causa ou expediente, e tamén a aqueles a que se refiran ou a que poidan producir prexuízos,

cando así se dispoña expresamente naquelas resolucións, de conformidade coa lei.»

Sesenta e catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 272, que pasa a constar dun único parágrafo, co seguinte contido:

«Artigo 272.

Poderase establecer un local de notificacións común ós varios xulgados e tribunais dunha mesma poboación, aínda que sexan de distinta orde xurisdiccional. Neste suposto, o colexio de procuradores organizará un servizo para recibir as notificacións que non se tivesen podido facer naquel local común por incomparecencia do procurador que deba ser notificado. A recepción da notificación por este servizo producirá plenos efectos.»

Sesenta e cinco. O artigo 298 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 298.

1. As funcións xurisdiccionais nos xulgados e tribunais de toda orde regulados nesta lei serán exercidos unicamente por xuíces e maxistrados profesionais, que forman a carreira xudicial.

2. Tamén exercen funcións xurisdiccionais sen pertenceren á carreira xudicial, con suxeición ó réxime establecido nesta lei, sen carácter de profesionalidade e con inamovibilidade temporal, os maxistrados suplentes, os que serven prazas de xuíces como substitutos, os xuíces de paz e os seus substitutos.»

Sesenta e seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 301, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 301.

1. O ingreso na carreira xudicial estará baseado nos principios de mérito e capacidade para o exercicio da función xurisdiccional.

2. O proceso de selección para o ingreso na carreira xudicial garantirá, con obxectividade e transparencia, a igualdade no acceso a ela de tódolos cidadáns que reúnan as condicións e aptitudes necesarias, ben como a idoneidade e suficiencia profesional das persoas seleccionadas para o exercicio da función xurisdiccional.

3. O ingreso na carreira xudicial pola categoría de xuíz producirase mediante a superación de oposición libre e dun curso teórico e práctico de selección realizado na Escola Xudicial.

4. A convocatoria para o ingreso na carreira xudicial, que se realizará conxuntamente coa de ingreso na carreira fiscal, comprenderá tódalas prazas vacantes existentes nese momento e un número adicional que permita cubri-las que previsiblemente se poidan producir ata a seguinte convocatoria.

Os candidatos aprobados, de acordo coas prazas convocadas, optarán, segundo a orde da puntuación obtida, por unha ou outra carreira no prazo que fixe a comisión de selección.

5. Tamén ingresarán na carreira xudicial pola categoría de maxistrado do Tribunal Supremo, ou de maxistrado, xuristas de recoñecida competencia nos casos, forma e proporción respectivamente establecidos na lei. Os que pretendan o ingreso na carreira xudicial na categoría de maxistrado precisarán tamén superar un curso de formación na Escola Xudicial.

6. En tódolos casos se esixirá non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que establece esta lei e non te-la idade de xubilación na carreira xudicial nin alcanzala durante o tempo máximo previsto legal e regulamentariamente para a duración do proceso selectivo, ata a toma de posesión incluído, se é o caso, o curso de selección na Escola Xudicial.

7. O Ministerio de Xustiza, en colaboración, se é o caso, coas comunidades autónomas competentes, poderá solicitar do Consello Xeral do Poder Xudicial a convocatoria das oposicións, concursos e probas selectivas de promoción e de especialización necesarios para a cobertura das vacantes existentes no cadro de persoal da carreira xudicial.

Iguais facultades que o Ministerio de Xustiza terán atribuídas as comunidades autónomas con competencias na materia.

8. Tamén se reservará na convocatoria unha cota non inferior ó cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade en grao igual ou superior ó 33 por cento, sempre que superen as probas selectivas e que acrediten o grao de discapacidade e a compatibilidade para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes na forma que se determine regulamentariamente. O ingreso das persoas con discapacidade nas carreiras xudicial e fiscal inspirase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, procedéndose, se é o caso, á adaptación dos procesos selectivos ás necesidades especiais e singularidades destas persoas.»

Sesenta e sete. O artigo 302 queda redactado así:

«Artigo 302.

Para concorrer á oposición libre de acceso á Escola Xudicial requírese ser español, maior de idade e licenciado en dereito, así como non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade que establece a lei.»

Sesenta e oito. O artigo 304 pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 304.

1. O tribunal que avaliará as probas de ingreso nas carreiras xudicial e fiscal polas categorías de xuíz e de avogado fiscal respectivamente, estará presidido por un maxistrado do Tribunal Supremo ou dun tribunal superior de xustiza ou un fiscal de sala ou fiscal do Tribunal Supremo ou dunha fiscalía de tribunal superior de xustiza, e serán vocais dous maxistrados, dous fiscais, un catedrático de universidade da disciplina xurídica en que consistan as probas de acceso, un avogado do Estado, un avogado con máis de 10 anos de exercicio profesional e un secretario xudicial da categoría primeira, que actuará como secretario.

2. O nomeamento dos membros do tribunal a que se refire o número anterior será realizado pola comisión de selección da seguinte maneira: o presidente, por proposta conxunta do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial e do fiscal xeral do Estado; os dous maxistrados, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial; os dous fiscais, por proposta do fiscal xeral do Estado; o catedrático, por proposta do Consello de Coordinación



Universitaria; o avogado do Estado e o secretario xudicial, por proposta do Ministerio de Xustiza; e o avogado, por proposta do Consello Xeral da Avogacía.

O Consello de Coordinación Universitaria e o Consello Xeral da Avogacía elaborarán ternas, que remitirán á comisión de selección para a designación, salvo que existan causas que xustifiquen propor soamente unha ou dúas persoas.»

Sesenta e nove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 306, nos seguintes termos:

«Artigo 306.

1. A oposición para o ingreso nas carreiras xudicial e fiscal pola categoría de xuíz e de avogado fiscal convocarase polo menos cada dous anos, realizando a convocatoria a comisión de selección prevista no número 1 do artigo 305, logo de proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza, atendendo ó número máximo de prazas que corresponda ofrecer de acordo co disposto no número 4 do artigo 301 e en atención ás disponibilidades orzamentarias.

2. En ningún caso poderá o tribunal seleccionar nas probas previstas no artigo 301 un número de candidatos superior ó das prazas que fosen convocadas segundo o disposto neste artigo.

3. Os que superasen a oposición como aspirantes ó ingreso na carreira xudicial terán a consideración de funcionarios en prácticas.»

Setenta. Dáselle nova redacción ó artigo 307, nos seguintes termos:

«Artigo 307.

1. A Escola Xudicial, configurada como centro de selección e formación de xuíces e maxistrados dependente do Consello Xeral do Poder Xudicial, terá como obxecto proporcionar unha preparación integral, especializada e de alta calidade ós membros da carreira xudicial, así como ós aspirantes a ingresar nela.

O curso de selección incluírá un programa de formación multidisciplinar e un período de prácticas tuteladas en diferentes órganos de tódalas ordes xurisdiccionais. Durante o período de prácticas os xuíces en prácticas tuteladas exercerán funcións de auxilio e colaboración cos seus titulares. Excepcionalmente, poderán actuar en funcións de substitución ou de reforzo, conforme o establecido nesta lei.

A Escola Xudicial levará a cabo a coordinación e impartición do ensino, así como da formación continua, nos termos establecidos no artigo 433 bis.

2. A duración do período de prácticas, as súas circunstancias e o destino e as funcións dos xuíces en prácticas serán regulados polo Consello Xeral do Poder Xudicial á vista do programa elaborado pola Escola Xudicial. En ningún caso a duración do curso teórico de formación será inferior a nove meses nin a do práctico inferior a seis meses.

En todo caso as funcións dos xuíces en prácticas que non actúen en réxime de substitución ou de reforzo conforme o previsto nesta lei non poderán exceder a redacción de borradores ou proxectos de resolución que o xuíz ou relator poderá, se é o caso, asumir coas modificacións que considere pertinentes.

3. Os que superen o curso teórico e práctico serán nomeados xuíces pola orde da proposta feita pola Escola Xudicial.

4. O nomeamento será emitido polo Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante orde, e coa toma de posesión quedarán investidos da condición de xuíz.»

Setenta e un. Dáselle nova redacción ó artigo 308, nos seguintes termos:

«Artigo 308.

1. A Escola Xudicial elaborará unha relación cos aspirantes que aproben o curso teórico e práctico, segundo a súa orde de cualificación, que se elevará ó Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 301.4, aqueles aspirantes aprobados que non puidesen ser nomeados xuíces titulares de órganos xudiciais ingresarán na carreira xudicial en calidade de xuíces adxuntos, tomando posesión ante o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, ó cal quedarán adscritos para os efectos previstos nos artigos 212.2, 216, 216 bis 1, 216 bis 2, 216 bis 3 e 216 bis 4.

Os xuíces adxuntos terán preferencia sobre os xuíces substitutos en calquera chamamento para o exercicio das funcións a que se refiren os artigos indicados no parágrafo anterior e cesarán no seu cometido no momento en que sexan nomeados xuíces titulares e destinados ás vacantes que se vaian producindo, segundo a orde numérica que ocupen na lista de aspirantes aprobados.»

Setenta e dous. Modifícase o artigo 311, que queda redactado así:

«Artigo 311.

1. De cada catro vacantes que se produzan na categoría de maxistrados, dúas proveranse mediante ascenso cos xuíces que ocupasen o primeiro lugar na escala dentro desta categoría.

Calquera xuíz poderá renunciar ó ascenso á categoría de maxistrado notificándoo expresamente ó Consello Xeral do Poder Xudicial na forma e no prazo que este determine. A renuncia obrigará a permanecer na categoría de xuíz durante dous anos e poderase efectuar un máximo de tres veces. Transcorridos os prazos sinalados, o xuíz ascenderá na quenda que lle corresponda. O xuíz que exerza a renuncia manterá o seu posto na escala de xuíces ata que ascenda e non poderá participar nos concursos ordinarios de traslado en canto permaneza nesta situación.

A terceira vacante proverase, entre xuíces, por medio de probas selectivas nas ordes xurisdiccionais civil e penal, e de especialización nas ordes contencioso-administrativa e social.

A cuarta vacante proverase por concurso, entre xuristas de recoñecida competencia e con máis de 10 anos de exercicio profesional, que superen o curso de formación a que se refire o número 5 do artigo 301. Pola súa vez, unha terceira parte destas vacantes reservarase a membros do corpo de secretarios xudiciais de primeira ou segunda categoría.

Por este procedemento soamente se poderá convocar un número de prazas que non supere o total das efectivamente vacantes máis as previsibles que se vaian producir durante o tempo en que se prolongue a resolución do concurso.

2. Para o ascenso por escala será necesario que tivesen prestado tres anos de servizos efectivos como xuíces. Para presentarse ás probas selectivas ou de especialización bastará, sen embargo, con dous anos de servizos efectivos, calquera que for a situación administrativa do candidato. Poderanse presentar tamén ás probas de especialización nas ordes contencioso-administrativa e social os membros da carreira xudicial con categoría de maxistrado e, como forma de acceso á carreira xudicial, os da carreira fiscal; en ámbolos casos, será necesario ter prestado polo menos dous anos de servizos efectivos nas súas respectivas carreiras. Igual esixencia se requirirá ós que se presenten ás probas selectivas a que se refire o número 4 do artigo 329.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá realizar por especialidades todas ou algunhas das convocatorias de concurso para o acceso á carreira xudicial pola categoría de maxistrado de xuristas de recoñecida competencia, limitando aquelas á valoración de méritos relativos á materia correspondente e reservando para o efecto prazas de características adecuadas dentro da proporción xeral establecida no número 1.

4. Os que accedan á categoría de maxistrado sen pertencer con anterioridade á carreira xudicial incorporaranse á escala inmediatamente a seguir do último maxistrado que accedese á categoría. Non poderán obter a situación de excedencia voluntaria, salvo nos casos previstos no artigo 356 d) e e), ata teren completado o tempo de servizos efectivos na carreira xudicial que establece a alínea c) do citado artigo.

5. Ós que superen as probas de especialización nas ordes contencioso-administrativa e social pertencendo con anterioridade á carreira fiscal, computaráselles na carreira xudicial o tempo de servizos prestados naquela cando participen en concursos que teñan por obxecto a provisión de prazas e cargos de nomeamento discrecional.

6. Os que, de acordo coas previsións do número 4 deste artigo, no sucesivo ingresen na carreira xudicial en concurso limitado conforme o número 3, non poderán ocupar prazas correspondentes a unha orde xurisdiccional ou unha especialidade distinta, salvo que superen as probas de especialización previstas nesta lei en materia contencioso-administrativa, social ou mercantil.

7. As vacantes que non resultaren cubertas por este procedemento acrecentaranse á quenda de probas selectivas e de especialización, se estiveren convocadas, ou, noutro caso, á de antigüidade.

8. Nas ordes contencioso-administrativa e social, o número de prazas de maxistrado especialista que se convoquen non poderá ser superior ó do número de vacantes na data da convocatoria.»

Setenta e tres. Modifícase o número 1 do artigo 312, nos seguintes termos:

«Artigo 312.

1. As probas selectivas para a promoción da categoría de xuíz á de maxistrado nas ordes xurisdiccionais civil e penal celebraranse na Escola Xudicial, e tenderán a apreciar o grao de capacidade e a formación xurídica dos candidatos, así como os seus coñecementos nas distintas ramas do dereito. Poderán consistir na realización de estudos,

superación de cursos, elaboración de dictames ou resolucións e a súa defensa ante o tribunal, exposición de temas e respostas ás observacións que o tribunal formule ou noutros exercicios similares.»

Setenta e catro. Modifícase o artigo 313, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 313.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial, ó convocalos concursos de méritos a que se refire o artigo 311, aprobará as bases a que deba suxeitarse a celebración destes, nas cales graduará a puntuación máxima consonte o baremo que se establece no seguinte número.

2. O baremo establecerá a valoración dos seguintes méritos:

a) Título de licenciado en dereito con cualificación superior a aprobado, incluído o expediente académico.

b) Título de doutor en dereito e cualificación alcanzada na súa obtención, incluído o expediente académico.

c) Anos de exercicio efectivo da avogacía ante os xulgados e tribunais, dictames emitidos e asesoramentos prestados.

d) Anos de servizo efectivo como catedráticos ou como profesores titulares de disciplinas xurídicas en universidades públicas ou en categorías similares en universidades privadas, con dedicación a tempo completo.

e) Anos de servizo como funcionario de carreira en calquera outro corpo das administracións públicas para o ingreso no cal se esixa expresamente estar en posesión do título de doutor ou licenciado en dereito e impliquen intervención ante os tribunais de xustiza, na carreira fiscal ou no corpo de secretarios xudiciais, destinos servidos e funcións desempeñadas neles.

f) Anos de exercicio efectivo de funcións xudiciais sen pertencer á carreira xudicial e número de resolucións dictadas, valorándose ademais a súa calidade.

g) Publicacións científico-xurídicas.

h) Relatorios e comunicacións en congresos e cursos de relevante interese xurídico.

i) Realización de cursos de especialización xurídica de duración non inferior a trescentas horas, así como a obtención da suficiencia investigadora acreditada pola Axencia Nacional da Calidade e Acreditación.

j) Ter aprobado algún dos exercicios que integren as probas de acceso pola quenda libre á carreira xudicial.

3. Tamén se incluírá nas bases a realización de probas prácticas relativas á elaboración dun dictame que permita ó tribunal valorala aptitude do candidato.

4. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no momento de se convocar o concurso, determinará a puntuación máxima dos méritos comprendidos en cada unha das letras do número 2 anterior, de modo que non supere a máxima que se atribúa á suma doutros dous. A puntuación dos méritos comprendidos nas alíneas c), d), e) e f) dese número non poderá ser inferior á máxima que se atribúa a calquera outro mérito das restantes alíneas do mesmo número.

5. Só poderán ser apreciados polo tribunal cualificador os méritos que, estando comprendidos no baremo, garden relación coas materias propias da orde xurisdiccional a que se refire a convocatoria do concurso, sempre que fosen debidamente acreditados polo interesado.

6. Nas bases estableceranse as previsións necesarias para o tribunal cualificador poder ter coñecemento de cantas incidencias puidesen ter afectado os concursantes durante a súa vida profesional e que puidesen ter importancia para valora-la súa aptitude no desempeño da función xudicial.

7. Para valora-los méritos a que se refire o número 2 deste artigo que fosen aducidos polos solicitantes, as bases das convocatorias establecerán a facultade do tribunal de convoca-los candidatos ou aqueles que alcancen inicialmente unha determinada puntuación a unha entrevista, dunha duración máxima dunha hora, en que se debaterán os méritos aducidos polo candidato e o seu "currículum" profesional. A entrevista terá como exclusivo obxecto acredita-la realidade da formación xurídica e a capacidade para ingresar na carreira xudicial, aducida a través dos méritos alegados, e non se poderá converter nun exame xeral de coñecementos xurídicos.

8. Nas bases fixarase a forma de valoración dos méritos profesionais que se poñan de manifesto con ocasión da entrevista.

A valoración terá como límite o aumento ou diminución da puntuación inicial daqueles na proporción máxima que se fixe, sen prexuízo do disposto no número 10 deste artigo.

9. O tribunal redactará acta suficientemente expresiva do contido e do resultado da entrevista en que se expresarán os criterios aplicados para a cualificación definitiva do candidato.

10. Nas bases establecerase o procedemento a que se axustará o tribunal para excluír un candidato por non concorrer nel a calidade de xurista de recoñecida competencia, xa por insuficiencia ou falta de aptitude deducible dos datos obxectivos do expediente, xa por existiren circunstancias que supoñan un demérito incompatible con aquela condición, mesmo que tivese superado, segundo o teor do baremo fixado, a puntuación mínima esixida. Neste caso, o acordo do tribunal motivarase por separado da proposta, á cal se xuntará, e seralle notificado ó interesado polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

11. O Consello poderá de forma motivada rexeitar un candidato, logo de audiencia, a pesar da proposta favorable do tribunal cualificador, sempre que, con posterioridade a ela, se tivese coñecemento dalgunha circunstancia que supoña un demérito insuperable.»

Setenta e cinco. O artigo 326 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 326.

1. O ascenso e promoción profesional dos xuíces e maxistrados dentro da carreira xudicial estará baseado nos principios de mérito e capacidade, ben como na idoneidade e especialización para o exercicio das funcións xurisdiccionais correspondentes ós diferentes destinos.

2. A provisión de destinos da carreira xudicial farase por concurso, na forma que determina esta

lei, salvo os de presidentes das audiencias, tribunais superiores de xustiza e Audiencia Nacional e presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Supremo.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante acordo motivado, poderá non sacar temporalmente a concurso determinadas vacantes, sempre que estiveren adecuadamente atendidas mediante maxistrados suplentes ou xuíces substitutos, cando as necesidades da Administración de xustiza aconsellen dar preferencia a outras de maior dificultade ou carga de traballo.»

Setenta e seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 327, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 327.

1. Non poderán concursar-los electos nin os que se encontraren nunha situación das previstas nesta lei que llo impida.

2. Tampouco poderán concursar-los xuíces e maxistrados que non leven no destino ocupado o tempo que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, tendo en conta a súa natureza e as necesidades da Administración de xustiza, sen que en ningún caso aquel prazo poida ser inferior a un ano en destino forzoso e dous en voluntario.

3. Non obstante, nos demais casos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, por resolución motivada, poderá adia-la efectividade da provisión dunha praza de xuíz ou maxistrado cando o que gañase o concurso para a dita praza deba dedicar atención preferente ó órgano de procedencia atendidos os atrasos producidos por causa imputable a el. O adiamento terá unha duración máxima de tres meses, transcorridos os cales, se a situación de pendencia non fose resolta nos termos fixados pola resolución motivada de adiamento, o xuíz ou maxistrado perderá o seu dereito ó novo destino.»

Setenta e sete. O artigo 329 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 329.

1. Os concursos para a provisión dos xulgados resolveranse en favor de quen, tendo a categoría necesaria, teñan mellor posto na escala.

2. Os concursos para a provisión dos xulgados do contencioso-administrativo ou do social resolveranse en favor de quen, tendo a categoría de maxistrado especialista nas respectivas ordes xurisdiccionais ou tendo pertencido ó extinguido corpo de maxistrados de traballo, para os do social, teñan mellor posto na súa escala. No seu defecto, cubriranse con maxistrados que prestasen cando menos tres anos de servizo, dentro dos cinco anteriores á data da convocatoria, nas ordes contencioso-administrativa ou social, respectivamente. Na falta destes cubriranse pola orde de antigüidade establecida no número 1. Os que obtivesen praza deberán participar antes de tomaren posesión no seu novo destino nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente para os supostos de cambio de orde xurisdiccional. No caso de que as vacantes se debesen cubrir por ascenso, o Consello Xeral do Poder Xudicial establecerá igualmente actividades específicas e obrigatorias

de formación que se deberán realizar antes da toma de posesión deses destinos por aqueles xuíces a quen corresponda ascender.

3. Os concursos para a provisión dos xulgados de menores resolveranse a favor de quen, tendo a categoría de maxistrado e acreditando a correspondente especialización en materia de menores na Escola Xudicial, teñan mellor posto na súa escala. No seu defecto, serán cubertos por maxistrados que teñan prestado polo menos tres anos de servizo, dentro dos cinco anteriores á data da convocatoria, na xurisdicción de menores. Na falta destes cubriranse pola orde de antigüidade establecida no número 1.

Os que obtivesen praza, ben como os que a obtivesen cando as vacantes tivesen que cubrirse por ascenso, deberán participar antes de tomaren posesión do seu novo destino nas actividades de especialización en materia de menores que estableza o Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. Os concursos para a provisión dos xulgados do mercantil resolveranse a favor de quen, acreditando a especialización nos asuntos propios deses xulgados obtida mediante a superación das probas de especialización que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto na súa escala. No seu defecto, cubriranse cos maxistrados que acrediten ter permanecido máis anos na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, pola orde de antigüidade establecida no número 1.

Os que obtivesen praza deberán participar antes de tomaren posesión no seu novo destino nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente.

No caso de que as vacantes se debesen cubrir por ascenso, o Consello Xeral do Poder Xudicial establecerá igualmente actividades específicas e obrigatorias de formación que se deberán realizar antes da toma de posesión deses destinos por aqueles xuíces a quen corresponda ascender.

5. Os concursos para a provisión de prazas dos xulgados centrais de instrucción, centrais do penal, centrais de menores e de vixilancia penitenciaria resolveranse a favor dos que estivesen a prestar servizos na orde xurisdiccional penal durante os oito anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria; en defecto deste criterio, a favor de quen teña mellor posto na escala.

Os concursos para a provisión de prazas dos xulgados centrais do contencioso-administrativo resolveranse a favor dos que teñan a especialidade nesa orde xurisdiccional; no seu defecto, polos que veñan prestando servizos nesa orde durante os oito anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria; e, en defecto destes criterios, por quen teña mellor posto na escala. Nese último caso os que obtivesen praza deberán participar antes de tomaren posesión no seu novo destino nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente para os supostos de cambio de orde xurisdiccional.

6. Os membros da carreira xudicial que, destinados en xulgados do contencioso-administrativo, xulgados do social, xulgados do mercantil ou xulgados de primeira instancia con competencias en materias mercantis, adquiren condición de especialista nas súas respectivas ordes, poderán continuar no seu destino.»

Setenta e oito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 330, nos termos seguintes:

«Artigo 330.

1. Os concursos para a provisión das prazas de maxistrados das salas ou seccións da Audiencia Nacional, dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias resolveranse a favor de quen, tendo a categoría necesaria, teñan mellor posto na escala, sen prexuízo das excepcións que establecen os números seguintes.

2. En cada sala ou sección do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, unha das prazas reservarase a un maxistrado especialista nesa orde xurisdiccional, con preferencia polo que ocupe mellor posto na súa escala. Se a sala ou sección se compuxer de cinco ou máis maxistrados, o número de prazas cubertas por este sistema será de dúas, manténdose idéntica proporción nos incrementos sucesivos. Non obstante, se un membro da sala ou sección adquirise a condición de especialista nesta orde, poderá continuar no seu destino ata que se lle adjudique a primeira vacante de especialista que se produza. Nos concursos para a provisión do resto das prazas terán preferencia aqueles maxistrados que veñan prestando os seus servizos nesa orde xurisdiccional durante os oito anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria.

3. En cada sala ou sección do social dos tribunais superiores de xustiza, unha das prazas reservarase para un maxistrado especialista nesa orde xurisdiccional ou que pertencese ó extinguido corpo de maxistrados de traballo, con preferencia polo que ocupe o mellor posto na súa escala. Se a sala ou sección se compuxer de cinco ou máis maxistrados, o número de prazas cubertas por este sistema será de dúas, manténdose idéntica proporción nos incrementos sucesivos.

Non obstante, se un membro da sala ou sección adquirise a condición de especialista nesta orde, poderá continuar no seu destino ata que se lle adjudique a primeira vacante de especialista que se produza. Nos concursos para a provisión do resto das prazas terán preferencia aqueles maxistrados que veñan prestando os seus servizos nesa orde xurisdiccional durante os oito anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria.

4. Nas salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, unha de cada tres prazas será cuberta por un xurista de recoñecido prestixio con máis de 10 anos de exercicio profesional na comunidade autónoma, nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre unha terna presentada pola asemblea lexislativa; as restantes prazas serán cubertas por maxistrados nomeados por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial entre os que leven 10 anos na categoría e na orde xurisdiccional civil ou penal e teñan especiais coñecementos en dereito civil, foral ou especial propio da comunidade autónoma.

No caso de existiren as seccións de apelación a que se refire o artigo 73.6, as prazas destas seccións cubriranse consonte o establecido nese artigo.

Cando a sensible e continuada diferenza no volume de traballo das distintas salas dos tribunais superiores de xustiza o aconselle, os maxistrados de calquera delas, co acordo favorable da sala de goberno logo de proposta do presidente do tribu-

nal, poderán ser adscritos polo Consello Xeral do Poder Xudicial, total ou parcialmente, e sen que isto signifique incremento retributivo ningún, a outra sala do mesmo tribunal superior de xustiza. Para a adscrición valoraranse a antigüidade na escala e a especialidade ou experiencia dos maxistrados afectados e, a ser posible, as súas preferencias.

5. Os concursos para a provisión de prazas de audiencias provinciais axustaranse ás seguintes regras:

a) Se houber varias seccións e estas estiveren divididas por ordes xurisdiccionais, terán preferencia no concurso aqueles maxistrados que veñan prestando servizos na orde xurisdiccional correspondente durante os seis anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria. A antigüidade en órganos mixtos computarase por metade só para estes efectos.

b) Se houber unha ou varias seccións das audiencias provinciais que coñezan en segunda instancia dos recursos interpostos contra todo tipo de resolucións dictadas polos xulgados do mercantil, terán preferencia no concurso para a provisión das súas prazas aqueles maxistrados que, acreditando a especialización nos asuntos propios deses xulgados, obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto na súa escala. No seu defecto, cubriranse cos maxistrados que acrediten ter permanecido máis tempo na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, polos maxistrados que acrediten ter permanecido máis tempo en órganos xurisdiccionais mixtos.

6. En defecto dos criterios previstos nos números 2 a 5, a provisión de prazas resolverase de conformidade co previsto no número 1 deste artigo.

7. Os concursos para a provisión de prazas das salas da Audiencia Nacional resolveranse en favor dos que teñan a correspondente especialización na orde respectiva; no seu defecto polos que veñan prestando servizos na orde xurisdiccional correspondente durante os oito anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria; e, en defecto de todos estes criterios, por quen teña mellor posto na escala.

A provisión de prazas da Sala de Apelación da Audiencia Nacional resolverase a favor de quen, con máis de 15 anos de antigüidade na carreira, prestase servizos cando menos durante 10 anos na orde xurisdiccional penal, preferíndose entre eles os que teñan a condición de especialista.

8. Nas ordes contencioso-administrativa e social, o número de prazas de maxistrado especialista que se convoquen non poderá ser superior ó do número de vacantes na data da convocatoria.»

Setenta e nove. Dáselle nova redacción ó artigo 333, o contido do cal será o seguinte:

«Artigo 333.

1. As prazas de presidente de sala da Audiencia Nacional, así como as de presidente de sala dos tribunais superiores de xustiza, proveranse, por un período de cinco anos, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre maxistrados que tivesen prestado 10 anos de servizos nesta categoría e oito na orde xurisdiccional de que se trate. Non obstante, a presidencia da Sala de Apelación da Audiencia Nacional proverase entre maxistrados con máis de

15 anos de antigüidade na carreira que prestasen servizos polo menos durante 10 anos na orde xurisdiccional penal, preferíndose entre eles quen teña a condición de especialista. As de presidente de sección da Audiencia Nacional, tribunais superiores de xustiza e audiencias provinciais cubriranse por concurso, que se resolverá de conformidade coas regras establecidas no artigo 330.

2. Non poderán acceder a tales presidencias os que estean sancionados disciplinariamente por comisión de falta grave ou moi grave da cal non fose cancelada a anotación no expediente.»

Oitenta. O número 1 do artigo 335 queda redactado así:

«1. As prazas de presidente de sala da Audiencia Nacional proveranse na forma prevista no artigo 333.»

Oitenta e un. Dáselle a seguinte redacción ó parágrafo inicial do artigo 338:

«Os presidentes da Audiencia Nacional, dos tribunais superiores de xustiza, das audiencias, de sala da Audiencia Nacional e de sala dos tribunais superiores de xustiza cesarán por algunha das causas seguintes:»

Oitenta e dous. O artigo 339 queda redactado así:

«Artigo 339.

O presidente da Audiencia Nacional e os presidentes dos tribunais superiores de xustiza, cando cesen no cargo, quedarán adscritos, á súa escolla, ó tribunal ou audiencia en que cesen ou a aquel de que proviñesen no seu último destino, ata a adxudicación da praza correspondente do que elixisen, tendo preferencia, ademais, durante os tres anos seguintes ó cesamento, a calquera praza da súa categoría das que se deben prover por concurso voluntario non reservada a especialista.»

Oitenta e tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 340, nos termos seguintes:

«Artigo 340.

Os presidentes de sala da Audiencia Nacional, os presidentes de sala dos tribunais superiores de xustiza e os presidentes das audiencias provinciais que cesaren no seu cargo quedarán adscritos, á súa escolla, ó tribunal ou audiencia en que cesen ou a aquel de que proviñesen no seu último destino, ata a adxudicación da praza correspondente do que elixisen, tendo preferencia, ademais, durante os dous anos seguintes ó cesamento, a calquera praza da súa categoría das que se deben prover por concurso voluntario non reservada a especialista.»

Oitenta e catro. O artigo 344 pasará a te-lo seguinte teor:

«Artigo 344.

De cada catro prazas reservadas á carreira xudicial, corresponderán:

a) Dúas a maxistrados que acedesen á categoría mediante as correspondentes probas de selección na orde xurisdiccional civil e penal ou que as superen tendo esa categoría, ou, en función da orde xurisdiccional, dúas a maxistrados especialistas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa e social ou que pertenza neste último caso ó extinguido corpo

de maxistrados de traballo. Neste quenda esixiranse 15 anos na carreira e só cinco na categoría.

Para os efectos da reserva de prazas na orde xurisdiccional civil, os maxistrados que superasen as probas de especialización en materia mercantil equipararanse ós que superasen as probas de selección na orde xurisdiccional civil.

b) Dúas a maxistrados que reuniren as condicións xerais para o acceso ó Tribunal Supremo sinaladas no artigo anterior.»

Oitenta e cinco. O artigo 348 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 348.

Os xuíces e maxistrados pódense encontrar nalgunha das situacións seguintes:

- a) Servicio activo
- b) Servicios especiais
- c) Excedencia voluntaria
- d) Suspensión de funcións.»

Oitenta e seis. O artigo 349 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 349.

«1. Os xuíces e maxistrados estarán en situación de servicio activo cando ocupen praza correspondente á carreira xudicial, cando se encontren adscritos provisoriamente, cando fosen nomeados xuíces adxuntos, ou cando lles fose conferida comisión de servicio con carácter temporal.

2. Cando se produza a supresión ou reconversión con cambio de orde xurisdiccional dunha praza de que sexa titular un xuíz ou maxistrado, este quedará adscrito ó dispor do presidente do Tribunal Superior de Xustiza, nos termos establecidos no artigo 118.2 e 3.»

Oitenta e sete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 350, nos termos seguintes:

«Artigo 350.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá conferir comisión de servicio ós xuíces e maxistrados, que non poderá exceder un ano, prorrogable por outro:

- a) Para prestar servicios noutro xulgado ou tribunal, con ou sen relevación de funcións;
- b) Para prestar servicios no Ministerio de Xustiza, con ou sen relevación de funcións;
- c) Para participar en misións de cooperación xurídica internacional, cando non proceda a declaración de servicios especiais.

2. As comisións de servicio requiren a conformidade do interesado, ben como o informe do seu superior xerárquico e o do Servicio de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. Soamente se poderán conferir, en resolución motivada, se o prevaecente interese do servicio e as necesidades da Administración de xustiza o permiten.»

Oitenta e oito. O artigo 351 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 351.

Os xuíces e maxistrados serán declarados na situación de servicios especiais:

- a) Cando sexan nomeados presidente do Tribunal Supremo, fiscal xeral do Estado, vocal do Con-

sello Xeral do Poder Xudicial, maxistrado do Tribunal Constitucional, Defensor do Pobo ou os seus adxuntos, conselleiro do Tribunal de Contas, conselleiro de Estado, presidente ou vocal do Tribunal de Defensa da Competencia, director da Axencia de Protección de Datos ou membro de altos tribunais internacionais de xustiza, ou titulares ou membros dos órganos equivalentes das comunidades autónomas.

b) Cando sexan autorizados polo Consello Xeral do Poder Xudicial para realizaren unha misión internacional por período determinado, superior a seis meses, en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional, logo de declaración de interese polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

c) Cando adquiran a condición de funcionarios ó servicio de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.

d) Cando sexan nomeados letrados ó servicio do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, do Tribunal Constitucional, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Tribunal Supremo, ou maxistrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo, ou sexan adscritos ó servicio do Defensor do Pobo ou órgano equivalente das comunidades autónomas.

e) Cando presten servicio, en virtude de nomeamento por real decreto, ou por decreto nas comunidades autónomas, en cargos que non teñan rango superior a director xeral.»

Oitenta e nove. O artigo 352 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 352.

Os maxistrados do Tribunal Supremo serán declarados na situación de servicios especiais se fosen designados para desempeñar algún dos cargos seguintes:

- a) Vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) Maxistrado do Tribunal Constitucional.
- c) Membro de altos tribunais internacionais de xustiza.
- d) Fiscal xeral do Estado.»

Noventa. O artigo 353 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 353.

A situación de servicios especiais será declarada de oficio polo Consello Xeral do Poder Xudicial ou por instancia do interesado, unha vez que se verifique o suposto que a determina, e con efectos desde o momento en que se produciu o nomeamento correspondente.»

Noventa e un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 354, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 354.

1. Os xuíces e maxistrados en situación de servicios especiais percibirán a retribución do posto ou cargo que desempeñen, sen prexuízo do dereito á remuneración pola súa antigüidade na carreira xudicial.

2. Os xuíces e maxistrados en situación de servicios especiais computaráselle-lo tempo que permanezan en tal situación para efectos de ascensos, antigüidade e dereitos pasivos. Terán dereito á reserva da praza que ocupasen ó pasaren a esa

situación ou a que puideren obter durante a súa permanencia nela.»

Noventa e dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 355, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 355.

Ó cesaren no posto ou cargo determinante da situación de servizos especiais deberán solicita-lo reingreso ó servizo activo no prazo máximo de 10 días contados desde o seguinte ó cesamento e incorporarse ó seu destino dentro dos 20 días inmediatamente seguintes; de non o faceren, serán declarados en situación de excedencia voluntaria con efectos desde o día en que cesaron no posto ou cargo desempeñados. O reingreso terá efectos económicos e administrativos desde a data da solicitude.»

Noventa e tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 356, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 356.

Procederá declarar na situación de excedencia voluntaria, por petición do xuíz ou maxistrado, nos seguintes casos:

a) Cando se encontre en situación de servizo activo nun corpo ou escala das administracións públicas ou na carreira fiscal.

b) Cando pase a desempeñar cargos ou prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lle corresponda quedar noutra situación. Neste suposto, producido o cesamento no cargo ou servizo, deberá solicita-lo reingreso no servizo activo no prazo máximo de 10 días contados desde o seguinte ó cesamento. De non o facer así, declararase en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

c) Por interese particular, sempre que prestase servizos na carreira xudicial durante os cinco anos inmediatamente anteriores, sen que nesta situación se poida permanecer menos de dous anos.

A declaración desta situación quedará subordinada ás necesidades da Administración de xustiza. Non se poderá declarar cando ó xuíz ou maxistrado se lle instrúa expediente disciplinario.

d) Para o coidado dos fillos, por un período non superior a tres anos para atender a cada fillo, tanto cando o sexa por natureza, por adopción, por acollemento permanente ou preadoptivo, contando desde a data de nacemento ou desde a data da resolución xudicial ou administrativa que o acorde, respectivamente. Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, se for o caso, porá fin ó que se estivese a desfrutar. Cando o pai e a nai traballen, só un poderá exercer este dereito.

e) Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, para atender ó coidado dun familiar que se encontre ó seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta porá fin ó que se estivese a desfrutar.

Esta excedencia e a regulada no número anterior constitúen un dereito individual dos membros da carreira xudicial. En caso de dous dos seus mem-

bros xeraren o dereito a desfrutalas polo mesmo suxeito causante, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá limita-lo seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas coas necesidades e o funcionamento dos servizos.

f) Cando sexa nomeado para cargo político ou de confianza, salvo os supostos enunciados no artigo 351, ou cando se presente como candidato en eleccións para acceder a cargos públicos representativos no Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados, Senado, asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou corporacións locais. De non resultar elixido, deberá optar, comunicándoo así ó Consello Xeral do Poder Xudicial, no prazo de trinta días, por continuar na situación de excedencia voluntaria ou por reingresar no servizo activo.»

Noventa e catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 357, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 357.

Cando un maxistrado do Tribunal Supremo solicite a excedencia voluntaria e lle sexa concedida, perderá a súa condición de tal, salvo no suposto previsto na alínea d) do artigo anterior. Nos demais casos quedará integrado, en situación de excedencia voluntaria, dentro da categoría de maxistrado.»

Noventa e cinco. Dáselle unha nova redacción ó artigo 358, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 358.

1. A excedencia voluntaria, nas súas distintas modalidades, non produce reserva de praza. O xuíz ou maxistrado, en canto se encontre nela, non devengará retribucións nin lle será computado o tempo que permanecese en tal situación para efectos de ascensos, antigüidade e dereitos pasivos, salvo o disposto no número 2 deste artigo e o que establece a normativa de clases pasivas.

2. Exceptúanse do previsto no número anterior as excedencias voluntarias para o coidado dos fillos e para atender ó coidado dun familiar a que se refiren as alíneas d) e e) do artigo 356, nas cales o período de permanencia nas ditas situacións será computable para efectos de trienios e dereitos pasivos. Durante o primeiro ano terase dereito á reserva da praza en que exercesen as súas funcións e ó cómputo da antigüidade. Transcorrido este período, a dita reserva serao a un posto na mesma provincia e de igual categoría, debendo solicitar, no mes anterior á finalización do período máximo de permanencia nela, o reingreso ó servizo activo; de non o facer, será declarado de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

3. Os que se encontren na situación de excedencia a que se refire a alínea f) do artigo 356, en caso de solicitaren o reingreso ó servizo activo, quedarán adscritos ó presidente do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma do seu último destino, tendo preferencia para obteren posto da súa categoría na provincia ou, no seu defecto, comunidade autónoma dese último destino.»

Noventa e seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 359, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 359.

1. O reingreso no servizo activo do xuíz ou maxistrado en situación de excedencia voluntaria

por interese particular de duración superior a 10 anos esixirá a declaración previa de aptitude polo Consello Xeral do Poder Xudicial, que solicitará os informes e practicará as actuacións necesarias para a súa comprobación.

2. Os xuíces e maxistrados en situación administrativa de excedencia voluntaria que soliciten o reingreso ó servizo activo e, se for o caso, obteñan a correspondente declaración de aptitude, estarán obrigados a participaren en tódolos concursos que se anuncien para cubrir prazas da súa categoría ata obteren destino. De non o faceren así, serán declarados en situación de excedencia voluntaria por interese particular e quedará sen efecto a declaración de aptitude, de terse producido.»

Noventa e sete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 360, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 360.

Unha vez reincorporado ó servizo activo o xuíz ou maxistrado en situación de excedencia voluntaria pola causa prevista na alínea f) do artigo 356, non poderá acceder, durante os cinco anos seguintes, a un posto da carreira xudicial que non sexa dos que se provexan por estricta antigüidade.»

Noventa e oito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 361, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 361.

1. O xuíz ou maxistrado será declarado en situación de suspensión de funcións, provisoria ou definitiva, nos casos e na forma establecidos nesta lei.

2. O xuíz ou maxistrado declarado suspenso quedará privado do exercicio das súas funcións durante o tempo que dure a suspensión.»

Noventa e nove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 362, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 362.

1. A suspensión provisoria poderase acordar durante a tramitación dun procedemento xudicial ou disciplinario.

2. A suspensión provisoria durante a tramitación dun procedemento disciplinario non poderá exceder seis meses, salvo en caso de paralización do procedemento por causa imputable ó interesado.»

Cen. Dáselle unha nova redacción ó artigo 363, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 363.

O suspenso provisorio terá dereito a percibir as súas retribucións básicas, excepto no caso de paralización do procedemento disciplinario por causa imputable a el, que comportará a perda de toda retribución en canto se manteña a dita paralización. Así mesmo, non se acreditarán haberes en caso de incomparecencia ou de rebeldía.»

Cento un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 364, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 364.

Cando a suspensión non sexa declarada definitiva nin se acorde a separación, o tempo de

duración daquela computarase como de servizo activo e acordarase a inmediata incorporación do suspenso á súa praza, con recoñecemento de tódolos dereitos económicos e demais que procedan desde a data en que a suspensión produciu efectos.»

Cento dous. O artigo 365 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 365.

1. A suspensión terá carácter definitivo cando se imponha en virtude de condena ou como sanción disciplinaria, computándose o tempo de suspensión provisoria.

2. A suspensión definitiva superior a seis meses implicará a perda do destino. A vacante producida cubrirase en forma ordinaria.

3. A suspensión definitiva suporá a privación de tódolos dereitos inherentes á condición de xuíz ou maxistrado ata, se é o caso, o seu reingreso ó servizo activo.

4. En tanto non transcorra o prazo de suspensión non procederá cambio ningún de situación administrativa.»

Cento tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 366, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 366.

1. O xuíz ou maxistrado suspenso definitivamente deberá solicita-lo reingreso ó servizo activo cun mes de anticipación á finalización do período de suspensión. O reingreso producirá efectos económicos e administrativos desde a data de extinción da responsabilidade penal ou disciplinaria.

2. Se non for solicitado o reingreso no tempo sinalado no número anterior, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos desde a data en que finalice o período de suspensión.»

Cento catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 367, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 367.

1. O reingreso no servizo activo dos suspensos esixirá a declaración previa de aptitude polo Consello Xeral do Poder Xudicial, quen solicitará os informes e practicará as actuacións necesarias para a súa comprobación.

2. Despois da declaración de aptitude, o xuíz ou maxistrado estará obrigado a participar en tódolos concursos que se anuncien para cubrir prazas da súa categoría ata obter destino. De non o facer así, declararase en situación de excedencia voluntaria por interese particular, quedando sen efecto a declaración de aptitude.»

Cento cinco. Dáselle unha nova redacción ó artigo 368, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 368.

A concorrencia de peticións para a adxudicación de vacantes entre os que deban reingresar no servizo activo rexerese pola seguinte orde:

- a) Suspensos.
- b) Rehabilitados.
- c) Excedentes voluntarios.»



Cento seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 369, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 369.

O cambio da situación administrativa en que se achen os xuíces ou maxistrados poderá ter lugar sempre que se reúnan os requisitos esixidos en cada caso sen necesidade de reingreso no servizo activo.»

Cento sete. O artigo 370 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 370.

1. Os xuíces e maxistrados residirán na po-boación onde teña a súa sede o xulgado ou tribunal que sirvan e non se poderán ausentar da circunscrición en que exerzan as súas funcións, excepto cando o esixa o cumprimento dos seus deberes xudiciais ou usen de licenza ou permiso.

2. A sala de goberno do tribunal de que dependan poderá autorizar por causas xustificadas a residencia en lugar distinto, sempre que sexa compatible co exacto cumprimento das tarefas propias do cargo.

3. Non se considerarán ausencias para os efectos deste artigo os desprazamentos fóra da súa sede que efectúen os maxistrados ou xuíces que non sexan únicos ou non se encontren de garda, desde o final das horas de audiencia da véspera de día inhábil ata o comezo da audiencia do primeiro día hábil seguinte.»

Cento oito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 373, nos seguintes termos:

«Artigo 373.

1. Os xuíces e maxistrados terán dereito a licencias por razón de casamento de 15 días de duración.

2. Tamén terán dereito a unha licenza en caso de parto, adopción e acollemento tanto preadoptivo como permanente, a duración e condicións da cal se regularán pola lexislación xeral nesta materia. O Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante regulamento, adaptará a dita normativa ás particularidades da carreira xudicial.

Nos supostos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ó país de orixe do adoptado, o permiso previsto neste artigo poderase iniciar ata catro semanas antes da resolución por que se constituía a adopción.

3. Terán tamén dereito a licenza, sen limitación dos seus haberes, para realizaren estudos relacionados coa función xudicial, logo de informe favorable do presidente do tribunal correspondente, que terá en conta as necesidades do servizo.

Finalizada a licenza, elevarase ó Consello Xeral do Poder Xudicial memoria dos traballos realizados, e se o seu contido non fose bastante para xustificala, compensarase a licenza co tempo que se determine das vacacións do interesado.

4. Tamén poderán desfrutar de permisos de tres días, sen que poidan exceder seis permisos no ano natural, nin un ó mes.

Para a súa concesión, o petionario deberá xustificala necesidade ós superiores respectivos, dos cales deberán obter autorización, e estes poderanos denegar cando coincidan con sinalamentos, vistas ou deliberacións salvo que se xustifique que

a petición obedece a unha causa imprevista ou de urxencia.

5. Polo nacemento de fillo ou polo falecemento, accidente ou enfermidade graves ou hospitalización do cónxuxe, de persoa a que estivese unido por análoga relación de afectividade ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, os xuíces ou maxistrados poderán dispor dun permiso de tres días, salvo que se necesite facer un desprazamento para o efecto, caso en que será de cinco días.

Estes permisos quedarán reducidos a dous e catro días, respectivamente, cando o falecemento e as outras circunstancias sinaladas afecten familiares en segundo grao de afinidade ou consanguinidade.»

Cento nove. Dáselle nova redacción ó artigo 401, nos termos seguintes:

«Artigo 401.

De acordo co establecido no artigo 127 da Constitución, recoñécese o dereito de libre asociación profesional dos xuíces e maxistrados integrantes da carreira xudicial, que se exercerá de acordo coas regras seguintes:

1.<sup>a</sup> As asociacións de xuíces e maxistrados terán personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

2.<sup>a</sup> Poderán ter como fins lícitos a defensa dos intereses profesionais dos seus membros en tódolos aspectos e a realización de actividades encamiñadas ó servizo da xustiza en xeral. Non poderán levar a cabo actividades políticas nin ter vinculacións con partidos políticos ou sindicatos.

3.<sup>a</sup> As asociacións de xuíces e maxistrados deberán ter ámbito nacional, sen prexuízo da existencia de seccións cun ámbito que coincida co dun tribunal superior de xustiza.

4.<sup>a</sup> Os xuíces e maxistrados poderán libremente asociarse ou non a asociacións profesionais.

5.<sup>a</sup> Soamente poderán formar parte delas os que teñan a condición de xuíces e maxistrados en servizo activo. Ningún xuíz ou maxistrado poderá estar afiliado a máis dunha asociación profesional.

6.<sup>a</sup> As asociacións profesionais de xuíces e maxistrados integrantes da carreira xudicial quedarán validamente constituídas desde que se inscriban no rexistro que será levado para o efecto polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A inscrición practicarase por solicitude de calquera dos promotores, a que se xuntará o texto dos estatutos e unha relación de afiliados.

Só se poderá denegar a inscrición cando a asociación ou os seus estatutos non se axustaren ós requisitos legalmente esixidos.

7.<sup>a</sup> Os estatutos deberán expresar, como mínimo, as seguintes mencións:

- a) Nome da asociación.
- b) Fins específicos.
- c) Organización e representación da asociación. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.
- d) Réxime de afiliación.
- e) Medios económicos e réxime de cotas.
- f) Formas de elixirse os cargos directivos da asociación.

8.<sup>a</sup> A suspensión ou disolución das asociacións profesionais quedará sometida ó réxime establecido para o dereito de asociación en xeral.

9.<sup>a</sup> Serán de aplicación supletoria as normas reguladoras do dereito de asociación en xeral.»

Cento dez. O artigo 403 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 403.

1. O réxime de retribucións dos xuíces e maxistrados inspirarase nos principios de obxectividade, equidade, transparencia e estabilidade, atendendo para a súa fixación á dedicación á función xurisdiccional, á categoría e ó tempo de prestación de servizos. Retribuirase, ademais, a responsabilidade do cargo e o posto de traballo.

2. En todo caso, as retribucións dos xuíces e maxistrados estarán integradas, con carácter xeral, por un compoñente fixo e outro variable por obxectivos, que valore especificamente o seu rendemento individual.

3. As retribucións fixas, que se descomporán en básicas e complementarias, remunerarán a categoría e antigüidade na carreira xudicial de cada un dos seus membros, así como as características obxectivas das prazas que ocupen.

Son retribucións básicas o soldo e a antigüidade. Son retribucións complementarias o complemento de destino e o complemento específico.

4. As retribucións variables por obxectivos estarán vinculadas ó rendemento individual acreditado por cada xuíz ou maxistrado no desempeño das súas funcións xurisdiccionais e profesionais.

5. Así mesmo, os xuíces e maxistrados poderán percibir retribucións especiais por servizos de garda, servizos extraordinarios sen relevación de funcións e substitucións.

6. Unha lei desenvolverá, conforme o previsto nos números anteriores, as retribucións dos membros da carreira xudicial.»

Cento once. O artigo 404 queda redactado así:

«Artigo 404.

Xunto ás demais partidas correspondentes a retribucións de xuíces e maxistrados, os orzamentos xerais do Estado conterán unha consignación anual para a dotación dos xuíces de paz, outras atencións de persoal xudicial a que dean lugar os preceptos desta lei e demais esixencias da Administración de xustiza.»

Cento doce. Dáselle unha nova redacción ó artigo 410, co seguinte teor:

«Artigo 410.

No caso de que algunha das partes nun proceso, ou persoa que tivese interese nel, formulasen querela contra o xuíz ou maxistrado que deba resolver nese proceso, con carácter previo á admisión desta o órgano competente para a súa instrución poderá solicita-los antecedentes que considere oportunos a fin de determina-la súa propia competencia así como a relevancia penal dos feitos obxecto dela ou a verosimilitude da imputación.»

Cento trece. Modifícase o artigo 417, nos seguintes termos:

«Artigo 417.

Son faltas moi graves:

1. O incumprimento consciente do deber de fidelidade á Constitución establecido no artigo 5.1 desta lei, cando así se aprecie en sentenza firme.

2. A afiliación a partidos políticos ou sindicatos ou o desempeño de empregos ou cargos ó seu servizo.

3. A provocación reiterada de enfrontamentos graves coas autoridades da circunscrición en que o xuíz ou maxistrado desempeña o cargo, por motivos alleos ó exercicio da función xurisdiccional.

4. A intromisión, mediante ordes ou presións de calquera clase, no exercicio da potestade xurisdiccional doutro xuíz ou maxistrado.

5. As accións e omisións que desen lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave conforme o artigo 411 desta lei.

6. O exercicio de calquera das actividades incompatibles co cargo de xuíz ou maxistrado, establecidas no artigo 389 desta lei, salvo as que poidan constituír falta grave consonte o disposto no artigo 418.14 dela.

7. Provoca-lo propio nomeamento para xulgados e tribunais cando concorran no nomeado algunha das situacións de incompatibilidade ou prohibición previstas nos artigos 391 a 393 desta lei, ou manterse no desempeño do cargo nos ditos órganos sen pór en coñecemento do Consello Xeral do Poder Xudicial as circunstancias necesarias para proceder ó traslado forzoso previsto no artigo 394.

8. A inobservancia do deber de abstención sabendo que concorre algunha das causas legalmente previstas.

9. A desatención ou o atraso inxustificable e reiterado na iniciación, tramitación ou resolución de procesos e causas ou no exercicio de calquera das competencias xudiciais.

10. O abandono do servizo ou a ausencia inxustificable e continuada, por sete días naturais ou máis, da sede do órgano xudicial en que o xuíz ou maxistrado se encontre destinado.

11. Faltar á verdade na solicitude de obtención de permisos, autorizacións, declaracións de compatibilidade, axudas de custo e axudas económicas.

12. A revelación polo xuíz ou maxistrado de feitos ou datos coñecidos no exercicio da súa función ou con ocasión deste, cando se cause algún prexuízo á tramitación dun proceso ou a calquera persoa.

13. O abuso da condición de xuíz para obter un trato favorable e inxustificable de autoridades, funcionarios ou profesionais.

14. A ignorancia inexcusable no cumprimento dos deberes xudiciais.

15. A absoluta e manifesta falta de motivación das resolucións xudiciais que a precisen, sempre que esa falta fose apreciada en resolución xudicial firme. Se a resolución inmotivada non fose impugnada, será requisito para proceder a denuncia de quen foi parte no procedemento.

16. A comisión dunha falta grave cando o xuíz ou maxistrado fose anteriormente sancionado por outras dúas graves, que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das correspondentes anotacións, conforme o establecido no artigo 427 desta lei.»

Cento catorce. Modifícase o artigo 418, no seguinte sentido:

«Artigo 418.

Son faltas graves:

1. A falta de respecto ós superiores na orde xerárquica, na súa presenza, en escrito que se lles dirixa ou con publicidade.

2. Interesarse, mediante calquera clase de recomendación, no exercicio da actividade xurisdiccional doutro xuíz ou maxistrado.

3. Dirixir ós poderes, autoridades ou funcionarios públicos ou corporacións oficiais felicitacións ou censuras polos seus actos, invocando a condición de xuíz, ou servíndose desta condición.

4. Corrixi-la aplicación ou interpretación do ordenamento xurídico feita polos inferiores na orde xurisdiccional, salvo cando actúen no exercicio da xurisdicción.

5. O exceso ou abuso de autoridade, ou falta grave de consideración respecto dos cidadáns, institucións, secretarios, médicos forenses ou do resto do persoal ó servizo da Administración de xustiza, dos membros do Ministerio Fiscal, avogados e procuradores, graduados sociais e funcionarios da policía xudicial.

6. A utilización nas resolucións xudiciais de expresións innecesarias ou improcedentes, extravagantes ou manifestamente ofensivas ou irrespectuosas desde o punto de vista do razoamento xurídico. Neste caso, o Consello Xeral do Poder Xudicial só procederá logo de testemuño deducido ou comunicación remitida polo tribunal superior respecto de quen dictou a resolución, e que coñeza dela en vía de recurso.

7. Deixar de promover-la esixencia de responsabilidade disciplinaria que proceda ós secretarios e persoal auxiliar subordinado, cando coñeceran ou deberen coñecer-lo incumprimento grave por parte destes dos deberes que lles corresponden.

8. Revela-lo xuíz ou maxistrado e fóra das canles de información xudicial establecidas, feitos ou datos de que coñezan no exercicio da súa función ou con ocasión desta cando non constituía a falta moi grave do número 12 do artigo 417 desta lei.

9. O abandono do servizo ou a ausencia inxustificada e continuada por máis de tres días naturais e menos de sete da sede do órgano xudicial en que o xuíz ou maxistrado se encontre destinado.

10. O incumprimento inxustificado e reiterado do horario de audiencia pública e a inasistencia inxustificada ós actos procesuais con audiencia pública que estiveren sinalados, cando non constituía falta moi grave.

11. O atraso inxustificado na iniciación ou na tramitación dos procesos ou causas de que coñeza o xuíz ou maxistrado no exercicio da súa función, se non constituíe falta moi grave.

12. O incumprimento ou desatención reiterada ós requirimentos que no exercicio das súas lexítimas competencias realizasen o Consello Xeral do

Poder Xudicial, o presidente do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza ou salas de goberno, ou a obstaculización das súas funcións inspectoras.

13. O incumprimento da obriga de elaborar relación de asuntos pendentes no suposto establecido no número 3 do artigo 317 desta lei.

14. O exercicio de calquera actividade das consideradas compatibilizables a que se refire o artigo 389.5.º desta lei, sen obter, cando esta prevista, a pertinente autorización ou téndoa obtido con falta de veracidade nos presupostos alegados.

15. A abstención inxustificada, cando así sexa declarada pola sala de goberno, de conformidade co disposto no artigo 221.3 desta lei.

16. Adoptar decisións que, con manifesto abuso procesual, xeren ficticios incrementos do volume de traballo en relación cos sistemas de medición fixados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

17. Obstaculiza-los labores de inspección.

18. A comisión dunha falta de carácter leve tendo sido sancionado anteriormente por resolución firme por outras dúas leves sen que fosen canceladas ou sen que procedese a cancelación das correspondentes anotacións, conforme o establecido no artigo 427.»

Cento quince. Dáselle unha nova redacción ó artigo 419, nos seguintes termos:

«Artigo 419.

Son faltas leves:

1. A falta de respecto ós superiores xerárquicos cando non concorran as circunstancias que cualificarían a conduta de falta grave.

2. A desatención ou desconsideración con iguais ou inferiores na orde xerárquica, cos cidadáns, os membros do Ministerio Fiscal, médicos forenses, avogados e procuradores, graduados sociais, cos secretarios ou demais persoal que preste servizos na oficina xudicial, ou cos funcionarios da policía xudicial.

3. O incumprimento inxustificado ou inmotivado dos prazos legalmente establecidos para dictar resolución en calquera clase de asunto de que coñeza o xuíz ou maxistrado.

4. A ausencia inxustificada e continuada por máis dun día natural e menos de catro da sede do órgano xudicial en que o xuíz ou maxistrado se encontre destinado.

5. A desatención ós requirimentos que no exercicio das súas lexítimas competencias realizasen o Consello Xeral do Poder Xudicial, o presidente do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza ou salas de goberno.»

Cento dezaseis. Dáselle a seguinte redacción á alínea b) do número 1 do artigo 420:

«b) Multa de ata 6.000 euros.»

Cento dezasete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 421, no sentido seguinte:

«Artigo 421.

1. Serán competentes para a imposición de sancións:

a) Para a sanción de advertencia, o presidente do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e dos

tribunais superiores de xustiza, ós xuíces e maxistrados dependentes deles.

b) Para a sanción de multa ou de advertencia e multa correspondente a faltas leves, as salas de goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza respecto dos xuíces e maxistrados dependentes de cada unha delas.

c) Para as sancións correspondentes a faltas graves, a comisión disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial.

d) Para as moi graves, o pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, por proposta da Comisión Disciplinaria.

2. Non obstante, os órganos a que fan referencia as anteriores regras poden impor sancións de menor gravidade que as que teñen ordinariamente atribuídas se, ó examinar un expediente que inicialmente está atribuído á súa competencia, resulta que os feitos obxecto del merecen unha reprobación disciplinaria inferior.

3. Na imposición de sancións polas autoridades e órganos competentes deberase observar a debida adecuación ou proporcionalidade entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.»

Cento dezaoto. O artigo 422 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 422.

1. A sanción de advertencia imporase sen máis trámite que a audiencia do interesado, logo dunha información sumaria.

Contra a resolución que se dicte sobre a dita clase de sanción poderá interpo-lo sancionado con carácter potestativo, antes de acudir á vía contencioso-administrativa, recurso administrativo e o denunciante, se for o caso, acudir á vía contencioso-administrativa de acordo coas normas de lexitimación establecidas na lei reguladora da expresada xurisdicción.

2. As restantes sancións deberán ser impostas polo procedemento establecido nos artigos seguintes.

3. As sancións a que alude o artigo 421.1,d) desta lei serán impostas polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, por proposta da comisión disciplinaria e logo de audiencia do xuíz ou maxistrado contra o cal se dirixa o expediente, que poderá alegar e presenta-los documentos que considere pertinentes nun prazo non inferior a 10 días nin superior a quince se a proposta se separase da formulada polo instructor.»

Cento dezanove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 423, que queda redactado co seguinte teor:

«Artigo 423.

1. O procedemento disciplinario impulsarase de oficio en tódolos seus trámites, e iniciárase, por acordo da sala de goberno ou presidente que corresponda ou, se for o caso, da comisión disciplinaria ou do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, ben por propia iniciativa, como consecuencia de orde ou petición razoada de distinto órgano, ben por denuncia. Tamén se iniciará por instancia do Ministerio Fiscal.

2. Toda denuncia sobre o funcionamento da Administración de xustiza en xeral e da actua-

ción dos xuíces e maxistrados en particular será obxecto, no prazo dun mes, de informe do xefe do Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial, no cal se poderá propo-lo arquivo de plano, a apertura de dilixencias informativas ou a incoación directa de expediente disciplinario.

3. A resolución motivada que dicte a Sala de Goberno ou a comisión disciplinaria sobre a iniciación do expediente notificaráselle ó denunciante, que non poderá impugna-la en vía administrativa, sen prexuízo da lexitimación que teña como interesado na vía xurisdiccional.

Se se incoar expediente disciplinario, notificaráselle ó denunciante as resolucións que se dicten e poderá formular alegacións, pero non impugna-la decisión do expediente en vía administrativa, sen prexuízo da lexitimación que teña como interesado na vía xurisdiccional.

4. No acordo que mande inicia-lo procedemento designarase un instructor delegado de igual categoría, polo menos, á daquel contra quen se dirixa o procedemento. Por proposta do instructor delegado designarase un secretario.»

Cento vinte. O artigo 424 pasa a te-la redacción seguinte:

«Artigo 424.

1. A comisión disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial, por propia iniciativa, oído o instructor delegado ou por proposta deste, logo de audiencia do xuíz ou maxistrado contra quen se dirixa o expediente e do Ministerio Fiscal, nun prazo común non superior a cinco días, poderá acordar cautelarmente a suspensión provisoria do expediente por un período máximo de seis meses, cando aparezan indicios racionais da comisión dunha falta moi grave.

2. Contra o acordo a que se refire o número anterior, o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos termos establecidos nos artigos 142 e 143 desta lei.»

Cento vinteún. Créase o artigo 425 bis, co seguinte teor:

«Artigo 425 bis.

1. As normas relativas á abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común serán de aplicación ó instructor delegado e ó secretario do expediente disciplinario.

2. O dereito de recusación poderase exercer desde o momento en que o interesado teña coñecemento formal da identidade do instructor delegado e do secretario.

3. A abstención e recusación presentaranse ante o órgano que acordou o nomeamento, o cal, despois de oír-lo instructor delegado ou o secretario, resolverá no termo de tres días.

4. Contra os acordos adoptados en materia de abstención e recusación non procederá recurso ningún, sen prexuízo de que o interesado poida alega-la recusación no escrito de interposición do correspondente recurso que se interpoña contra o acordo que poña fin ó procedemento disciplinario.»

Cento vintedous. Engádese un novo título V ó libro IV, integrado por un único artigo, o 433 bis, nos seguintes termos:

#### «TÍTULO V

##### **Da formación continua dos xuíces e maxistrados**

Artigo 433 bis.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial garantirá que tódolos xuíces e maxistrados reciban unha formación continuada, individualizada, especializada e de alta calidade durante toda a súa carreira profesional.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial establecerá regulamentariamente un plan de formación continuada da carreira xudicial en que se detallarán os obxectivos, contidos, prioridades formativas e a programación plurianual destas actuacións.

3. Cada membro da carreira xudicial contará cun plan especializado en formación continuada mediante o cal se programarán de forma individualizada, en períodos de cinco anos, os obxectivos formativos, garantíndose a plena adaptación ás innovacións xurídicas con incidencia no exercicio das súas funcións xurisdiccionais.

O cumprimento dos obxectivos do plan especializado de formación de cada un dos xuíces e maxistrados será avaliado polo Consello Xeral do Poder Xudicial na forma regulamentariamente establecida, para efectos de ascensos e promoción profesional.

4. A Escola Xudicial desenvolverá os programas e impartirá os cursos de formación que integren o plan de formación continuada da carreira xudicial, e poderá, por isto, celebrar actividades formativas de maneira descentralizada, no ámbito autonómico ou provincial, e mediante colaboración, cando for o caso, con entidades e organismos expertos na impartición da formación de que se trate.»

O actual título V do libro IV pasa a se-lo título VI.

Cento vintetrés. Substitúese o actual contido do libro V polo seguinte:

#### «LIBRO V

##### **Dos secretarios xudiciais e da oficina xudicial**

#### TÍTULO I

##### **Réxime de organización e funcionamento da administración ó servizo de xuíces e tribunais**

#### CAPÍTULO I

##### **Da oficina xudicial**

Artigo 435.

1. A oficina xudicial é a organización de carácter instrumental que serve de soporte e apoio á actividade xurisdiccional de xuíces e tribunais.

2. A estrutura básica da oficina xudicial, que será homoxénea en todo o territorio nacional como consecuencia do carácter único do poder que serve, estará baseada nos principios de xerarquía, división de funcións e coordinación.

3. A oficina xudicial funcionará con criterios de axilidade, eficacia, eficiencia, racionalización do traballo, responsabilidade pola xestión, coordinación e cooperación entre administracións, de maneira que os cidadáns obteñan un servizo próximo e de calidade, con respecto ós principios recollidos na Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza.

4. Os postos de traballo da oficina xudicial soamente poderán ser cubertos por persoal dos corpos de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza, e ordenaranse de acordo co establecido nas relacións de postos de traballo.

«Artigo 436.

1. O elemento organizativo básico da estrutura da oficina xudicial será a unidade, que comprenderá os seus postos de traballo, vinculados funcionalmente por razón dos seus cometidos.

2. En atención ás súas funcións distinguiranse dous tipos de unidades: unidades procesuais de apoio directo e servizos comúns procesuais. A actividade principal destas unidades vén determinada pola aplicación de normas procesuais.

3. O deseño da oficina xudicial será flexible. A súa dimensión e organización serán determinadas pola Administración pública competente, en función da actividade que nela se desenvolva.

4. A oficina xudicial poderá presta-lo seu apoio a órganos de ámbito nacional, de comunidade autónoma, provincial, de partido xudicial ou de municipio, estendéndose o seu ámbito competencial ó dos órganos a que presta o seu apoio. O seu ámbito competencial tamén poderá ser comarcal.

5. As unidades que compoñen a oficina xudicial poderán desempeñar as súas funcións ó servizo de órganos dunha mesma xurisdicción, de varias xurisdiccions ou a órganos especializados, sen que, en ningún caso, o ámbito da oficina xudicial poida modifica-lo número e composición dos órganos xudiciais que constitúen a planta xudicial nin a circunscrición territorial deles establecida pola lei.

6. Os xuíces e maxistrados, nas causas de que teñan atribuído o coñecemento, poderán requirir en todo momento ó funcionario responsable canta información consideren necesaria.

«Artigo 437.

1. Para os efectos desta lei orgánica enténdese por unidade procesual de apoio directo aquela unidade da oficina xudicial que directamente asiste os xuíces e maxistrados no exercicio das funcións que lles son propias, realizando as actuacións necesarias para o exacto e eficaz cumprimento de cantas resolucións dicten.

2. Existirán tantas unidades procesuais de apoio directo como xulgados ou, se é o caso, salas ou seccións de tribunais estean creados e en funcionamento, integrando xunto ós seus titulares o respectivo órgano xudicial.

3. As unidades procesuais de apoio directo contarán cun secretario xudicial que exercerá as competencias e funcións que lle son propias. Por motivos de racionalización do servizo, un mesmo secretario xudicial poderá actuar en máis dunha destas unidades.

4. Cada unidade contará, ademais, cos postos de traballo necesarios para a atención do órgano

de que se trate, de acordo coa orde xurisdiccional a que pertenza, que se determinarán nas respectivas relacións de postos de traballo.

5. O Ministerio de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas con competencias asumidas, determinará as dotacións básicas destas unidades procesuais de apoio directo, que garantirán, en todo caso, o correcto funcionamento do órgano xurisdiccional.

«Artigo 438.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por servizo común procesual toda aquela unidade da oficina xudicial que, sen estar integrada nun órgano xudicial concreto, asume labores centralizados de xestión e apoio en actuacións derivadas da aplicación das leis procesuais.

2. Prestarán o seu apoio a todos ou a algún dos órganos xudiciais do seu ámbito territorial, con independencia da orde xurisdiccional a que pertencen e a extensión da súa xurisdicción.

3. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios serán competentes para o deseño, creación e organización dos servizos comúns procesuais, con funcións de rexistro e repartición, actos de comunicación, auxilio xudicial, execución de resolucións xudiciais e xurisdicción voluntaria. As salas de goberno e as xuntas de xuíces poderán solicitar ó ministerio e ás comunidades autónomas a creación de servizos comúns, conforme as específicas necesidades.

Así mesmo, poderán crear servizos comúns procesuais que asuman a ordenación do procedemento ou outras funcións distintas ás relacionadas neste número, caso en que será preciso o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. En razón da actividade concreta que realicen, os servizos comúns procesuais poderanse estruturar en seccións, que serán dotadas dos correspondentes postos de traballo, e estas, pola súa vez, se o servizo o require, en equipos.

5. Á fronte de cada servizo común procesual constituído no seo da oficina xudicial haberá un secretario xudicial, de quen dependerán funcionalmente o resto dos secretarios xudiciais e o persoal destinado nos postos de traballo en que se ordene o servizo de que se trate e que, en todo caso, deberá ser suficiente e adecuado ás funcións que ten asignadas.

6. O secretario xudicial que dirixa un servizo común procesual deberá facer cumprir, no ámbito organizativo e funcional que lle é propio, as ordes e circulares que reciba dos seus superiores xerárquicos. No ámbito xurisdiccional, responderán do estricto cumprimento de cantas actuacións ou decisións adopten xuíces ou tribunais no exercicio das súas competencias.

7. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá establecer criterios xerais que permitan a homoxeneidade nas actuacións dos servizos comúns procesuais da mesma clase en todo o territorio nacional que, en ningún caso, poderán incidir no exercicio da función xurisdiccional ou nas competencias das administracións públicas no ámbito da Administración de xustiza.

## CAPÍTULO II

### Das unidades administrativas

«Artigo 439.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por unidade administrativa aquela que, sen estar integrada na oficina xudicial, se constitúe no ámbito da organización da Administración de xustiza para a xefatura, ordenación e xestión dos recursos humanos da oficina xudicial sobre os cales se teñen competencias, así como sobre os medios informáticos, novas tecnoloxías e demais medios materiais.

Así mesmo, dentro das ditas unidades, o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos, poderán establecer oficinas comúns de apoio a unha ou varias oficinas xudiciais, para a prestación de servizos, a natureza dos cales non esixa a realización de funcións encomendadas como propias por esta lei orgánica ós funcionarios dos corpos da Administración de xustiza e que se consideren necesarios ou convenientes para o seu bo funcionamento.

2. Corresponde a cada Administración no seu propio ámbito territorial, o deseño, a creación e organización das unidades administrativas necesarias e das oficinas comúns de apoio, a determinación da súa forma de integración na Administración pública de que se trate, o seu ámbito de actuación, dependencia xerárquica, establecemento dos postos de traballo, ben como a dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.

3. Os postos de traballo destas unidades administrativas, a determinación dos cales corresponderá ó Ministerio de Xustiza e ás comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, poderán ser cubertos con persoal dos corpos de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza, da Administración do Estado e das comunidades autónomas que reúnan os requisitos e condicións establecidos na respectiva relación de postos de traballo.

4. Os funcionarios que prestan os seus servizos nas oficinas xudiciais, coa excepción dos secretarios xudiciais, sen prexuízo da súa dependencia funcional, dependen organicamente do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos.

## TÍTULO II

### Do corpo dos secretarios xudiciais

## CAPÍTULO I

### Estatuto persoal

Artigo 440.

Os secretarios xudiciais son funcionarios públicos que constitúen un corpo superior xurídico, único, de carácter nacional, ó servizo da Administración de xustiza, dependente do Ministerio de Xustiza, e que exercen as súas funcións co carácter de autoridade.

Artigo 441.

1. No corpo de secretarios xudiciais existirán tres categorías e o ingreso nel terá lugar pola terceira categoría.

2. Todo secretario xudicial posuirá unha categoría persoal. En ningún caso un secretario xudicial da terceira categoría poderá optar a unha praza da primeira.

3. A consolidación dunha categoría persoal esixe o desempeño de postos de traballo correspondentes a esa categoría polo menos durante cinco anos continuados ou sete con interrupción.

4. Non se poderá comezar a consolidar unha categoría superior sen previamente ter consolidado a inferior.

5. A categoría consolidada determina a percepción do soldo correspondente a ela, con independencia do posto de traballo que se desempeñe.

6. Para estes efectos, o Ministerio de Xustiza establecerá os tres grupos en que se clasificarán os postos de traballo que desempeñarán os secretarios xudiciais.

#### Artigo 442.

1. Os funcionarios do corpo de secretarios xudiciais serán seleccionados mediante convocatoria do Ministerio de Xustiza, a través dos sistemas de oposición, que será o sistema ordinario de ingreso, ou de concurso-oposición libre, que terá carácter excepcional e no cal as probas de coñecemento terán un contido análogo ás da oposición libre. Ámbolos procedementos deberán garantir, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e tamén de publicidade, na forma en que dispón esta lei orgánica e as disposicións regulamentarias que a desenvolvan.

2. Reservarase o cincuenta por cento das prazas vacantes do corpo de secretarios xudiciais para a súa provisión por promoción interna mediante o sistema de concurso-oposición polos funcionarios de carreira do corpo de xestión procesual e administrativa que leven, polo menos, dous anos de servizos efectivos nel. Para estes efectos computaranse os servizos prestados no corpo de oficiais da Administración de xustiza do cal, se é o caso, procedan.

As restantes vacantes, ás cales se acrecentarán as vacantes que non se cubran por promoción interna, se as houber, cubriranse por quenda libre mediante oposición ou, se é o caso, concurso-oposición.

3. Para o ingreso no corpo de secretarios xudiciais, calquera que sexa a súa forma de acceso, requírese ser español, licenciado en dereito, non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, así como supera-las probas selectivas que se establezan e o correspondente curso teórico-práctico, que poderá ter carácter selectivo.

#### Artigo 443.

1. A condición de secretario xudicial adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Reuni-los requisitos e cumpri-las condicións esixidas na convocatoria.
- b) Superación dos procesos selectivos.
- c) Nomeamento expedido polo ministro de Xustiza e publicado no «Boletín Oficial del Estado».
- d) Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo e de cumprir e facer cumprir a Constitución como norma fundamental.
- e) Tomar posesión dentro do prazo establecido.

2. A condición de secretario xudicial pérdese nos seguintes supostos:

- a) Por renuncia voluntaria manifestada por escrito e aceptada expresamente polo Ministerio de Xustiza.
- b) Por perda da nacionalidade española.
- c) Por sanción disciplinaria de separación do servizo.
- d) Por inhabilitación absoluta ou especial imposta como pena principal ou accesoria polos tribunais cando sexa firme.
- e) Por xubilación, sexa voluntaria ou forzosa, ou por incapacidade permanente para o servizo.
- f) Por condena a pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso.

#### Artigo 444.

1. Os funcionarios do corpo de secretarios xudiciais terán iguais dereitos individuais, colectivos e deberes, que os establecidos no libro VI desta lei orgánica.

2. O réxime establecido no número anterior será aplicable ós secretarios xudiciais substitutos, na medida en que a natureza do dereito o permita, quedando integrados, para efectos de seguridade social, no Réxime Xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 445.

1. As situacións administrativas en que se poñan a achalos secretarios xudiciais, así como a súa xubilación, serán iguais e procederá a súa declaración nos supostos e cos efectos establecidos nesta lei orgánica para xuíces e maxistrados.

2. Estarán suxeitos ás mesmas incapacidades, incompatibilidades e prohibicións con excepción das previstas no artigo 395.

#### Artigo 446.

1. Os secretarios xudiciais deberanse abster nos casos establecidos para os xuíces e maxistrados e, se non o fixeren, poderán ser recusados.

2. A abstención formularase por escrito motivado dirixido ó xuíz ou maxistrado, se se tratar dun xulgado, ó presidente, se se tratar dunha sala ou sección ou ó xuíz decano se desempeñar as súas funcións nun servizo común, os cales decidirán, respectivamente, a cuestión.

En caso de confirmarse a abstención, o secretario xudicial que se abstivese debe ser substituído polo seu substituto legal; en caso de denegarse, deberá aquel continuar actuando no asunto.

3. Serán aplicables á recusación dos secretarios as prescricións que establece esta lei para xuíces e maxistrados coas seguintes excepcións:

- a) Os secretarios xudiciais non poderán ser recusados durante a práctica de calquera dilixencia ou actuación de que estiveren encargados.
- b) A peza de recusación será instruída e resolta polos mesmos xuíces ou maxistrados competentes para coñeceren da abstención.
- c) Presentado o escrito de recusación, o secretario xudicial recusado informará detalladamente por escrito se reconece ou non como certa e lexítima a causa alegada.
- d) Cando o recusado reconeza como certa a causa da recusación, o tribunal dictará auto, sen máis trámites e sen ulterior recurso, téndoo por recusado, se considera que a causa é legal. Se considera que a causa non é das tipificadas na lei,

declarará non haber lugar á recusación. Contra este auto non se dará recurso ningún.

Cando o recusado negue a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, procederáse conforme o previsto no número 3 do artigo 225 desta lei.

e) O secretario xudicial recusado, desde o momento en que sexa presentado o escrito de recusación, será substituído polo seu substituto legal.

#### Artigo 447.

1. As retribucións serán básicas e complementarias.

2. Os conceptos retributivos básicos serán iguais ós establecidos na lei para a carreira xudicial.

3. Os conceptos retributivos complementarios serán os seguintes:

a) O complemento xeral de posto, que retribúe as súas características xerais;

b) O complemento específico, único para cada posto de traballo e destinado a retribuí-las súas condicións particulares;

c) O complemento de produtividade, destinado a retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, así como a súa participación nos programas concretos de actuación e na consecución dos obxectivos que determine o Ministerio de Xustiza, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial, e negociados coas organizacións sindicais máis representativas.

Tamén se poderá retribuír mediante este complemento a participación dos secretarios xudiciais nos programas ou na consecución dos obxectivos que determinasen os órganos competentes das comunidades autónomas con competencias asumidas para as oficinas xudiciais do seu territorio, sempre que exista autorización previa do Ministerio de Xustiza.

Para tal efecto, estableceranse os mecanismos de coordinación necesarios entre as administracións competentes.

d) As gratificacións, destinadas a retribuí-los servicios de carácter extraordinario prestados fóra da xornada normal de traballo.

4. Ademais das retribucións sinaladas anteriormente, os secretarios xudiciais poderán percibi-las seguintes retribucións, que teñen a condición de especiais:

a) As correspondentes a desempeño de servicios de garda.

b) As correspondentes a substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, ademais daquelas de que sexa titular.

Estas retribucións serán compatibles con tódolos conceptos retributivos previstos anteriormente.

5. Os secretarios substitutos non profesionais percibirán as retribucións correspondentes ó posto de traballo desempeñado, excepto a correspondente ó concepto de antigüidade.

#### Artigo 448.

1. A contía do soldo establecerase para cada unha das categorías en que se estrutura o corpo de secretarios xudiciais e a antigüidade remunerarase mediante un incremento sucesivo do cinco

por cento do soldo inicial correspondente á categoría de ingreso por cada tres anos de servizo. En todo caso respectarase a contía dos trienios recoñecida ós secretarios xudiciais pertencentes ó extinguido corpo dos secretarios da Maxistratura de Traballo. Os secretarios xudiciais terán dereito a percibir dúas pagas extraordinarias ó ano polo importe, cada unha delas, dunha mensuralidade de soldo e antigüidade e, se é o caso, unha cantidade proporcional do complemento xeral de posto, nos termos que se fixen por lei para a Administración de xustiza, que se farán efectivas nos meses de xuño e decembro, sempre que os perceptores estiveren en servizo activo ou con dereito a devengo do soldo o día primeiro dos meses indicados.

2. A contía das retribucións básicas e dos complementos xerais de posto virá determinada na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

3. O Goberno, mediante real decreto, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e Facenda, determinará os diferentes tipos de postos adscritos ós secretarios xudiciais para efectos do complemento xeral de posto, a asignación inicial dos complementos específicos que correspondan e as retribucións que procedan por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.

4. A concreción da contía individual do complemento de produtividade e a determinación do número de funcionarios con dereito á súa percepción, levaranse a cabo mediante resolución do Ministerio de Xustiza, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

5. Mediante orde ministerial, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e de Facenda, logo de negociación coas organizacións sindicais, procederáse á determinación da remuneración por servizo de garda.

6. A asignación individual da contía das gratificacións e a fixación dos criterios para a súa percepción determinaranse por resolución do Ministerio de Xustiza.

#### Artigo 449.

1. Os funcionarios que se encontren en período de prácticas ou desenvolvendo os cursos selectivos a que se refire o artigo 485 serán nomeados funcionarios en prácticas e percibirán unha retribución equivalente ó soldo e as pagas extraordinarias correspondentes ó corpo de secretarios xudiciais da terceira categoría.

2. Os funcionarios en prácticas que xa estivesen a prestar servizos remunerados na Administración de xustiza, durante o período de prácticas non poderán percibir remuneración ningunha polo posto de traballo de orixe e poderán optar por unha remuneración de igual importe á que lles correspondía no posto de traballo de orixe ou pola que lles corresponda como funcionario en prácticas, de acordo co disposto no número anterior.

3. Se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe sinalado no número primeiro incrementarase nas retribucións complementarias dese posto.

#### Artigo 450.

1. A provisión de postos de traballo levarase a cabo polo procedemento de concurso, que será o sistema ordinario de provisión.



Cando se trate de postos de carácter directivo ou de especial responsabilidade, poderanse cubrir polo procedemento de libre designación.

O nomeamento de secretarios xudiciais para postos de traballo radicados no ámbito territorial dunha comunidade autónoma con competencias asumidas, que se deban cubrir por este procedemento, requirirá o informe previo do órgano competente desa comunidade.

En todo caso, o sistema de provisión deberá estar determinado nas correspondentes relacións de postos de traballo.

2. Excepcionalmente e cando as necesidades do servizo o requiran, os postos de traballo tamén se poderán cubrir de forma temporal mediante adscrición provisoria ou en comisión de servizos.

3. Regulamentariamente estableceranse as normas e os requisitos a que se deberán axustar os procedementos de provisión de postos de traballo.

En todo caso, para poder concursar deberá ter transcorrido un período mínimo de dous anos, contados desde a data da resolución por que se convocou o concurso de traslados en que o funcionario obtivo o seu último destino definitivo, desde o cal participa, ou desde a data da resolución en que se lle adxudicou destino definitivo, se se trata de funcionarios de novo ingreso. Os secretarios xudiciais que non teñan destino definitivo, obrigados a participar nos concursos de acordo coa normativa vixente, están excluídos desta limitación temporal.

4. Naquelas comunidades autónomas que gocen de dereito civil, foral ou especial, e de idioma oficial propios, o seu coñecemento valorarase como mérito.

#### Artigo 451.

1. As substitucións por ausencia, enfermidade, suspensión ou vacante de secretarios xudiciais serán cubertas por quen sexa designado polo seu inmediato superior xerárquico.

2. Esta designación unicamente poderá recaer noutro secretario xudicial ou nun secretario xudicial substituto, quen exercerá as funcións previstas nesta lei orgánica para os secretarios xudiciais aínda sen pertencer a ese corpo, sen carácter de profesionalidade e con inamovibilidade temporal, gozando dos mesmos dereitos e deberes que o seu titular e con idéntica amplitude que este.

Neste segundo caso, o Ministerio de Xustiza determinará os requisitos e o procedemento para o seu nomeamento e cesamento.

3. Excepcionalmente, cando non houbese suficiente número de secretarios xudiciais, nos supostos de entradas e rexistros en lugares fechados acordados por un único órgano xudicial da Audiencia Nacional e que deban ser realizados de forma simultánea, os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa poderán, en substitución do secretario xudicial, intervenir en calidade de fedatarios e emiti-la correspondente acta.

## CAPÍTULO II

### Das funcións dos secretarios xudiciais

#### Artigo 452.

1. Os secretarios xudiciais desempeñarán as súas funcións con suxeición ó principio de le-

lidade e imparcialidade en todo caso, ó de autonomía e independencia no exercicio da fe pública xudicial, así como ó de unidade de actuación e dependencia xerárquica en tódalas demais que lles encomenden esta lei e as normas de procedemento respectivo, así como o seu regulamento orgánico. As funcións dos secretarios xudiciais non serán obxecto de delegación nin de habilitación, sen prexuízo do establecido no artigo 451.3.

2. No exercicio das súas funcións, os secretarios xudiciais cumprarán e velarán polo cumprimento de tódalas decisións que adopten os xuíces ou tribunais no ámbito das súas competencias.

3. Os secretarios xudiciais colaborarán coas comunidades autónomas con competencias asumidas para a efectividade das funcións que estas teñan atribuídas en materia de medios persoais e materiais, dando cumprimento ás instrucións que para tal efecto reciban dos seus superiores xerárquicos. Para unha mellor coordinación poderanse constituír comisións mixtas de secretarios xudiciais e representantes das comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos territoriais.

#### Artigo 453.

1. Corresponde ós secretarios xudiciais, con exclusividade e plenitude, o exercicio da fe pública xudicial. No exercicio desta función, deixarán constancia de maneira que faga fe da realización de actos procesuais no tribunal ou ante este e da produción de feitos con transcendencia procesual mediante as oportunas actas e dilixencias.

Cando se utilicen medios técnicos de gravación ou reprodución, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e a integridade do gravado ou reproducido.

2. Os secretarios xudiciais expedirán certificacións ou testemuños das actuacións xudiciais non declaradas secretas nin reservadas ás partes, con expresión do seu destinatario e o fin para o cal se solicitan.

3. Autorizarán e documentarán o outorgamento de poderes para preitos, nos termos establecidos nas leis procesuais.

4. No exercicio desta función non precisarán da intervención adicional de testemuñas.

#### Artigo 454.

1. Os secretarios xudiciais son responsables da función de documentación que lles é propia, así como da formación dos autos e expedientes, deixando constancia das resolucións que dicten os xuíces e maxistrados, ou eles mesmos cando así o autorice a lei.

2. Os secretarios xudiciais exercerán competencias de organización, xestión, inspección e dirección do persoal en aspectos técnicos procesuais, asegurando en todo caso a coordinación cos órganos de goberno do poder xudicial e coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

3. Garantirán que a repartición de asuntos se realiza de conformidade coas normas que para tal efecto aproben as salas de goberno dos tribunais de xustiza e serán responsables do bo funcionamento do rexistro de recepción de documentos, expedindo cando for preciso as certificacións que nesta materia sexan solicitadas polas partes.

4. Facilitarán ás partes interesadas e a cantos manifesten e xustifiquen un interese lexítimo e directo a información que soliciten sobre o estado das actuacións xudiciais non declaradas secretas nin reservadas.

5. Promoverán o emprego dos medios técnicos, audiovisuais e informáticos de documentación con que conte a unidade onde prestan os seus servizos.

#### Artigo 455.

Será responsabilidade do secretario xudicial a dación de conta, que se realizará nos termos establecidos nas leis procesuais.

#### Artigo 456.

1. O secretario xudicial impulsará o proceso nos termos que establecen as leis procesuais.

2. Para tal efecto, dictará as resolucións necesarias para a tramitación do proceso, salvo aquelas que as leis procesuais reserven a xuíces ou tribunais. Estas resolucións denominaranse dilixencias, que poderán ser de ordenación, de constancia, de comunicación ou de execución. As dilixencias de ordenación serán impugnables ante o xuíz ou o relator, nos casos e formas previstos nas leis procesuais.

3. Os secretarios xudiciais, cando así o prevean as leis procesuais, terán competencias nas seguintes materias:

a) A execución salvo aquelas competencias que exceptúen as leis procesuais por estaren reservadas a xuíces e maxistrados.

b) Xurisdicción voluntaria, asumindo a súa tramitación e resolución, sen prexuízo dos recursos que caiba interpor.

c) Conciliacións, levando a cabo o labor mediador que lles sexa propio.

d) Calquera outra que expresamente se prevea.

4. Chámase decreto a resolución que dicte o secretario xudicial co fin de pór termo ó procedemento de que teña atribuída exclusiva competencia, ou cando sexa preciso ou conveniente razoala súa decisión. Será sempre motivado e conterá, en parágrafos separados e numerados, os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito en que se basea.

#### Artigo 457.

Os secretarios xudiciais dirixirán no aspecto técnico-procesual o persoal integrante da oficina xudicial, ordenando a súa actividade e impartindo as ordes e instrucións que coide pertinentes no exercicio desta función.

#### Artigo 458.

1. Os secretarios xudiciais serán responsables do arquivo xudicial de xestión, no cal, de conformidade coa normativa establecida para o efecto, se conservarán e custodiarán aqueles autos e expedientes a tramitación dos cales non estea finalizada, salvo o tempo en que estiveren en poder do xuíz ou do maxistrado relator ou doutros maxistrados integrantes do tribunal.

2. Por real decreto estableceranse as normas reguladoras da ordenación e arquivo de autos e expedientes que non estivesen pendentes de actuación ningunha, así como da expurgación dos arquivos xudiciais.

3. Corresponde ó Ministerio de Xustiza a determinación dos libros de rexistro que deben existir nos xulgados e tribunais e establece-las normas reguladoras da súa conservación mediante os regulamentos oportunos.

4. O secretario xudicial será responsable da conservación dos libros de rexistro a través das aplicacións informáticas correspondentes e, no seu defecto, manualmente, impartindo as oportunas instrucións ó persoal del dependente.

#### Artigo 459.

1. Os secretarios xudiciais responderán do depósito dos bens e obxectos afectos ós expedientes xudiciais, así como do das pezas de convicción nas causas penais, nos locais dispostos para tal fin, todo isto sen prexuízo das excepcións que se poidan establecer regulamentariamente canto ó destino que se deba dar a estes en supostos especiais.

2. Os secretarios xudiciais responderán do debido depósito nas institucións que se determinen de cantas cantidades e valores, consignacións e fianzas se produzan, seguindo as instrucións que para o efecto se dicten.

#### Artigo 460.

Os secretarios xudiciais colaborarán coa Administración tributaria na xestión dos tributos que lles sexa encomendada na normativa específica.

#### Artigo 461.

1. A estatística xudicial, que se elaborará conforme os criterios que se establezan, será responsabilidade dos secretarios xudiciais. Os secretarios de goberno respectivos velarán polo seu cumprimento contrastando a veracidade dos datos.

2. A estatística xudicial constitúe un instrumento básico ó servizo das administracións públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas relativas á Administración de xustiza e, en particular, para as seguintes finalidades:

a) O exercicio da política lexislativa do Estado en materia de xustiza.

b) A modernización da organización xudicial.

c) A planificación e xestión dos recursos humanos e medios materiais ó servizo da Administración de xustiza.

d) O exercicio da función de inspección sobre os xulgados e tribunais.

A estatística xudicial asegurará, no marco dun plan de transparencia, a dispoñibilidade permanente e en condicións de igualdade polas Cortes Xerais, o Goberno, as comunidades autónomas, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado de información actualizada, rigorosa e debidamente contrastada sobre a actividade e carga de traballo de tódolos órganos, servizos e oficinas xudiciais de España, así como sobre as características estatísticas dos asuntos sometidos ó seu coñecemento. Os cidadáns terán pleno acceso á estatística xudicial.

3. A Comisión Nacional de Estatística Xudicial, integrada polo Ministerio de Xustiza, unha representación das comunidades autónomas con competencias na materia, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, aprobará os plans estatísticos, xerais e especiais, da Administración de xustiza e establecerá criterios uniformes

e de obrigado cumprimento para todos sobre a obtención, tratamento informático, transmisión e explotación dos datos estatísticos do sistema xudicial español.

A estrutura, composición e funcións da Comisión Nacional de Estatística Xudicial será establecida regulamentariamente polo Goberno, mediante real decreto, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Fiscal Xeral do Estado, da Axencia de Protección de Datos e das comunidades autónomas con competencias na materia.

4. Non obstante, as administracións públicas con competencias en materias de Administración de xustiza poderán levar a cabo as explotacións doutros datos estatísticos que poidan ser solicitados a través dos sistemas informáticos, sempre que se consideren necesarias ou útiles para a súa xestión.

Artigo 462.

Os secretarios xudiciais asumirán todas aquelas outras funcións que legal e regulamentariamente se establezan.

### CAPÍTULO III

#### Da ordenación do corpo de secretarios

Artigo 463.

1. Baixo a superior dependencia do Ministerio de Xustiza, o corpo de secretarios xudiciais ordénase xerarquicamente na forma que se determine nas relacións de postos de traballo. Neste sentido, realizarán todas aquelas funcións de natureza análoga á das que lles son propias, inherentes ó posto de traballo que ocupen e que lles sexan encomendadas polos seus superiores.

2. Os órganos superiores son:

- a) O secretario de goberno.
- b) O secretario coordinador provincial.

3. Cando nun servizo común procesual prestaren servizos varios secretarios xudiciais, a relación de postos de traballo determinará a súa dependencia xerárquica e funcional.

4. Como instrumento de participación democrática do colectivo do corpo de secretarios xudiciais, constituirase un Consello do Secretariado no seo do Ministerio de Xustiza, con funcións consultivas nas materias que afecten o mencionado corpo. A súa organización, funcionamento e competencias desenvolveranse regulamentariamente.

Artigo 464.

1. Haberá un secretario de goberno no Tribunal Supremo, na Audiencia Nacional, e en cada tribunal superior de xustiza, así como nas cidades de Ceuta e Melilla, elixido entre membros integrantes do corpo de secretarios xudiciais que teñan consolidada, polo menos, a categoría segunda cun mínimo de 10 anos de antigüidade, que exercerá, ademais, as funcións de secretario da sala de goberno do respectivo tribunal.

2. O secretario de goberno exercerá, como superior xerárquico, a dirección dos secretarios xudiciais que prestan os seus servizos nas oficinas xudiciais dependentes dos ditos tribunais e nas cidades de Ceuta e Melilla. Para isto exercerá as competencias que esta lei orgánica lles reconece,

así como todas aquelas que regulamentariamente se establezan.

3. Será nomeado e removido libremente polo Ministerio de Xustiza. O nomeamento realizarase por proposta do órgano competente das comunidades autónomas cando estas tiveren competencias asumidas en materia de Administración de xustiza, que tamén poderán propo-lo seu cesamento.

En todo caso para o seu nomeamento solicitarase informe da sala de goberno do tribunal respectivo así como do Consello do Secretariado. Para o das cidades de Ceuta e Melilla o informe será emitido pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía.

Para o nomeamento do secretario de goberno do Tribunal Supremo e o da Audiencia Nacional requirirase informe favorable das súas respectivas salas de goberno.

4. En caso de ausencia, enfermidade, suspensión ou vacante do secretario de goberno do Tribunal Supremo ou da Audiencia Nacional así como das cidades de Ceuta e Melilla, asumirá as súas funcións o secretario de maior antigüidade na escala. Nestes mesmos supostos e respecto do secretario de goberno dos tribunais superiores de xustiza, asumirá as súas funcións o secretario coordinador da provincia onde teña a súa sede o respectivo tribunal ou, no seu defecto, o secretario de maior antigüidade na escala.

5. Os secretarios de goberno que cesaren no seu cargo quedarán adscritos ó tribunal en que cesen ata a consolidación da praza correspondente, ou a órgano da súa categoría da cidade de procedencia, podendo optar con carácter preferente, durante os dous anos seguintes, por calquera praza da súa categoría das que se deban prover por concurso voluntario.

6. As administracións públicas competentes, nos seus respectivos territorios, dotarán os secretarios de goberno dos medios materiais e recursos humanos necesarios para o exercicio das funcións que teñen atribuídas.

Artigo 465.

Serán competencias dos secretarios de goberno:

1. A inspección dos servizos que sexan responsabilidade dos secretarios xudiciais do seu respectivo ámbito competencial, sen prexuízo da que corresponda ó Consello Xeral do Poder Xudicial, ás salas de goberno ou, se é o caso, ó presidente do tribunal ou da sala respectivos.

2. A incoación de expedientes disciplinarios polas posibles infraccións que os secretarios xudiciais poidan cometer no exercicio das súas funcións, ben como a imposición da sanción de apercibimento.

3. Propor ó Ministerio de Xustiza o nomeamento dos secretarios xudiciais de libre designación no seu ámbito territorial que participasen na correspondente convocatoria, ben como o seu cesamento cando este proceda.

4. Control e seguimento estatístico.

5. Dirección e organización dos secretarios xudiciais que del dependan, respectando e tutelando a súa independencia no exercicio da fe pública.

6. Impartir instrucións ós secretarios xudiciais do seu respectivo ámbito territorial, por solicitude das comunidades autónomas con com-

petencias asumidas, cando sexa precisa a colaboración daqueles para garanti-la efectividade das funcións que teñen estas en materia de medios persoais e materiais ó servizo da Administración de xustiza.

7. Propor ó Ministerio de Xustiza ou, cando for o caso, á comunidade autónoma con competencias transferidas, as medidas que, ó seu xuízo, se deberían adoptar para o mellor funcionamento da Administración de xustiza que foren da súa respectiva competencia, comunicando ó Ministerio de Xustiza cantas incidencias afecten os secretarios xudiciais que del dependan.

8. Cursar circulares e instrucións de servizo ós secretarios xudiciais do seu territorio, así como velar polo correcto cumprimento das que, pola súa vez, dirixa o Ministerio de Xustiza, as cales en ningún caso poderán supor unha intromisión no desenvolvemento da actividade procesual de xuíces ou maxistrados, nin contradici-las decisións adoptadas pola sala de goberno no ámbito das súas competencias. Tampouco poderán impartir instrucións particulares relativas a asuntos concretos en que un secretario xudicial interveña en calidade de fedatario ou no exercicio das súas competencias de ordenación e dirección do proceso.

9. Concesión de permisos e licencias ós secretarios xudiciais do seu territorio.

10. As demais previstas no Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais.

#### Artigo 466.

1. En cada provincia existirá un secretario coordinador, nomeado polo Ministerio de Xustiza polo procedemento de libre designación, por proposta do secretario de goberno, de acordo coas comunidades autónomas con competencias asumidas, de entre todos aqueles que se presenten á convocatoria pública.

Ademais, na comunidade autónoma das Illes Balears haberá un secretario coordinador nas illas de Menorca e Ibiza, e na Comunidade Autónoma de Canarias, outro nas illas de Lanzarote e de La Palma.

Nas comunidades autónomas uniprovinciais, as funcións do secretario coordinador serán asumidas polo secretario de goberno, salvo naquelas que, por razón do servizo, sexa aconsellable a súa existencia.

2. Os requisitos e o procedemento para o seu nomeamento determinaranse no regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, ben que en todo caso deberá contar con polo menos cinco anos de antigüidade na segunda categoría.

3. En casos de ausencia, enfermidade, suspensión ou vacante, será substituído polo secretario xudicial que designe o secretario de goberno de entre os destinados na súa provincia respectiva, que reúna os requisitos esixidos para o seu nomeamento.

4. Os secretarios coordinadores que cesaren no seu cargo quedarán adscritos á oficina xudicial en que cesen ata a consolidación da praza correspondente, ou a un órgano da súa categoría da cidade de procedencia, podendo optar con carácter preferente, durante os dous anos seguintes, por calquera praza da súa categoría das que se deban prover por concurso voluntario.

#### Artigo 467.

Baixo a dependencia directa do secretario de goberno, o secretario coordinador exercerá as seguintes competencias:

1. Dictar instrucións de servizo ós secretarios xudiciais do seu ámbito territorial para o adecuado funcionamento dos servizos que teñen encomendados.

2. Controla-la correcta execución das circulares e instrucións de servizo que dicte o secretario de goberno de que dependa.

3. Dar conta de forma inmediata ó secretario de goberno de cantos feitos sexan relevantes para o bo funcionamento da Administración de xustiza, así como das necesidades de medios persoais e materiais das secretarías situadas no seu territorio.

4. Colaborar coas comunidades autónomas con competencias asumidas, para a efectividade das funcións que estas teñan atribuídas en materia de medios persoais e materiais.

5. Coordina-lo funcionamento de cantos servizos comúns procesuais se encontren situados no seu territorio ou, se é o caso, asumir directamente a súa dirección cando exista un único servizo común procesual provincial.

6. Propor ó Ministerio de Xustiza as comisións de servizo de secretarios xudiciais que, dentro do seu territorio, sexan precisas para o correcto funcionamento das oficinas xudiciais.

7. Resolve-las substitucións dos secretarios xudiciais do seu ámbito valorando, se é o caso, os requisitos que deberá satisfacer-lo substituto en relación co posto que deba substituír.

8. As demais que establezan as leis e o seu propio regulamento orgánico.

## CAPÍTULO IV

### Da responsabilidade disciplinaria

#### Artigo 468.

1. Os secretarios xudiciais estarán suxeitos a responsabilidade disciplinaria, nos supostos e de acordo cos principios que se establecen no libro VI desta lei orgánica para os funcionarios dos corpos ó servizo da Administración de xustiza, e serán obxecto de iguais sancións.

2. Non se poderá impor sanción pola comisión dunha falta grave ou moi grave senón en virtude de expediente disciplinario instruído para o efecto, mediante o procedemento que se establece no Regulamento xeral de réxime disciplinario dos funcionarios ó servizo da Administración de xustiza.

Para a imposición de sancións por faltas leves, non será preceptiva a instrución previa do expediente, salvo o trámite de audiencia ó interesado.

Ademais dos autores, serán responsables disciplinariamente os superiores que, tendo coñecemento dos feitos, os consentiren, así como os que induciren ou encubriren as faltas moi graves e graves cando de tales actos deriven graves danos para a Administración ou os cidadáns.

3. As comunidades autónomas con competencias asumidas poderán promover a responsabilidade disciplinaria dos secretarios xudiciais con destino en órganos xudiciais radicados no seu territorio ante as autoridades competentes para a incoación e tramitación dos expedientes disciplinarios, os cales darán conta a aquelas das decisións que se adopten.

4. O procedemento disciplinario que se estableza en desenvolvemento desta lei orgánica deberá garantir ó secretario xudicial expedientado, ademais dos recoñecidos polo artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os seguintes dereitos:

- a) Á presunción de inocencia.
- b) A ser notificado do nomeamento de instructor e secretario, así como a recusalos.
- c) A ser notificado dos feitos imputados, da infracción que constitúan e das sancións que, se é o caso, se poidan impor, así como da resolución sancionadora.
- d) A formular alegacións.
- e) A propor cantas probas sexan adecuadas para a determinación dos feitos.
- f) A poder actuar no procedemento asistido de letrado ou dos representantes sindicais que determine.

5. Cando da instrución dun procedemento disciplinario resulte a existencia de indicios fundados da comisión dunha infracción penal, suspenderase a súa tramitación, pódoo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

6. A incoación dun procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, mais non se dictará resolución neste mentres non se dicte sentenza firme ou auto de sobresemento na causa penal.

En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ó procedemento penal vinculará a resolución que se dicte no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poida merecer unha e outra vía.

Soamente poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico e ben xurídico protexido.

#### Artigo 469.

1. Son competentes para a incoación de expedientes disciplinarios ós funcionarios do corpo de secretarios xudiciais, o Ministerio de Xustiza, o secretario de goberno e os secretarios coordinadores provinciais. A tramitación corresponde ó Ministerio de Xustiza.

2. As faltas clasifícanse en moi graves, graves e leves, de acordo co catálogo previsto no artigo 536 desta lei.

3. Para a imposición das sancións serán competentes:

- a) O secretario de goberno e o secretario coordinador provincial, para a sanción de apercibimento.
- b) O ministro de Xustiza, para a de suspensión, traslado forzoso e separación do servizo.»

Cento vintecatro. Substitúese o actual contido do libro VI polo seguinte:

## «LIBRO VI

### **Dos corpos de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza e doutro persoal**

#### TÍTULO I

#### **Disposicións comúns**

#### CAPÍTULO I

### **Do persoal dos corpos de médicos forenses, de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de xestión procesual e administrativa, de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio procesual, de axudantes de laboratorio e doutro persoal ó servizo da Administración de xustiza**

#### Artigo 470.

1. Este libro ten por obxecto a determinación do estatuto xurídico, de conformidade co previsto no artigo 122 da Constitución española, dos funcionarios que integran os corpos de médicos forenses, de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de xestión procesual e administrativa, de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de tramitación procesual e administrativa, de auxilio xudicial e de auxiliares de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

2. Os citados corpos de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza terán o carácter de corpos nacionais.

#### Artigo 471.

1. As competencias respecto de todo o persoal ó servizo da Administración de xustiza a que se refire o artigo anterior corresponden, nos termos establecidos nesta lei, ó Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, ás comunidades autónomas con competencias asumidas, en tódalas materias relativas ó seu estatuto e réxime xurídico, comprendidas a selección, formación inicial e continuada, provisión de destinos, ascensos, situacións administrativas, xornada laboral, horario de traballo e réxime disciplinario.

2. Nos mesmos termos, o Goberno ou, se é o caso, as comunidades autónomas con competencias na materia, aprobarán os regulamentos que esixa o desenvolvemento deste libro.

#### Artigo 472.

1. Os funcionarios de carreira dos corpos mencionados están vinculados á Administración de xustiza en virtude de nomeamento legal, por unha relación estatutaria de carácter permanente, para o desempeño de servizos retribuídos.

2. Por razóns de urxencia ou necesidade, poderanse nomear funcionarios interinos, que desenvolverán as funcións propias deses corpos en canto non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.

## Artigo 473.

1. Poderán prestar servicios na Administración de xustiza funcionarios doutras administracións que, con carácter ocasional ou permanente, sexan necesarios para auxiliála no desenvolvemento de actividades concretas que non sexan as propias dos corpos de funcionarios a que se refire este libro e que requiran coñecementos técnicos ou especializados.

2. Así mesmo, cando non existan corpos ou escalas de funcionarios os membros das cales teñan a preparación técnica necesaria para o desempeño de determinadas actividades específicas ou para a realización de actividades propias de oficios, así como de carácter instrumental, correspondentes a áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos ou instalacións ou outras análogas, poderá prestar servicios retribuídos na Administración de xustiza persoal contratado en réxime laboral.

## Artigo 474.

1. O persoal funcionario de carreira dos corpos ó servizo da Administración de xustiza rexerá polas normas contidas nesta lei orgánica, nas disposicións que se dicten no seu desenvolvemento e, con carácter supletorio, no non regulado expresamente nelas, pola normativa do Estado sobre función pública.

2. Ós funcionarios interinos seralles aplicable o réxime dos funcionarios de carreira no que sexa adecuado á natureza da súa condición e non lles será de aplicación o réxime de clases pasivas.

3. Ó persoal funcionario doutras administracións que preste servicios na Administración de xustiza para a realización de funcións concretas e especializadas, seralles de aplicación o disposto para estas situacións na normativa da Administración pública de que procedan.

4. O persoal laboral rexerá polas disposicións legais e regulamentarias, polo convenio colectivo que lles sexa de aplicación e polas estipulacións do seu contrato de traballo.

## Artigo 475.

Os corpos de funcionarios a que se refire o artigo anterior clasificaranse en:

a) Corpos xerais, cando o seu cometido consista esencialmente en tarefas de contido procesual, sen prexuízo da realización de funcións administrativas vinculadas ás anteriores.

Son corpos xerais:

O corpo de xestión procesual e administrativa. A titulación esixida para o acceso a este corpo é a de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente.

O corpo de tramitación procesual e administrativa. Para o acceso a este corpo esixírase estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente.

O corpo de auxilio xudicial. Para ingresar nel esixírase estar en posesión do título de graduado na ESO ou equivalente.

b) Corpos especiais, cando o seu cometido supoña esencialmente o desempeño de funcións obxecto dunha profesión ou titulación específica.

Son corpos especiais:

O corpo de médicos forenses. Para o acceso ó corpo de médicos forenses esíxese estar en posesión da licenciatura en medicina.

O corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Para o ingreso neste corpo deberase ser licenciado nunha carreira universitaria en ciencias experimentais e da saúde, que se determinará nas correspondentes convocatorias, segundo a especialidade pola que se acceda ó corpo.

O corpo de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Para o acceso a este corpo esixírase estar en posesión do título de técnico superior en formación profesional ou equivalente das familias profesionais que se determinen nas bases das convocatorias dos procesos selectivos, de conformidade co contido dos postos de traballo que se oferten.

O corpo de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Para o acceso a este corpo esixírase estar en posesión do título de técnico en formación profesional ou equivalente das familias profesionais que se determinen nas bases das convocatorias dos procesos selectivos, de conformidade co contido dos postos de traballo que se oferten.

## Artigo 476.

Corresponde ó corpo de xestión procesual e administrativa colaborar na actividade procesual de nivel superior, así como a realización de tarefas procesuais propias.

Con carácter xeral e baixo o principio de xerarquía, e sen prexuízo das funcións concretas do posto de traballo que desempeñen, correspóndelle:

a) Xestiona-la tramitación dos procedementos, da cal se dará conta ó secretario xudicial, en particular cando determinados aspectos esixan unha interpretación de lei ou de normas procesuais, sen prexuízo de informa-lo titular do órgano xudicial cando se fose requirido para isto.

b) Practicar e asina-las comparecencias que efectúen as partes en relación cos procedementos que se sigan no órgano xudicial, respecto ás cales terá capacidade de certificación.

c) Documenta-los embargos, lanzamentos e demais actos a natureza dos cales o requira, co carácter e representación que lle atribúan as leis, salvo que o secretario xudicial considere necesaria a súa intervención.

d) Redacta-las notas que teñan por obxecto unir ó procedemento datos ou elementos que non constitúan proba nel, co fin de garanti-la súa debida constancia e posterior tramitación, dando conta disto, para tal efecto, á autoridade superior, así como elaborar notas, que poderán ser de referencia, de resumo dos autos e de exame do trámite a que se refiran.

e) Realiza-las tarefas de rexistro, recepción e distribución de escritos e documentos relativos a asuntos que se estiveren tramitando en xulgados e tribunais.

f) Expedir, con coñecemento do secretario xudicial, e á custa do interesado, copias simples de escritos e documentos que consten en autos non declarados secretos nin reservados.

g) Ocupar, de acordo co establecido nas relacións de postos de traballo, as xefaturas en que se estruturan as unidades de apoio directo e servicios comúns procesuais, en que, sen prexuízo das funcións asignadas ó posto concreto, se xestionará

a distribución das tarefas do persoal, respondendo do desenvolvemento delas.

h) Colaborar cos órganos competentes en materia de xestión administrativa, desempeñando funcións relativas á xestión do persoal e medios materiais da unidade da oficina xudicial en que se presten os servicios, sempre que as ditas funcións estean recollidas expresamente na descrición que a relación de postos de traballo efectúe do posto de traballo.

i) Desempeña-la secretaría da oficina xudicial das agrupacións de secretarías de xulgados de paz, de xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes e de xulgados de paz de menos de 7.000 habitantes en que a carga de traballo xustifique o seu establecemento, así como os restantes postos de traballo dos citados centros de destino adscritos ó corpo de xestión procesual e administrativa, todo isto de conformidade co que se determine nas correspondentes relacións de postos de traballo, así como desempeñar postos das unidades administrativas, cando as relacións de postos de traballo das citadas unidades así o establezan, sempre que se reúnan os requisitos de coñecemento e preparación esixidos para o seu desempeño.

j) A súa posibilidade de nomeamento como secretarios substitutos, sempre que se reúnan os requisitos de titulación e demais esixidos, e conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza, percibindo as súas retribucións conforme o disposto no artigo 447.5 para secretarios substitutos non profesionais.

k) A realización de todas aquelas funcións que legal ou regulamentariamente se establezan e de calquera outra función de natureza análoga ás anteriores que, inherentes ó posto de traballo que se desempeñe, sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais, no exercicio das súas competencias.

#### Artigo 477.

Corresponde con carácter xeral ó corpo de tramitación procesual e administrativa a realización de cantas actividades teñan carácter de apoio á xestión procesual, segundo o nivel de especialización do posto desempeñado, baixo o principio de xerarquía e de conformidade co establecido nas relacións de postos de traballo.

Sen prexuízo das funcións concretas do posto de traballo que desempeñen, correspóndelle:

a) A tramitación xeral dos procedementos, mediante o emprego dos medios mecánicos ou ofimáticos que corresponda, para o cal confeccionará cantos documentos, actas, dilixencias, notificacións e outros lle sexan encomendados, así como copias de documentos e unión deles ós expedientes.

b) O rexistro e a clasificación da correspondencia.

c) A formación de autos e expedientes, baixo a supervisión do superior xerárquico.

d) A confección das cédulas pertinentes para a práctica dos actos de comunicación que houbese que realizar.

e) O desempeño daquelas xefaturas que nas relacións de postos de traballo da oficina xudicial estean asignadas a este corpo, na forma e condicións que nelas se establezan.

f) A posibilidade de ocupar postos das unidades administrativas, sempre que se reúnan os requisitos e coñecementos necesarios esixidos para o seu desempeño nas relacións de postos de traballo correspondentes.

g) A realización de todas aquelas funcións que legal ou regulamentariamente se establezan e de calquera outra función de natureza análoga ás anteriores que, inherentes ó posto de traballo que se desempeñe, sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais, no exercicio das súas competencias.

#### Artigo 478.

Corresponde ó corpo de auxilio xudicial con carácter xeral, baixo o principio de xerarquía e de acordo co establecido nas relacións de postos de traballo, a realización de cantas tarefas teñan carácter de auxilio á actividade dos órganos xudiciais. Así mesmo, e entre outras funcións, corresponderalle:

a) A práctica dos actos de comunicación que consistan en notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos, na forma prevista nas leis procesuais, para o cal terá atribuída a capacidade de certificación e disporá das credenciais necesarias.

b) Como axente da autoridade, proceder á execución de embargos, lanzamentos e demais actos a natureza dos cales o requira, co carácter e representación que lle atribúan as leis.

c) Actuar como policía xudicial co carácter de axente da autoridade, sen prexuízo das funcións que, na investigación dos delitos e no descubrimento e aseguramento dos delincuentes, competen ós membros das forzas e corpos de seguridade.

d) Realizar funcións de arquivo de autos e expedientes xudiciais, baixo a supervisión do secretario xudicial.

e) Velar polas condicións de utilización das salas de vistas e mante-la orde nelas.

f) Comprobar que os medios técnicos necesarios para o proceso xudicial se encontren en condicións de utilización, requirindo, se é o caso, a presenza dos servicios técnicos que correspondan, para permiti-lo adecuado funcionamento deses dispositivos, pondo en coñecemento do secretario xudicial as anomalías detectadas que puidesen impedi-la celebración de actos procesuais.

g) O desempeño daquelas xefaturas que nas relacións de postos de traballo da oficina xudicial estean asignadas a este corpo, na forma e condicións que nelas se establezan.

h) A posibilidade de ocupar postos das unidades administrativas, sempre que se reúnan os requisitos e coñecementos esixidos para o seu desempeño nas relacións de postos de traballo correspondentes.

i) A realización de todas aquelas funcións que legal ou regulamentariamente se establezan e de calquera outra función de natureza análoga a todas as anteriores que, inherentes ó posto de traballo que se desempeñe, sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais, no exercicio das súas competencias.

## Artigo 479.

1. Os médicos forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de titulados superiores ó servizo da Administración de xustiza.

2. Son funcións dos médicos forenses a asistencia técnica a xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil nas materias da súa disciplina profesional, tanto no campo da patoloxía forense e prácticas tanatolóxicas como na asistencia ou vixilancia facultativa dos detidos, lesionados ou enfermos que se encontraren baixo a xurisdición daqueles, nos supostos e na forma que determinen as leis.

Para estes efectos, emitirán informes e dictames médicos legais no marco do proceso xudicial, realizarán o control periódico dos lesionados e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais. Igualmente realizarán funcións de investigación e colaboración que deriven da súa propia función.

No curso das actuacións procesuais ou de investigación de calquera natureza incoadas polo Ministerio Fiscal, estarán baixo as ordes dos xuíces, maxistrados, fiscais e encargados do Rexistro Civil, exercendo as súas funcións con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.

3. Os médicos forenses estarán destinados nun instituto de medicina legal ou no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Excepcionalmente, e cando as necesidades do servizo o requiran, poderán ser adscritos a órganos xurisdiccionais, fiscalías ou oficinas do Rexistro Civil.

4. Existirá un instituto de medicina legal nas capitais de provincia en que teña a súa sede un tribunal superior de xustiza, así como naquelas en que teñan a súa sede salas dos tribunais superiores de xustiza con xurisdición nunha ou máis provincias.

Non obstante, o Goberno, por proposta do Ministerio de Xustiza, logo de petición, se é o caso, dunha comunidade autónoma con competencia na materia, poderá autorizar que a sede sexa a da capitalidade administrativa da comunidade autónoma de que se trate, cando sexa distinta da do tribunal superior de xustiza.

Así mesmo, o Goberno poderá autoriza-lo establecemento de institutos de medicina legal nas restantes cidades do ámbito territorial do tribunal superior de xustiza de que se trate, co ámbito de actuación que se determine.

Mediante real decreto, por proposta do ministro de Xustiza e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas que recibiron os trasposos de medios para o funcionamento da Administración de xustiza, determinaranse as normas xerais de organización e funcionamento dos institutos de medicina legal e de actuación dos médicos forenses, podendo o Ministerio de Xustiza ou o órgano competente da comunidade autónoma dictar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións pertinentes para o seu desenvolvemento e aplicación.

## Artigo 480.

1. O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses é un órgano técnico adscrito ó Ministerio de Xustiza que ten como misión auxiliar a

Administración de xustiza e contribuír á unidade de criterio científico e á calidade da pericia analítica, así como ó desenvolvemento das ciencias forenses.

A súa organización e supervisión corresponde ó Ministerio de Xustiza. Ten a súa sede en Madrid e o seu ámbito de actuación esténdese a todo o territorio nacional.

A súa estrutura orgánica determinarase mediante real decreto.

Nel prestarán servizos funcionarios dos corpos especiais a que se refiren os números seguintes deste artigo. Ademais, poderán prestar servizos funcionarios dos restantes corpos ó servizo da Administración de xustiza, así como doutras administracións, nas condicións e cos requisitos que se establezan nas correspondentes relacións de postos de traballo, así como, se é o caso, os profesionais ou expertos que sexan necesarios para o desempeño das súas funcións ou outro persoal para a realización de actividades propias de oficios ou de carácter instrumental, contratados en réxime laboral.

2. Os facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de titulados superiores ó servizo da Administración de xustiza. Atendendo á actividade técnica e científica do Instituto, dentro do citado corpo poderanse establecer especialidades.

Son funcións do corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses a asistencia técnica nas materias das súas disciplinas profesionais a autoridades xudiciais, gubernativas, ó Ministerio Fiscal e ós médicos forenses, no curso das actuacións xudiciais ou nas dilixencias previas de investigación. Para tal efecto levarán a cabo as análises e a investigación que lles sexan solicitados, emitirán os dictames e informes pertinentes e evacuarán as consultas que lles sexan feitas polas autoridades citadas, así como polos organismos ou empresas públicas que atinxan o interese xeral, e contribuírán para a prevención de intoxicacións.

Prestarán os seus servizos no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como nos institutos de medicina legal, nos supostos e condicións que se determinen nas correspondentes relacións de postos de traballo.

3. Os técnicos especialistas de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo nacional de auxilio especializado ó servizo da Administración de xustiza.

Son funcións do corpo de técnicos especialistas de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses aquelas de auxilio técnico especializado nas actividades científicas e de investigación propias do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Prestarán os seus servizos no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como nos institutos de medicina legal, nos supostos e condicións que se determinen nas correspondentes relacións de postos de traballo.

4. Os axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses son funcionarios de carreira que constitúen un corpo



nacional ó servizo da Administración de xustiza, para a realización de funcións de apoio propias da súa formación, nas actividades científicas e de investigación do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como dos institutos de medicina legal, na forma e cos requisitos e condicións que se establezan nas relacións de postos de traballo dos citados organismos.

5. Os funcionarios dos corpos especiais do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses dependerán xerarquicamente do director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses ou, se é o caso, do director do instituto de medicina legal en que presten servizos.

## CAPÍTULO II

### Rexistro de persoal

Artigo 481.

1. No Ministerio de Xustiza existirá un rexistro central de persoal funcionario ó servizo da Administración de xustiza, no cal se inscribirá todo o persoal funcionario dos corpos ó servizo da Administración de xustiza e no cal se anotarán preceptivamente tódolos actos que afecten a súa vida administrativa.

2. As comunidades autónomas poderán establecer nos seus ámbitos territoriais rexistros respecto do persoal ó servizo da Administración de xustiza que preste servizos neles.

3. O Ministerio de Xustiza aprobará as normas que determinarán a información que deberá figurar no Rexistro Central de Persoal e as cautelas que se deban establecer para garanti-la confidencialidade dos datos nos termos que estableza a lexislación vixente.

Para a actualización de datos nos rexistros, o Ministerio de Xustiza, coa colaboración das comunidades autónomas con competencias asumidas, establecerá os procedementos e instrumentos de cooperación necesarios que garantan a inmediata anotación dos datos de todo o persoal, con independencia do lugar de prestación de servizos.

4. Todo o persoal terá libre acceso ó seu expediente individual, no cal, en ningún caso, figurará dato ningún relativo á súa raza, relixión ou opinión nin calquera outra circunstancia persoal ou social que non sexa relevante para o seu traballo.

## TÍTULO II

### Da oferta de emprego público, ingreso e promoción profesional

#### CAPÍTULO I

##### Oferta de emprego público

Artigo 482.

1. As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria serán obxecto dunha única oferta de emprego público anual, que se elaborará de conformidade cos criterios para o sector público estatal establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. As comunidades autónomas determinarán nos seus respectivos ámbitos territoriais as necesi-

dades de recursos humanos respecto dos corpos de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza sobre os que asumiron competencias e porano en coñecemento do Ministerio de Xustiza.

3. O Ministerio de Xustiza elaborará a oferta de emprego público integrando de forma diferenciada as necesidades de recursos determinadas polas comunidades autónomas coas existentes no resto do territorio do Estado que non fose obxecto de traspaso e presentaraa ó Ministerio para as Administracións Públicas, que a elevará ó Goberno para a súa aprobación.

4. Aprobada a oferta de emprego público, o Ministerio de Xustiza procederá á convocatoria dos procesos selectivos.

5. Nas ofertas de emprego público reservárase unha cota non inferior ó cinco por cento das vacantes para seren cubertas por persoas con discapacidade en grao igual ou superior ó 33 por cento, sempre que superen as probas selectivas e que acrediten o grao de discapacidade e a compatibilidade para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes na forma que se determine regulamentariamente.

## CAPÍTULO II

### Selección do persoal funcionario ó servizo da Administración de xustiza

Artigo 483.

1. De acordo cos principios contidos no artigo 103.1 da Constitución española, o persoal funcionario de carreira será seleccionado con criterios de obxectividade e consonte os principios de igualdade, mérito, capacidade e tamén de publicidade.

2. O contido do temario, así como das probas que se realicen, serán únicos para cada corpo en todo o territorio do Estado, salvo as probas que se poidan establecer para a acreditación do coñecemento da lingua e do dereito civil, foral ou especial propios das comunidades autónomas con competencias asumidas, que terán carácter optativo e, en ningún caso, serán eliminatorias, téndose en conta a puntuación obtida conforme o baremo que se estableza, só para os efectos de adxudicación de destino dentro da comunidade autónoma correspondente.

3. As probas selectivas serán convocadas e resoltas polo Ministerio de Xustiza e realizaranse, de forma territorializada, nos distintos ámbitos en que se agrupasen as vacantes. As convocatorias e as súas bases, que serán únicas para cada corpo, axustaranse, en todo caso, ó disposto nesta lei e no real decreto polo que se aprobe o «Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios ó servizo da Administración de xustiza» e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e nos «boletíns oficiais» das comunidades autónomas, de forma simultánea. Se a simultaneidade non fose posible, os termos e prazos establecidos na convocatoria, contaránse, en todo caso, a partir da publicación no «Boletín Oficial del Estado».

4. As bases da convocatoria serán elaboradas pola comisión de selección de persoal e aprobadas polo Ministerio de Xustiza, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

As citadas bases, que vincularán a Administración e os tribunais que deben xulga-las probas selectivas, soamente poderán ser modificadas con estricte suxeición ás normas da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Nas convocatorias determinarase o número de vacantes e o ámbito territorial por que se ofrecen. As vacantes situadas no territorio dunha comunidade autónoma con competencias asumidas ofreceranse polo ámbito territorial da comunidade autónoma de que se trate, salvo renuncia expresa desta, caso en que serán obxecto de agrupación.

Así mesmo, cando o número de prazas ou o mellor desenvolvemento dos procesos selectivos o aconselle, poderanse agrupa-las vacantes correspondentes a un ou varios territorios.

Os aspirantes poderán solicitar exclusivamente a súa participación por un dos ámbitos territoriais que se expresen na convocatoria e, de resultaren aprobados, serán destinados obrigatoriamente a algunha das vacantes radicadas nel.

En ningún caso se poderá declarar que superou o proceso selectivo en cada ámbito un número maior de aspirantes que o de prazas obxecto da convocatoria, e serán nulas de pleno dereito as propostas de aprobados que contraveñan esta limitación.

6. Nos procesos selectivos serán admitidas as persoas con minusvalidez en igualdade de condicións cos demais aspirantes. As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes. Para a realización das probas estableceranse para as persoas con minusvalidez que o soliciten as adaptacións posibles canto a tempo e medios.

#### Artigo 484.

O acceso ós corpos será libre e público e efectuarase por medio dos sistemas de oposición ou concurso-oposición.

1. A selección por oposición é o sistema ordinario de ingreso e consiste na realización das probas que se establezan na convocatoria para determina-la capacidade e aptitude do aspirante.

2. A selección por concurso-oposición consiste na realización das probas correspondentes e na valoración de determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia, na forma que se estableza na convocatoria.

A utilización do sistema de concurso-oposición terá carácter excepcional.

#### Artigo 485.

1. Os procesos de selección incluírán a realización dun curso teórico-práctico ou dun período de prácticas, que poderán ter carácter selectivo.

A cualificación obtida servirá para fixa-la orde de prelación; non obstante, se tivesen carácter selectivo, os aspirantes que non o superen perderán o dereito ó seu nomeamento como funcionarios de carreira.

2. Durante a súa realización, os aspirantes terán a consideración de funcionarios en prácticas, cos dereitos e obrigas que se establezan regulamentariamente.

3. O curso selectivo ou, se for o caso, o período de prácticas, poderanse desenvolver nos centros,

institutos ou servicios de formación dependentes das comunidades autónomas ou nas oficinas xudiciais situadas no ámbito territorial delas.

#### Artigo 486.

1. A elaboración dos temarios e das bases de convocatoria por que se deben rexe-los procesos selectivos para ingreso nos corpos de funcionarios a que se refire este libro, encomendaráselle a unha comisión de selección de persoal, que estará formada por:

Catro vocais representantes do Ministerio de Xustiza, un dos cales asumirá a presidencia da comisión e terá voto dirimente en caso de empate na adopción de acordos.

Catro representantes das comunidades autónomas con competencias en materias de Administración de xustiza, un dos cales asumirá a vicepresidencia da comisión.

2. Esta comisión determinará, así mesmo, o programa formativo correspondente ó período de prácticas ou curso selectivo, cando for o caso.

3. As normas de funcionamento da comisión de selección e a forma de designación dos seus membros estableceranse no real decreto por que se aprobe o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios ó servicio da Administración de xustiza. A composición desta comisión, cando se trate da selección de corpos a xestión dos cales non tivese sido obxecto de traspaso, fixarase tamén no citado regulamento.

4. Os temarios serán aprobados pola comisión de selección e serán únicos para todo o territorio do Estado.

#### Artigo 487.

1. O desenvolvemento e a cualificación das probas selectivas corresponde ós tribunais cualificadores que, para tal efecto, se constituirán en cada un dos ámbitos territoriais por que se ofrecen as vacantes.

Estes tribunais gozarán de autonomía funcional e responderán da obxectividade do procedemento e do cumprimento das normas contidas na convocatoria.

2. No Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional establecerase a composición dos tribunais que, en todo caso, estarán formados por un número impar de membros, así como as súas normas de funcionamento, garantíndose a especialización dos integrantes e a axilidade do proceso selectivo, sen prexuízo da súa obxectividade, ben como o réxime de incompatibilidades, os dereitos e os deberes dos seus membros.

Os membros dos tribunais serán nomeados polo Ministerio de Xustiza. Nos tribunais que se constitúan nos territorios das comunidades autónomas con competencias asumidas, dous de cada cinco vocais serán propostos polo órgano competente da comunidade.

#### Artigo 488.

1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes que o superasen, o número dos cales non poderá exceder en ningún caso o de prazas convocadas en cada ámbito, e que dentro do prazo que se estableza acrediten reuni-los requisitos esixidos

na convocatoria, serán nomeados funcionarios de carreira polo órgano competente do Ministerio de Xustiza.

2. Os nomeamentos serán obxecto de publicación, simultaneamente, no "Boletín Oficial del Estado" e nos boletíns ou diarios oficiais das comunidades autónomas con competencias asumidas.

3. A adxudicación de postos de traballo ós funcionarios de novo ingreso efectuarase de acordo coas súas peticións entre os postos que se lles ofrezan, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Os destinos adxudicados terán carácter definitivo equivalente para tódolos efectos ós obtidos por concurso.

Os postos de traballo que se ofrezan ós funcionarios de novo ingreso deberán ter sido obxecto de concurso de traslado previo entre os que xa tivesen a condición de funcionario. Non obstante, se as administracións competentes en materia de xestión de recursos humanos non dispuxesen, nos seus respectivos ámbitos territoriais, de prazas suficientes para ofrecer ós funcionarios de novo ingreso, con carácter excepcional e logo de negociación sindical, poderán incorporar postos de traballo non incluídos previamente en concurso de traslados.

Neste suposto, o destino adxudicado ó funcionario de novo ingreso terá carácter provisorio. O dito funcionario deberá tomar parte no primeiro concurso de traslados que se convoque no cal se oferten prazas do ámbito territorial en que se encontre destinado provisoriamente, garantíndoselle o destino definitivo no ámbito por que participou no proceso selectivo. De incumprir esta obriga, adxudicáraselle con carácter definitivo calquera das prazas non adxudicadas en todo o territorio nacional.

4. Para adquirirla condición de funcionario de carreira deberase tomar posesión do destino adxudicado no prazo que regulamentariamente se estableza.

#### Artigo 489.

1. O Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza, poderán nomear funcionarios interinos, por necesidades do servizo, cando non sexa posible coa urxencia esixida polas circunstancias a prestación por funcionario de carreira, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, se é o caso, a disposición da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

2. Os nomeados deberán reuni-los requisitos e a titulación necesarios para o ingreso no corpo; tomarán posesión no prazo que regulamentariamente se estableza e terán os mesmos dereitos e deberes que os funcionarios, salvo a fixeza no posto de traballo, e as mesmas retribucións básicas e complementarias, excepto trienios.

3. Serán cesados segundo os termos que estableza a orde ministerial ou, se é o caso, a disposición da comunidade autónoma e, en todo caso, cando se provexa a vacante, se incorpore o seu titular ou desaparezan as razóns de urxencia.

### CAPÍTULO III Da promoción interna

#### Artigo 490.

1. Garántese a promoción interna, mediante o ascenso desde un corpo para o ingreso no cal se esixiu determinada titulación a outro corpo para o acceso ó cal se esixe a titulación inmediata superior ou, no caso dos corpos especiais, mediante a posibilidade de acceder ás diferentes especialidades dun mesmo corpo.

2. Reservarase, para a súa provisión por promoción interna, un cincuenta por cento das prazas vacantes incluídas para cada corpo na oferta de emprego público. As prazas que non se cubran polo proceso de promoción interna acrecentaranse á quenda libre.

3. A promoción interna efectuarase mediante o sistema de concurso-oposición nos termos que se establezan no real decreto por que se aprobe o regulamento de ingreso, provisión de postos e promoción profesional. En todo caso, respectaranse os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4. A promoción interna para o acceso a diferente especialidade do mesmo corpo terá lugar entre funcionarios que desempeñen actividades substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico.

5. En todo caso, os funcionarios deberán posuí-la titulación académica requirida para o acceso ós corpos ou especialidades de que se trate, ter unha antigüidade de polo menos dous anos no corpo a que pertencen e reuni-los requisitos e supera-las probas que se establezan. As probas poderanse levar a cabo en convocatoria independente das de ingreso xeral. Para efectos do cómputo da antigüidade, terase en conta a que teñan acreditada no corpo de auxiliares ou axentes da Administración de xustiza de que, se é o caso, procedan, en función do corpo ó cal se pretenda promocionar.

Os funcionarios que accedan por promoción interna terán, en todo caso, preferencia para os postos de traballo vacantes ofertados sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

As convocatorias poderán establecer a exención das probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa esixidos para o acceso ó corpo de orixe, podéndose valorar os cursos e programas de formación superados.

### TÍTULO III Adquisición e perda da condición de funcionario

#### Artigo 491.

1. A condición de funcionario de carreira adquirese polo cumprimento sucesivo dos requisitos establecidos no libro V desta lei orgánica para o corpo de secretarios xudiciais.

2. A condición de funcionario de carreira pérdese nos mesmos supostos que os establecidos no libro V para o corpo de secretarios xudiciais.

#### Artigo 492.

1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
  - a) Voluntaria, por solicitude do funcionario

b) Forzosa, ó cumpri-la idade legalmente establecida

c) Por incapacidade permanente para o servizo.

2. Procederá a xubilación voluntaria, por solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no réxime de seguridade social que lle sexa de aplicación.

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ó cumpri-lo funcionario os 65 anos de idade. Non obstante, os funcionarios poderán prolongar voluntariamente a súa permanencia no servizo activo, como máximo ata cumpriren 70 anos de idade, seguindo o procedemento establecido legal ou regulamentariamente.

4. Procederá, así mesmo, a xubilación do funcionario cando este padeza incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo. Será preceptiva a instrución do oportuno expediente de incapacidade, que poderá ser iniciado de oficio ou por solicitude do interesado.

#### Artigo 493.

Poderán ser rehabilitados mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza:

Os funcionarios que perdesen a condición de tales, como consecuencia da perda da nacionalidade española ou por incapacidade permanente para o servizo, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou.

Os que perdesen a condición de funcionario por inhabilitación absoluta ou especial como pena principal ou accesoria ou por condena a pena privativa de liberdade por razón de delicto doloso, unha vez extinguidas as súas responsabilidades civís e penais e, se é o caso, cancelados os antecedentes penais.

Así mesmo, poderán ser rehabilitados os funcionarios que fosen separados do servizo como consecuencia de sanción disciplinaria.

#### Artigo 494.

O ministro de Xustiza será competente para o nomeamento dos funcionarios de carreira. Así mesmo, será competente para acordar a perda da condición de funcionario e, cando for o caso, a rehabilitación, nos supostos establecidos nesta lei orgánica na forma e mediante o procedemento que regulamentariamente se determine, atendendo ás circunstancias e á entidade do delicto ou falta cometida.

A xubilación voluntaria, forzosa ou por incapacidade permanente, así como a posible prórroga de permanencia no servizo activo, será acordada polo órgano competente do Ministerio de Xustiza en todo caso.

## TÍTULO IV

### Dereitos, deberes e incompatibilidades

#### CAPÍTULO I

### Dereitos, deberes e incompatibilidades

#### Artigo 495.

1. Os funcionarios de carreira teñen os seguintes dereitos profesionais:

a) Ó mantemento da súa condición funcional, ó desempeño efectivo de tarefas ou funcións propias do seu corpo e a non seren removidos do posto de traballo que desempeñen senón nos supostos e condicións establecidos legalmente.

b) A percibiren a retribución e as indemnizacións por razón do servizo establecidas na normativa vixente.

c) Á carreira profesional, a través dos mecanismos de promoción profesional que se establezan de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

d) A recibiren da Administración a formación necesaria, inicial e continuada, co fin de melloras as súas capacidades profesionais de forma que lles permita unha mellor e máis pronta adaptación ós seus postos de traballo e que lles posibilite a súa promoción profesional.

Co fin de asegura-la homoxeneidade e que as accións formativas que establezan as distintas administracións públicas competentes en materia de xestión de persoal non representen obstáculos na promoción e na mobilidade do persoal ó servizo da Administración de xustiza no territorio do Estado, adoptaranse medidas de coordinación e homologación en materia de formación continua.

e) A seren informados polos seus xefes ou superiores das súas tarefas ou cometidos e a participaren na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos.

f) Ó respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.

g) A vacacións, permisos e licencias.

h) A recibiren protección en materia de seguridade e saúde no traballo, para o cal as administracións competentes adoptarán aquelas medidas que sexan necesarias para a aplicación efectiva da normativa vixente sobre prevención de riscos e saúde laboral, procedendo á avaliación dos riscos iniciais e ó establecemento de plans de emerxencia, así como á creación de servizos de prevención e dun comité central de seguridade e saúde.

i) Á xubilación.

j) A un réxime de seguridade social, que para os funcionarios de carreira e funcionarios en prácticas estará integrado polos seguintes mecanismos de cobertura:

1.º O réxime de clases pasivas do Estado, que se rexerá polas súas normas específicas.

2.º O mutualismo xudicial, regulado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, e disposicións de desenvolvemento.

2. O réxime de dereitos contido no número anterior será aplicable ós funcionarios interinos na medida en que a natureza do dereito o permita, quedando integrados, para efectos de seguridade social, no réxime xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 496.

Os funcionarios teñen os seguintes dereitos colectivos, nos termos establecidos pola Constitución e as leis:

a) Á libre asociación profesional.

b) Á libre sindicación.

c) Á actividade sindical.

d) Á folga, nos termos contidos na lexislación xeral do Estado para funcionarios públicos, garantíndose o mantemento dos servizos esenciais da Administración de xustiza.

e) Á negociación colectiva, á participación na determinación das condicións de traballo, para o cal se establecerán os marcos adecuados que permitan unha maior e máis intensa participación dos representantes dos funcionarios ó servizo da Administración de xustiza, a través de grupos de traballo, mesas ou calquera outro foro de diálogo e negociación.

f) De reunión.

#### Artigo 497.

Os funcionarios da Administración de xustiza están obrigados a:

a) Respecta-la Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

b) Exerce-las súas tarefas, funcións ou cargo con lealdade e imparcialidade e servir con obxectividade os intereses xerais.

c) Cumprir con dilixencia as instrucións profesionais recibidas do seu superior xerárquico no ámbito das súas competencias.

d) Realizar coa debida aplicación as funcións ou tarefas propias do seu posto de traballo e aquelas que, relacionadas coas anteriores, lles encomenden os seus xefes ou superiores para o cumprimento dos obxectivos da unidade.

e) Cumprilo réxime de xornada e horario que se estableza.

f) Manter sigilo sobre os asuntos que coñezan por razón dos seus cargos ou funcións e non facer uso indebido da información obtida así como gardar segredo das materias clasificadas ou outras a difusión das cales estea prohibida legalmente.

g) Dar conta ás autoridades competentes daquelas ordes que, ó seu xuízo, fosen contrarias á legalidade ou constitutivas de delito.

h) Cumprilo réxime de incompatibilidades e prohibicións.

i) Tratar con atención e respecto os cidadáns.

j) Dar a coñece-la súa identidade e categoría ós interesados que o requiran, salvo cando isto non for posible por razóns de seguridade.

k) Velar pola conservación e uso correcto dos locais, material, documentos e información ó seu cargo, non utilizando os medios propiedade da Administración en proveito propio nin exercer-las seus cometidos de forma que poidan beneficiar ilexítimamente a si mesmos ou a outras persoas.

l) Tratar con corrección e consideración os superiores xerárquicos, compañeiros e subordinados.

#### Artigo 498.

1. Os funcionarios estarán suxeitos ó réxime de incompatibilidades previsto na lexislación xeral aplicable ós funcionarios ó servizo das administracións públicas.

2. O exercicio de calquera actividade que requira declaración de compatibilidade esixirá a autorización previa do Ministerio de Xustiza ou da comunidade autónoma con competencias asumidas.

Non se poderá autoriza-la compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada cando se desempeñen postos con dedicación especial.

Tampouco procederá esta autorización para os médicos forenses e técnicos facultativos que desempeñen postos de director ou subdirector nos institutos de medicina legal ou no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e os seus departamentos.

3. En todo caso, a súa función será incompatible con:

a) Polo que se refire a corpos especiais:

1.º A intervención como particulares nos casos que puidesen ter relación coas súas funcións.

2.º A función de médico de empresa, de entidades aseguradoras ou o desempeño de empregos nestas entidades.

3.º Calquera actividade pericial privada.

4.º Emisión de certificados médicos de defunción, salvo que presten servizos no rexistro civil e unicamente no exercicio das súas funcións.

b) Polo que se refire a corpos xerais:

1.º O exercicio da avogacía, procuradoría e empregos ó servizo de avogados e procuradores ou calquera outra profesión que habilite para actuar ante xulgados e tribunais.

2.º A condición de axentes de seguros e a de empregado destes ou dunha compañía de seguros.

3.º O desempeño dos cargos de xerentes, conselleiros ou asesores de empresas que persigan fins lucrativos.

4.º O desempeño de servizos de xestión administrativa, xa sexa como titular xa como empregado de tales oficinas.

5.º O exercicio de funcións periciais privadas ante os tribunais e xulgados.

#### Artigo 499.

1. A abstención do funcionario comunicárase por escrito motivado a quen sexa competente para dicta-la resolución que poña termo ó preito ou causa na respectiva instancia. En caso de ser estimada a abstención, será substituído no proceso por quen legalmente deba substituílo. De ser desestimada, deberá continuar actuando no asunto.

2. A súa recusación só será posible polas causas legalmente previstas e polos trámites previstos para a recusación dos secretarios xudiciais coas seguintes excepcións:

a) O incidente gubernativo será instruído polo secretario do xulgado de que dependa xerarquíicamente, e decidírao quen sexa competente para dicta-la resolución que poña termo ó preito ou causa na respectiva instancia.

b) Se, á vista do escrito de recusación, o secretario xudicial estimar que a causa non é das tipificadas na lei, inadmitirá no acto a petición expresando as razóns en que se funde tal inadmisión. Contra esta resolución non se dará recurso ningún.

c) Admitido a trámite o escrito de recusación, e no día seguinte ó da súa recepción, o recusado manifestará ó secretario xudicial se se dá ou non a causa alegada. Cando recoñeza como certa a causa de recusación, o secretario xudicial acordará substituí-lo recusado por quen legalmente o deba substituír. Contra esta resolución non caberá recurso ningún.

d) Se o recusado nega a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, o secreta-

rio xudicial, oído o que o recusado alegue, dentro do quinto día e practicadas as comprobacións que o recusado propoña e sexan pertinentes ou as que el mesmo considere necesarias, remitirá o actuado a quen deba resolver para que decida o incidente.

3. Ós funcionarios do corpo de médicos forenses seranlles de aplicación as prescricións que establezan as normas procesuais respecto á recusación de peritos.

## CAPÍTULO II

### Xornada e horarios

Artigo 500.

1. A duración da xornada xeral de traballo efectivo en cómputo anual e daquelas xornadas que deban ser realizadas en réxime de dedicación especial, así como as súas especificidades, será fixada por resolución do órgano competente do Ministerio de Xustiza, logo de informe das comunidades autónomas con competencias asumidas e negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

Os funcionarios deberán exercer a súa actividade nos termos que esixan as necesidades do servizo. Para tal efecto, o Ministerio de Xustiza, logo de informe das comunidades autónomas con competencias asumidas e de negociación coas organizacións sindicais, determinará as compensacións horarias e os cómputos especiais cando a atención de actuacións procesuais urxentes e inadiables supoña un exceso de horas sobre a xornada que hai que realizar.

2. A duración da xornada xeral semanal será igual á establecida para a Administración xeral do Estado. Os funcionarios poderán realizar xornadas reducidas, nos supostos e coas condicións establecidas legal e regulamentariamente.

3. Poderanse establecer xornadas soamente de mañá ou xornadas de mañá e tarde para determinados servizos ou órganos xurisdiccionais cando as necesidades do servizo así o aconsellen e, en especial, nas unidades de atención ó público, nas cales se tenderá a aumenta-lo tempo de atención ós cidadáns.

A incorporación dos funcionarios á xornada de mañá e tarde será voluntaria e deberá ir acompañada de medidas incentivadoras.

4. A distribución da xornada e a fixación dos horarios determinarase a través do calendario laboral que, con carácter anual, aprobará o órgano competente do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, logo de informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo. Poderanse establecer flexibilidade horarias á entrada e saída do traballo, garantíndose en todo caso un número de horas de obrigada concorrencia continuada.

Os horarios que se establezan deberán respectar en todo caso o horario de audiencia pública.

5. Cando as peculiaridades dalgúns servizos ou órganos xurisdiccionais así o aconsellen, poderanse establecer horarios especiais, que figurarán

nas relacións de postos de traballo e serán obxecto do complemento retributivo que se determine.

6. O incumprimento da xornada dará lugar ó desconto automático das retribucións correspondentes ó tempo non traballado, calculado na forma establecida pola normativa de aplicación. Para estes efectos, considérase traballo efectivo o prestado dentro do horario establecido na forma que se determine, tendo en conta as compensacións horarias que procedan e o que corresponda a permisos retribuídos, así como os créditos de horas retribuídas por funcións sindicais.

Artigo 501.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial, oídos o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas, así como os Colexios de avogados e procuradores de cada demarcación, determinará os órganos xurisdiccionais e outros servizos da Administración de xustiza que deben permanecer en servizo de garda, así como os horarios e as condicións en que se realizará este.

2. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios garantirán a asistencia necesaria ós órganos ou servizos xudiciais en funcións de garda. Para tal efecto, logo de negociación coas organizacións sindicais, determinarán o número de funcionarios que deben presta-lo dito servizo, a permanencia no órgano xudicial ou servizo ou a situación de dispoñibilidade deles, e organizarán e distribuirán o horario que se realizará.

## CAPÍTULO III

### Vacacións, permisos e licencias

Artigo 502.

1. Con carácter xeral as vacacións anuais retribuídas serán dun mes natural ou de 22 días hábiles anuais por ano completo de servizo ou o tempo que corresponda proporcionalmente se o tempo de servizos efectivos prestados durante o ano fose inferior. Os destinados nas illas Canarias poderán acumular nun só período as vacacións correspondentes a dous anos.

2. Desfrutaranse de forma obrigatoria dentro do ano natural e ata o 15 de xaneiro do ano seguinte, en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos, consonte a planificación que efectúe o órgano competente, logo de consulta cos representantes legais dos funcionarios. Para estes efectos os sábados non se considerarán días hábiles, salvo que nos horarios especiais se estableza outra cousa.

3. Ademais, e en función dos anos de antigüidade que se completasen na Administración, terase dereito a un incremento nos días de vacacións, que será igual ó que se estableza na Administración xeral do Estado.

4. No caso de baixa por maternidade, cando esta situación coincida co período de vacacións, quedará este interrompido e poderanse desfrutar as vacacións finalizado o período de permiso por maternidade, dentro do ano natural ou ata o 15 de xaneiro do ano seguinte. De igual maneira quedará interrompido o período de vacacións se durante el se produce un ingreso hospitalario, e

poderase desfrutar, unha vez que se producise a alta hospitalaria, no mesmo período establecido no parágrafo anterior.

5. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos territoriais serán competentes para a concesión das vacacións, para o cal, logo de negociación coas organizacións sindicais, dictarán as normas que establezan a forma de desfrute e o procedemento para a súa concesión.

6. En todo caso, as vacacións concederanse por petición do interesado e o seu desfrute virá determinado polas necesidades do servizo. Se se denegar o período solicitado, a denegación deberá ser motivada.

#### Artigo 503.

1. Por causas xustificadas, os funcionarios terán dereito a iguais permisos e coa mesma extensión que os establecidos na normativa vixente aplicable ós funcionarios da Administración xeral do Estado, con excepción do permiso por asuntos particulares, que terá unha duración de nove días, os cales non se poderán acumular en ningún caso ás vacacións anuais retribuídas.

2. O desfrute destes permisos non afectará os dereitos económicos dos funcionarios.

#### Artigo 504.

1. Por razón de casamento, os funcionarios terán dereito a unha licenza de quince días de duración e concederase con plenitude de dereitos económicos.

2. Poderanse conceder licencias para formación e perfeccionamento nos seguintes casos:

a) Para a asistencia a cursos de formación incluídos nos plans de formación que se celebren anualmente, organizados polo Ministerio de Xustiza, as comunidades autónomas, as organizacións sindicais ou outras entidades públicas ou privadas.

A duración e a forma de desfrute estarán determinadas pola duración e a programación dos cursos que se vaian realizar e non suporán limitación ningunha de haberes.

b) Para a asistencia a cursos, congresos ou xornadas, sempre que estean relacionados coas funcións propias do corpo a que pertence o funcionario e supoñan completa-la súa formación para o exercicio daquelas.

A súa concesión estará subordinada ás necesidades do servizo e ás dispoñibilidades orzamentarias e a súa duración virá determinada pola dos cursos, congresos ou xornadas.

Estas licencias darán dereito a percibir as retribucións básicas e as prestacións por fillo a cargo.

3. Os funcionarios poderán desfrutar de licencias por asuntos propios sen dereito a retribución ningunha, a duración acumulada da cal non poderá, en ningún caso, exceder tres meses cada dous anos de servizos efectivos e a súa concesión estará subordinada ás necesidades do servizo.

4. Os que, despois da superación das correspondentes probas selectivas, fosen nomeados funcionarios en prácticas e xa estivesen prestando servizos remunerados na Administración de xustiza como funcionarios, terán dereito a unha licenza extraordinaria durante o tempo que se

prolongue a situación e percibirán as retribucións que para os funcionarios en prácticas estableza a normativa vixente.

5. A enfermidade ou accidente que impida o normal desempeño das funcións dará lugar a licencias por enfermidade.

Sen prexuízo da obriga de comunicar, na forma que se determine regulamentariamente, a imposibilidade de asistencia ó traballo por razón de enfermidade durante a xornada laboral do día en que esta se produza, os funcionarios deberán solicitar da autoridade competente licenza por enfermidade no cuarto día consecutivo a aquel en que se produciu a ausencia do posto de traballo.

A licenza inicial concederase polo tempo que o facultativo considerase como previsible para a curación e, en ningún caso, por período superior a 15 días. Se o estado de enfermidade persistise, a licenza inicial prorrogarase automaticamente na forma que determine a autoridade competente para a súa concesión e quedará sen efecto se con anterioridade se produce a curación.

Tanto a licenza inicial como as prórrogas concederanse logo de presentación do parte de baixa ou certificación médica que acredite a certeza da enfermidade e a imposibilidade de asistir ó traballo.

Concederanse licencias por enfermidade derivadas dun mesmo proceso patolóxico ata un máximo de 12 meses prorrogables por outros seis, cando se presuma que durante eles poida o traballador ser dado de alta médica por curación. Transcorridos estes prazos, prorrogaranse as licencias ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente ou da alta médica sen que, en ningún caso, poidan exceder 30 meses desde a data da solicitude da licenza inicial.

Para estes efectos, entenderase que existe nova licenza por enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando as licencias se interrompesen durante un mínimo dun ano.

As licencias por enfermidade darán lugar a plenitude de dereitos económicos durante os 6 primeiros meses desde a data en que se solicitou a licenza inicial, sempre que deriven do mesmo proceso patolóxico e de forma continuada ou cunha interrupción de ata un mes.

En calquera caso, o responsable de persoal poderá solicitar unicamente da correspondente inspección médica a revisión dun proceso para determinar que as causas que orixinaron a concesión da licenza continúan a subsistir.

#### Artigo 505.

1. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas serán competentes para a concesión dos permisos e licencias establecidos nesta lei orgánica respecto dos funcionarios que presten servizos nos seus respectivos ámbitos territoriais, na forma e mediante o procedemento que se estableza nas disposicións que aquelas dicten para o efecto.

2. Así mesmo, correspóndelle-lo control da incapacidade temporal do persoal funcionario ó servizo da Administración de xustiza, podendo solicita-lo asesoramento facultativo que cando for o caso consideren necesario, para o cal poderán establecer sistemas de colaboración con aqueles organismos públicos ou entidades que nos seus

respectivos ámbitos asumen a inspección, avaliación e seguimento do control da incapacidade temporal do réxime xeral da Seguridade Social e dos réximes especiais.

## TÍTULO V

### Situacións administrativas

#### Artigo 506.

Os funcionarios de carreira dos corpos a que se refire este libro pódense encontrar nunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servicio activo.
- b) Servicios especiais.
- c) Excedencia voluntaria por coidado de familiares.
- d) Excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público.
- e) Excedencia voluntaria por interese particular.
- f) Excedencia voluntaria por agrupación familiar.
- g) Suspensión de funcións.

#### Artigo 507.

1. Os funcionarios dos corpos a que se refire este libro estarán en situación de servizo activo cando desempeñen un posto de traballo nalgún dos centros de destino que se determinan no artigo 521 desta lei.

2. Ademais, tamén se considerarán en servizo activo, os citados funcionarios:

a) Cando presten servizos no Tribunal Constitucional, Consello Xeral do Poder Xudicial e no Tribunal de Contas, salvo que, de conformidade co previsto nas lexislacións específicas dos citados órganos constitucionais, lles corresponda quedar noutra situación.

b) Cando presten os seus servizos nas Cortes Xerais, de conformidade co disposto no estatuto xeral destas e non lles corresponda quedar noutra situación.

c) Cando accedan á condición de membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas e non perciban retribucións periódicas polo desempeño das funcións.

d) Cando accedan á condición de membros das corporacións locais, salvo que desempeñen cargo retribuído e de dedicación exclusiva nelas.

e) Cando presten servizos nos gabinetes da Presidencia do Goberno, dos ministros e dos secretarios de Estado e opten por permanecer na dita situación.

f) Cando accedan a postos de traballo doutras administracións públicas en canto as relacións de postos de traballo conteñan expresa previsión para o efecto.

g) Cando ocupen un posto de traballo na Mutualidade Xeral Xudicial, adscrito a funcionarios da Administración de xustiza.

h) Cando cesen nun posto de traballo por ter obtido outro mediante procedementos de provisión de postos de traballo, durante o prazo de toma de posesión.

i) Cando por razón da súa condición de funcionarios presten servizos en organismos ou entes públicos.

j) Cando así se determine nunha norma con rango de lei.

3. O disfrute de licencias ou de permisos regulamentarios non alterará a situación de servizo activo.

4. Os funcionarios en situación de servizo activo teñen tódolos dereitos, prerrogativas, deberes e responsabilidades inherentes á súa condición.

#### Artigo 508.

1. Os funcionarios dos corpos ó servizo da Administración de xustiza serán declarados na situación de servizos especiais, en iguais supostos ós establecidos na lexislación aplicable para os funcionarios da Administración xeral do Estado, salvo que, de conformidade co establecido nesta lei, lles corresponda quedar noutra situación.

2. Ós funcionarios en situación de servizos especiais computaráselle-lo tempo que permanezan en tal situación, para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos, excepto para os funcionarios públicos que, tendo ingresado ó servizo de institucións comunitarias europeas ou ó de entidades e organismos asimilados, exerzan o dereito de transferencias establecido no artigo 11.2 do anexo 8, do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, sen prexuízo dos efectos económicos que poidan derivar dos ascensos e trienios consolidados ata o momento do exercicio deste dereito.

3. Os funcionarios declarados nesta situación terán dereito á reserva dun posto de traballo na mesma localidade, en condicións e con retribucións similares ás que disfrutaban ó pasaren a ela, sempre que pasasen á dita situación desde a de servizo activo ou outra que tivese recoñecido este mesmo dereito. Se, durante o tempo de permanencia na situación de servizos especiais, participasen en concursos, a reincorporación efectuarase con referencia á localidade e condicións do destino obtidas neles.

4. Os funcionarios na situación de servizos especiais recibirán a retribución do posto ou cargo efectivo que desempeñen e non a que lles corresponda como funcionarios, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que tivesen recoñecidos.

5. En ningún caso poderán asesorar pericialmente os órganos xurisdiccionais en canto permanezan nesta situación.

#### Artigo 509.

1. Os funcionarios terán dereito a un período de excedencia non superior a tres anos para atender ó coidado de cada fillo, tanto cando sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, contando desde a data de nacemento ou, se for o caso, da resolución xudicial ou administrativa. A concesión da excedencia estará condicionada á declaración previa de non desempeñar outra actividade que impida ou menoscabe o coidado do fillo.

2. Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, os funcionarios para atender ó coidado dun familiar que se encontre ó seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.



3. En ámbolos casos, o período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período deste porá fin ó que se viñese desfrutando.

Esta excedencia constitúe un dereito individual dos funcionarios. En caso de dous funcionarios xeraren o dereito a desfrutalo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limita-lo seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

O período de permanencia nesta situación será computable para efectos de trienios e de dereitos pasivos. Durante o primeiro ano, os funcionarios terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñaban e poderanse reincorporar ó seu posto de traballo sen necesidade de solicita-lo reingreso, así como participar nos concursos que se convoquen. Transcorrido este período, a reserva serao para un posto na mesma localidade e de igual retribución, debendo solicitar no mes anterior á finalización do período máximo de permanencia nela o reingreso ó servizo activo e, de non o facer, será declarado de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

#### Artigo 510.

1. Os funcionarios dos corpos a que se refire este libro serán declarados en situación de excedencia voluntaria, de oficio ou por petición do interesado, cando o soliciten por interese particular, cando se encontren en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou pasen a prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar noutra situación e por agrupación familiar, con iguais requisitos e efectos ós establecidos na lexislación aplicable ós funcionarios da Administración xeral do Estado.

2. Así mesmo, declararase de oficio a situación de excedencia voluntaria por interese particular dos funcionarios públicos cando, finalizada a causa que determinou o paso a unha situación distinta da do servizo activo, incumpran a obriga de solicita-lo reingreso nel, nos prazos que regulamentariamente se determinen.

#### Artigo 511.

1. O funcionario declarado en situación de suspensión quedará privado, durante o tempo de permanencia nela, do exercicio das súas funcións e non poderá prestar servizos en ningunha Administración pública nin en organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas a elas.

2. A situación de suspensión de funcións poderá ser provisoria ou definitiva.

3. A suspensión provisoria poderase acordar preventivamente durante a tramitación dun procedemento xudicial ou disciplinario e terá lugar nos casos seguintes:

a) Cando por calquera delicto doloso o instructor do proceso penal a adopte como medida cautelar. En todo caso acordarase cando se tiver dictado auto de prisión, de liberdade baixo fianza, de procesamento ou de apertura de xuízo oral no procedemento abreviado.

b) Durante a tramitación dun expediente disciplinario, pola autoridade que ordenou a incoación do expediente, non podendo exceder esta suspen-

sión seis meses, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ó interesado.

c) Cando o funcionario non puidese acudir ó seu posto de traballo como consecuencia de ter sido privado por un xuíz ou tribunal, con ocasión dun proceso penal, do dereito a residir en determinados lugares ou de acercarse a determinadas persoas.

4. A suspensión terá carácter definitivo cando se imponha en virtude de condena criminal firme ou sanción disciplinaria firme.

5. Os efectos derivados da situación de suspensión, xa sexa provisoria ou definitiva, serán os establecidos para os funcionarios da Administración xeral do Estado declarados nesta situación.

#### Artigo 512.

Corresponderá ó Ministerio de Xustiza ou ás comunidades autónomas con competencias asumidas acorda-la concesión ou declaración nestas situacións administrativas ós funcionarios que prestan servizos nos seus respectivos ámbitos territoriais, dictando, para tal efecto, as disposicións necesarias referentes á forma e ó procedemento aplicable.

#### Artigo 513.

1. Os cambios de situacións administrativas deberán ser comunicados, en todo caso, ó Rexistro Central de Persoal a que se refire o artigo 481 para a súa anotación, e poderán ter lugar, sempre que reúnan os requisitos esixidos en cada caso, sen necesidade do reingreso previo no servizo activo.

2. No suposto de que a nova situación signifique o dereito á reserva dun posto de traballo, os funcionarios poderán participar en convocatorias de concurso para a provisión de postos de traballo, permanecendo na situación que corresponda e reservándose un posto de igual nivel e similares retribucións ás do posto obtido e no mesmo municipio.

#### Artigo 514.

1. Os funcionarios procedentes de situacións administrativas con dereito a reserva de posto de traballo reincorporarase ó servizo activo na forma e condicións que determine a autoridade competente para a súa concesión.

2. O reingreso no servizo activo desde situacións que non signifiquen reserva producirase mediante a participación nos procedementos de concurso xeral ou específico ou pola adxudicación dun posto polo sistema de libre designación.

3. Procederá, así mesmo, o reingreso no servizo activo, con carácter provisoria, mediante a adscrición a unha praza vacante, para a ocupación da cal reúna o funcionario os requisitos esixidos nas relacións de postos de traballo.

O reingreso por adscrición provisoria estará, en todo caso, condicionado ás necesidades do servizo e o funcionario adscrito quedará obrigado, para obter destino definitivo, a participar nos concursos que se convoquen para a provisión de postos de traballo e a solicitar, entre outros, o posto que ocupa provisoriamente.

Se non obtivese destino definitivo será adscrito, de novo de forma provisoria, a un posto de traballo vacante de calquera oficina xudicial situada na

provincia ou na área territorial en que se tivesen agrupado as vacantes para efectos de concurso.

De non participar no primeiro concurso convocado con posterioridade á adscrición provisoria, pasará á situación de excedencia voluntaria por interese particular.

## TÍTULO VI

### Réxime retributivo

#### Artigo 515.

Os funcionarios dos corpos ó servizo da Administración de xustiza a que se refire este libro soamente poderán ser remunerados polos conceptos retributivos que se establecen nesta lei orgánica.

#### Artigo 516.

As retribucións serán básicas e complementarias.

A) Os conceptos retributivos básicos serán iguais ós establecidos por lei para as carreiras xudicial e fiscal.

B) As retribucións complementarias poderán ser: fixas na súa contía e de carácter periódico no seu devengo e variables.

1.º Son retribucións complementarias fixas na súa contía e de carácter periódico:

a) O complemento xeral de posto, que retribuirá os distintos tipos de postos que se establezan para cada corpo.

b) O complemento específico, destinado a retribuí-las condicións particulares dos postos, en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, penosidade ou perigosidade.

2.º Son retribucións complementarias variables:

a) O complemento de produtividade, destinado a retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, así como a súa participación nos programas concretos de actuación e na consecución dos obxectivos que determine o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial e precedendo negociación coas organizacións sindicais máis representativas. O devengo deste complemento nun período non orixinará dereito ningún ó seu mantemento para períodos sucesivos.

b) As gratificacións por servizos extraordinarios, destinadas a retribuí-los servizos de carácter extraordinario prestados fóra da xornada normal de traballo, non poderán, en ningún caso, ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinarán dereito ningún ó seu mantemento para períodos sucesivos.

#### Artigo 517.

1. Ademais das retribucións sinaladas no artigo anterior, os funcionarios que presten os seus servizos naqueles órganos xudiciais ou servizos en que o Consello Xeral do Poder Xudicial, oídos o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas, considerase

necesaria a atención permanente e continuada, terán dereito a percibir, en concepto de garda, unha remuneración na contía que se fixará por orde ministerial por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e Facenda, logo de negociación coas organizacións sindicais, en función do tipo de garda de que se trate.

Este complemento será igual en todo o territorio e a súa percepción dependerá da prestación do servizo de garda, procedendo ó seu aboamento unha vez acreditada a súa realización. O seu devengo non orixinará dereitos individuais para sucesivos períodos.

2. O persoal a que se refire este libro percibirá, se é o caso, as indemnizacións correspondentes por razón do servizo.

#### Artigo 518.

1. Os funcionarios que se encontren en período de prácticas ou desenvolvendo cursos selectivos dos previstos no artigo 485, serán nomeados funcionarios en prácticas e o seu réxime retributivo será o establecido nesta lei para os funcionarios que estean a realiza-lo período de prácticas para acceso ó corpo de secretarios xudiciais.

2. Se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, a contía correspondente á retribución complementaria do posto será aboada polo Ministerio de Xustiza ou as comunidades autónomas con competencias asumidas, no ámbito territorial das cales estea o posto que se desempeña.

#### Artigo 519.

1. A contía das retribucións básicas será igual para cada un dos corpos, con independencia do lugar de prestación dos servizos ou do posto que se desempeña, e virán determinadas na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano, en función da especialidade dos corpos ó servizo da Administración de xustiza.

A contía por antigüidade consistirá nun cinco por cento do soldo por cada tres anos de servizo.

Cando un funcionario preste os seus servizos sucesivamente en diferentes corpos, percibirá os trienios devengados neles, co valor correspondente ó corpo en que se perfeccionaron.

Cando un funcionario cambie de corpo antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrida considerárase como tempo de servizos prestados no novo.

Os funcionarios terán dereito a percibir dúas pagas extraordinarias ó ano por importe, cada unha delas, dunha mensualidade de soldo e antigüidade e, se é o caso, unha cantidade proporcional do complemento xeral do posto nos termos que se fixen por lei para a Administración de xustiza, que se farán efectivas nos meses de xuño e decembro, sempre que os perceptores estiveren en servizo activo ou con dereito a devengo do soldo o día primeiro dos meses indicados.

2. Para efectos de complemento xeral de posto, mediante real decreto determinarase os postos tipo das distintas unidades que integran as oficinas xudiciais, así como outros servizos non xurisdiccionais, establecéndose as valoracións de cada un deles. A contía será fixada na Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. A contía individualizada do complemento específico será fixada polo Ministerio de Xustiza ou o órgano competente da comunidade autónoma, logo de negociación coas organizacións sindicais nos seus respectivos ámbitos, ó elaboralas relacións de postos de traballo en función da valoración das condicións particulares deles. Tódolos postos de traballo terán asignado un complemento específico. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a un posto de traballo.

4. Corresponde ó Ministerio de Xustiza ou ó órgano competente da comunidade autónoma, nos seus respectivos ámbitos, a concreción individual das contías do complemento de produtividade e a determinación dos funcionarios con dereito á súa percepción, de acordo cos criterios de distribución que se establezan para os diferentes programas e obxectivos. As citadas autoridades establecerán fórmulas de participación dos representantes sindicais na súa determinación concreta e o control formal da asignación.

5. O Ministerio de Xustiza e o órgano competente das comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos, procederán á asignación individual das contías das gratificacións e á determinación dos criterios para a súa percepción.

## TÍTULO VII

### Ordenación da actividade profesional

#### Artigo 520.

1. Os funcionarios dos corpos a que se refire este libro desempeñarán os postos de traballo das unidades en que se estruturen as oficinas xudiciais e, se é o caso, nos correspondentes ás unidades administrativas e oficinas comúns a que se refire o artigo 439; os dos institutos de medicina legal, os do Instituto de Toxicoloxía e os seus departamentos.

2. Ademais poderán prestar servicios no Consello Xeral do Poder Xudicial, no Tribunal Constitucional e no Tribunal de Contas nos termos e coas condicións previstas na normativa reguladora do persoal ó servizo dos citados órganos constitucionais, e na Mutualidade Xeral Xudicial nos postos que se determinen na relación de postos de traballo do citado organismo público.

3. Tamén poderán acceder a postos de traballo doutras administracións públicas en tanto as relacións de postos de traballo conteñan expresa previsión para o efecto. Seralles de aplicación, en canto se manteñan nos ditos postos, a lexislación en materia de función pública da Administración en que se encontren destinados e permanecerán en servizo activo na súa Administración de orixe.

#### Artigo 521.

1. A ordenación do persoal e a súa integración nas distintas unidades que conforman a estrutura das oficinas xudiciais realizarase a través das relacións de postos de traballo que se aproben e que, en todo caso, serán públicas.

2. As relacións de postos de traballo conterán a dotación de tódolos postos de traballo das distintas unidades que compoñen a oficina xudicial, incluídos aqueles que deban ser desempeñados

por secretarios xudiciais, e indicarán a súa denominación, localización e características esenciais, os requisitos esixidos para o seu desempeño, o complemento xeral de posto e o complemento específico.

3. As relacións de postos de traballo deberán conter necesariamente as seguintes especificacións:

A) Centro xestor. Centro de destino.

Para os efectos da ordenación dos postos de traballo e da súa ocupación polo persoal funcionario, terán a consideración de centros xestores os órganos competentes do Ministerio de Xustiza ou o órgano competente das comunidades autónomas para a xestión do persoal, ós cales corresponderá a formulación da relación de postos de traballo nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Entenderase por centro de destino:

Cada un dos servicios comúns procesuais.

O conxunto de unidades procesuais de apoio directo a un determinado órgano xudicial colexiado que se encontren no mesmo municipio.

O conxunto de unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais unipersoais pertencentes á mesma orde xurisdiccional que se encontren no mesmo municipio.

O Rexistro Civil Central e os rexistros civís únicos de cada localidade, onde os houber.

Cada unha das fiscalías ou adscricións de fiscalías.

Nos institutos de medicina legal, aquelas que a súa norma de creación estableza como tales.

No Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

A Mutualidade Xeral Xudicial.

Cada oficina xudicial de apoio a xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes ou de menos de 7.000 habitantes, dotados de cadro de persoal funcional en razón da súa carga de traballo.

B) Tipo de posto. Para estes efectos os postos clasifícanse en xenéricos e singularizados.

Son postos xenéricos os que non se diferencian dentro da estrutura orgánica e que implican a execución de tarefas ou funcións propias dun corpo e, por tanto, non teñen un contido funcional individualizado. Os postos correspondentes ás unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais como norma xeral serán xenéricos.

Son postos singularizados os diferenciados dentro da estrutura orgánica e que implican a execución de tarefas ou funcións asignadas de forma individualizada. Para estes efectos, naquelas comunidades autónomas que posúan lingua propia, o coñecemento dela só constituirá elemento determinante da natureza singularizada do posto cando a súa esixencia derive das funcións concretas asignadas a el nas relacións de postos de traballo.

C) Sistema de provisión. Para efectos das relacións de postos de traballo, concretarase a súa forma de provisión definitiva polo procedemento de concurso ou de libre designación.

D) Corpo ou corpos a que se adscriben os postos. Os postos de traballo adscribiranse como norma xeral a un só corpo. Non obstante, podendo existir postos de traballo en que a titulación non se considere requisito esencial e a cualificación

requirida se poida determinar por factores alleos á pertenza a un corpo determinado, é posible a adscrición dun posto de traballo a dous corpos.

Os postos de traballo das relacións de postos de traballo das oficinas xudiciais adscribiranse con carácter exclusivo ós corpos ó servizo da Administración de Xustiza en razón dos seus coñecementos especializados.

4. Ademais dos requisitos anteriormente sinalados, as relacións de postos de traballo poderán conter:

1.º Titulación académica específica, ademais da xenérica correspondente ó grupo a que se adscribise o posto, cando a súa necesidade se deduza obxectivamente da índole das funcións que se van desempeñar.

2.º Formación específica, cando da natureza das funcións do posto se deduza a súa esixencia e poida ser acreditada documentalmente.

3.º Coñecemento oral e escrito da lingua oficial propia naquelas comunidades autónomas que a teñan recoñecida como tal.

4.º Coñecementos informáticos cando sexan necesarios para o desempeño do posto.

5.º Aqueloutras condicións que se consideren relevantes no contido do posto ou no seu desempeño.

Artigo 522.

1. O Ministerio de Xustiza elaborará e aprobará, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e de negociación coas organizacións sindicais máis representativas, as relacións de postos de traballo en que se ordenen os postos das oficinas xudiciais correspondentes ó seu ámbito de actuación.

Así mesmo, será competente para a ordenación dos postos de traballo das oficinas xudiciais asignados ó corpo de secretarios xudiciais en todo o territorio do Estado, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e de negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

2. As comunidades autónomas con competencias asumidas, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e de negociación coas organizacións sindicais, procederán á aprobación inicial das relacións de postos de traballo das oficinas xudiciais dos seus respectivos ámbitos territoriais. A aprobación definitiva corresponderá ó Ministerio de Xustiza, que soamente poderá denegala por razóns de legalidade.

3. O Ministerio de Xustiza, con anterioridade á aprobación definitiva de cada relación de postos de traballo, determinará aqueles que deban ser asignados ó corpo de secretarios xudiciais.

4. Para a elaboración e aprobación das relacións de postos de traballo correspondentes ás unidades administrativas a que se refire o artigo 439, serán competentes o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Artigo 523.

1. Aprobadas as relacións de postos de traballo iniciais, as comunidades autónomas e o Ministerio de Xustiza poderán, nos seus respectivos ámbitos:

1.º Redistribuí-los postos de traballo non singularizados dentro de cada oficina xudicial.

2.º Redistribuí-los postos de traballo de unidades suprimidas da oficina xudicial, como consecuencia da modificación das estruturas orgánicas.

3.º Reordena-los postos de traballo entre diferentes oficinas xudiciais.

4.º Amortizar postos de traballo.

2. En todo caso, as modificacións das relacións iniciais de postos de traballo que se produzan deberán ter en conta os principios contidos nesta lei para a redistribución e reordenación de efectivos e, en concreto, as seguintes regras:

1.º As administracións competentes elaborarán un proxecto motivado, que será negociado coas organizacións sindicais máis representativas.

2.º Deberase respecta-la denominación, retribucións e demais características dos postos afectados, e en ningún caso suporán cambio de municipio para o persoal.

3.º En todo caso, respectarán as dotacións mínimas que para as unidades procesuais de apoio directo se establecesen.

4.º Requirirase informe previo do Consello Xeral do Poder Xudicial e para a súa efectividade será preceptiva a comunicación previa ó Ministerio de Xustiza.

## TÍTULO VIII

### Provisión de postos de traballo e mobilidade

Artigo 524.

1. A provisión dos postos de traballo levarase a cabo polos procedementos de concurso, que será o sistema ordinario, ou de libre designación, de conformidade co que determinen as relacións de postos de traballo e en atención á natureza das funcións que se van desempeñar.

2. Os postos de traballo poderanse cubrir temporalmente mediante adscrición provisoria ou en comisión de servizos.

3. Así mesmo e por razóns organizativas, os postos de traballo poderán ser provistos mediante redistribución ou reordenación de efectivos.

Artigo 525.

Serán competentes para a provisión dos postos de traballo situados nos seus respectivos ámbitos territoriais o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas, nos supostos, condicións e conforme os procedementos que se establezan nesta lei orgánica e no Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional.

Artigo 526.

1. O concurso consiste na comprobación e valoración dos méritos que se poidan alegar, de acordo coas bases da convocatoria e conforme o baremo que se estableza nela.

Atendendo á natureza e ás funcións dos postos a cobertura dos cales se pretende, o concurso poderá ser:

a) Concurso de traslado: por este procedemento cubriranse os postos de traballo xenéricos.

A valoración dos méritos realizarase na forma e conforme o baremo que determine o real decreto

polo que se aprobo o Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional.

b) Concurso específico: por este procedemento cubriranse os postos de traballo singularizados. Constará de dúas fases:

1.º Na primeira procederase á comprobación e valoración dos méritos xerais, conforme o establecido na alínea a) deste artigo.

2.º Na segunda fase, procederase á valoración de aptitudes concretas, a través de coñecementos, experiencia, titulacións académicas e aquel outros elementos que garantan a adecuación do aspirante para o desempeño do posto. Estas aptitudes valoraranse na forma que se determine na convocatoria sen que, en ningún caso, esta segunda fase poida supor máis do 40 por cento da puntuación máxima total de ámbalas fases.

2. No procedemento de libre designación, o órgano competente apreciará a idoneidade dos candidatos, en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

Poderanse prover por este sistema os postos directivos e aqueles para os que, pola súa especial responsabilidade e dedicación, así se estableza nas relacións de postos de traballo.

3. Será preceptiva, en todo caso, a convocatoria pública no "Boletín Oficial del Estado" e boletín oficial da comunidade autónoma, con indicación da denominación do posto, localización, e retribución, así como, se é o caso, dos requisitos mínimos esixibles.

#### Artigo 527.

Sen prexuízo da posibilidade de nomeamento de funcionarios interinos por razóns de urxencia ou necesidade a que refire o artigo 472.2, os postos de traballo vacantes ou en caso de ausencia do seu titular poderán ser provistos temporalmente da seguinte maneira:

1. Os postos de traballo vacantes, ata se resolveren os sistemas de provisión en curso ou cando, resoltos, non se cubrisen por non existir candidato idóneo, poderán ser provistos por funcionarios que reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño, mediante o outorgamento dunha comisión de servizo, que poderá ter carácter voluntario ou forzoso.

Os funcionarios que se encontren en comisión de servizo conservarán o seu posto de orixe e terán dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñen.

Se a comisión ten carácter forzoso e as retribucións do posto que se desempeña fosen inferiores ás do de orixe, garantíranse, en todo caso, as retribucións complementarias que resulten superiores.

2. Con carácter excepcional poderán ser cubertos temporalmente mediante substitución os postos de traballo que se encontren vacantes ou cando o seu titular estea ausente polo aproveitamento de licencias ou permisos de longa duración.

Para ser nomeado substituto deberán reuní-las requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo de que se trate na relación de postos de traballo.

Regulamentariamente estableceranse os supostos e o procedemento aplicable ás substitucións.

Cando se trate dun posto de traballo adscrito ó corpo de secretarios xudiciais o procedemento e os requisitos aplicables á substitución serán os establecidos expresamente para o nomeamento de secretarios substitutos.

Así mesmo, os postos de traballo poderanse desempeñar temporalmente mediante adscrición provisoria, nos supostos de cesamento e renuncia.

Os funcionarios nomeados para postos de libre designación poderán ser cesados con carácter discrecional mediante resolución en que a motivación se referirá exclusivamente á competencia para adoptala.

Os titulares dun posto de traballo obtido por concurso específico ou por libre designación poderán renunciar a el mediante solicitude razoada en que farán constalos motivos profesionais ou persoais e sempre que desempeñasen o posto cando menos un ano.

Nos anteriores supostos, os funcionarios serán adscritos provisoriamente, mentres non obteñan outro con carácter definitivo, a un posto de traballo correspondente ó seu corpo, dentro do mesmo municipio e con efectos do día seguinte ó da resolución do cesamento ou aceptación da renuncia.

Tamén poderán ser adscritos provisoriamente a un posto de traballo correspondente ó seu corpo os funcionarios de carreira que reingresen no servizo activo desde situacións que non comportasen reserva de posto de traballo. Neste suposto, a adscrición estará condicionada ás necesidades do servizo.

#### Artigo 528.

##### 1. Redistribución de efectivos.

Os funcionarios que ocupen con carácter definitivo postos xenéricos poderán ser adscritos por necesidades do servizo a outros de iguais natureza, complemento xeral de posto e complemento específico do mesmo centro de destino.

O posto de traballo a que se accede a través de redistribución terá carácter definitivo, iniciándose o cómputo do tempo mínimo de permanencia nun posto para poder concursar desde a data en que se accedeu con carácter definitivo; o tempo mínimo de permanencia computarase conforme o disposto no artigo 529.3, con referencia ó posto que se desempeñaba no momento de producirse a redistribución.

##### 2. Reordenación de efectivos.

Por razóns organizativas e a través das correspondentes modificacións das relacións de postos de traballo, os postos de traballo xenéricos e os titulares deles poderán ser adscritos a outros centros de destino.

Este proceso de mobilidade realizarase con base nun proxecto presentado polas administracións competentes e negociado coas organizacións sindicais máis representativas mediante procedementos de mobilidade voluntaria.

Os postos ou prazas que non sexan cubertos serán posteriormente asignados mediante un proceso de reasignación forzosa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Os funcionarios afectados por unha reordenación forzosa estarán exentos da obriga de permanencia mínima no posto de traballo sinalada no

artigo 529, gozando de preferencia para obteren un posto de traballo no seu centro de destino de orixe no primeiro concurso en que se oferten prazas dese centro.

Para efectos de determinación do posto afectado pola reordenación, cando exista máis de un da mesma natureza, aplicarase o criterio de voluntariedade por parte dos funcionarios que os desempeñen e, no seu defecto, de antigüidade na ocupación.

#### Artigo 529.

1. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas convocarán concursos de ámbito nacional para a provisión de postos de traballo vacantes nos seus ámbitos territoriais.

O Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración de xustiza establecerá as normas a que se deben axustar as convocatorias, así como os méritos xerais que se valorarán.

2. Poderán participar nestes concursos os funcionarios, calquera que sexa a súa situación administrativa, excepto os declarados suspensos en firme, que non poderán participar mentres dure a suspensión, sempre que reúnan as condicións xerais esixidas e os requisitos determinados na convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias e sen ningunha limitación por razón da localidade de destino.

3. Non se poderá tomar parte nun concurso de traslados para a provisión de postos de traballo xenéricos mentres non transcorresen dous anos desde que se dictou a resolución por que se convocou o concurso de traslado en que o funcionario obtivo o seu último destino definitivo, desde o que participa, ou a resolución en que se lle adxudicou destino definitivo, se se trata de funcionarios de novo ingreso.

Para o cómputo dos anos considerárase como primeiro ano o ano natural en que se dictaron as resolucións de que se trate, con independencia da súa data, e como segundo ano, o ano natural seguinte.

4. Os funcionarios que non teñan destino definitivo, obrigados a participar nos concursos de acordo coa normativa vixente, estarán excluídos da limitación temporal prevista no número anterior.

#### Artigo 530.

Nas convocatorias para postos de traballo das comunidades autónomas con competencias asumidas en que a lingua propia teña carácter oficial, valorárase como mérito o coñecemento oral e escrito da lingua. En determinados postos, poderase considerar requisito esixible para o acceso, cando da natureza das funcións que se van desempeñar derive tal esixencia e así se estableza nas relacións de postos de traballo.

#### Artigo 531.

1. A provisión de postos xenéricos vacantes efectuarase mediante concursos de traslados, que serán convocados e resoltos nos seus ámbitos respectivos polo Ministerio de Xustiza e polas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais, e nos cales poderán participar tódolos funcionarios que reúnan os requisitos esixidos, calquera que sexa o territorio en que se encontren destinados.

2. Estes concursos convocaranse polo menos unha vez ó ano, na mesma data en todo o territorio do Estado, e serán resoltos por cada Administración convocante de modo que os interesados non poidan tomar posesión máis que nun único destino e nun mesmo corpo.

Para tal efecto, o Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración de xustiza conterá as normas aplicables ós concursos de traslados, que asegurarán a efectiva participación en condicións de igualdade de tódolos funcionarios, establecendo un sistema que garanta de maneira permanente a inmediatez e axilidade na provisión das vacantes, así como un calendario para a convocatoria e resolución dos concursos de traslados que permita determinar os postos de traballo que se ofrecerán ós funcionarios de novo ingreso, de conformidade co disposto no artigo 488.3.

3. As convocatorias faranse públicas a través do "Boletín Oficial del Estado" e dos boletíns ou diarios oficiais das comunidades autónomas.

4. Nos concursos ofertaranse as prazas vacantes que determinen as administracións competentes e as que resulten do propio concurso, sempre que non estea prevista a súa amortización.

#### Artigo 532.

1. Os concursos específicos serán convocados e resoltos por cada Administración competente no seu ámbito territorial, procurando que as convocatorias e a súa resolución non interfiran nos resultados dos concursos convocados polas respectivas administracións, e poderán participar neles os funcionarios da Administración de xustiza, calquera que sexa o ámbito territorial en que estean destinados.

2. Valoráranse aqueles méritos xerais que se determinen no regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración de xustiza, conforme os criterios que nel se establezan.

3. Os méritos específicos serán adecuados ás características de cada posto e determinarase na convocatoria, sen que en ningún caso poidan exceder a porcentaxe máxima da puntuación total establecida no artigo 526.

#### Artigo 533.

1. Os citados méritos serán comprobados e valorados por unha comisión, que estará constituída por catro membros en representación da Administración convocante designados por ela, dos cales polo menos un será funcionario ó servizo da Administración de xustiza.

As organizacións sindicais máis representativas no ámbito correspondente participarán como membros da comisión de valoración, en número inferior ó dos membros designados por proposta da Administración.

2. Tódolos membros deberán pertencer a corpos de igual ou superior titulación á que estea adscrito o posto convocado e desempeñarán postos de igual ou superior categoría ó convocado.

O presidente e secretario serán nomeados pola autoridade convocante entre os membros designados pola Administración.

## TÍTULO IX

**Responsabilidade disciplinaria**

## Artigo 534.

1. Os secretarios xudiciais e os funcionarios dos corpos a que se refire este libro estarán suxeitos a responsabilidade disciplinaria e serán sancionados nos supostos e de acordo cos principios que se establecen nesta lei orgánica.

2. Ademais dos autores, serán responsables disciplinariamente os superiores que consentiren, así como os que induciren ou encubriren, as faltas moi graves e graves cando deses actos deriven graves danos para a Administración ou os cidadáns.

3. Non se poderá impor sanción pola comisión de falta moi grave ou grave, senón en virtude de expediente disciplinario instruído para o efecto mediante o procedemento que se estableza no Regulamento xeral de réxime disciplinario dos funcionarios ó servizo da Administración de xustiza que se dicte en desenvolvemento desta lei.

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a instrución previa do expediente, salvo o trámite de audiencia ó interesado.

4. Cando da instrución dun procedemento disciplinario resulte a existencia de indicios fundados de criminalidade, suspenderase a súa tramitación, pódoo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

5. A incoación dun procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, pero non se dictará resolución neste mentres non se dictase sentenza firme ou auto de sobresemento na causa penal.

En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ó procedemento penal vinculará a resolución que se dicte no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha e outra vía.

Soamente poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos, cando non houbese identidade de fundamento xurídico e ben xurídico protexido.

6. Durante a tramitación do procedemento poderase acorda-la suspensión provisoria como medida cautelar, que requirirá resolución motivada.

7. As sancións disciplinarias serán anotadas no rexistro de persoal, con expresión dos feitos imputados. As ditas anotacións serán canceladas polo transcurso dos prazos que se determinen regulamentariamente.

## Artigo 535.

O procedemento disciplinario que se estableza en desenvolvemento desta lei orgánica deberá garantir ó funcionario expedientado, ademais dos recoñecidos polo artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os seguintes dereitos:

1.º Á presunción de inocencia.

2.º A ser notificado do nomeamento de instructor e secretario, así como a recusalos.

3.º A ser notificado dos feitos imputados, da infracción que constitúan e das sancións que, se for o caso, se poidan impor, así como da resolución sancionadora.

4.º A formular alegacións.

5.º A propor cantas probas sexan adecuadas para a determinación dos feitos.

6.º A poder actuar no procedemento asistido de letrado ou dos representantes sindicais que determine.

## Artigo 536.

As faltas poderán ser moi graves, graves e leves.

A) Considéranse faltas moi graves:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da función pública.

2. Toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, raza, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. O abandono do servizo.

4. A emisión de informes ou adopción de acordos ou resolucións manifestamente ilegais, cando se cause prexuízo grave ó interese público ou lesionen dereitos fundamentais dos cidadáns.

5. A utilización indebida da documentación ou información a que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función.

6. A negligencia na custodia de documentos que dea lugar á súa difusión ou coñecemento indebidos.

7. O incumprimento reiterado das funcións inherentes ó posto de traballo ou funcións encomendadas.

8. A utilización das facultades que teña atribuídas, para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito.

9. O incumprimento das decisións xudiciais das cales teñan encomendada a execución.

10. A desobediencia grave ou reiterada das ordes ou instrucións verbais ou escritas dun superior emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

11. A utilización da condición de funcionario para a obtención dun beneficio indebido para si ou para un terceiro.

12. A realización de actividades declaradas incompatibles por lei.

13. A inobservancia do deber de abstención, sabendo que concorre algunha das causas legalmente previstas.

14. Os actos que impidan o exercicio dos dereitos fundamentais, das liberdades públicas e dos dereitos sindicais.

15. O incumprimento do deber de atender os servizos esenciais en caso de folga.

16. O acoso sexual.

17. A agresión grave contra calquera persoa con que se relacionen no exercicio das súas funcións.

18. A arbitrariedade no uso da autoridade que cause prexuízo grave ós subordinados ou ó servizo.

19. As accións e omisións que desen lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave.

20. A comisión dunha falta grave cando fose anteriormente sancionado por outras dúas graves

que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou sen que procedese a cancelación das anotacións correspondentes.

B) Considéranse faltas graves:

1. A desobediencia expresa das ordes ou instrucións dun superior, emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

2. O incumprimento das decisións xudiciais de que lle foi encomendada a execución, cando non constituía falta moi grave.

3. O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións cando non constituía falta moi grave.

4. A negligencia na custodia de documentos, así como a utilización indebida deles ou da información que coñezan por razón do cargo, cando tales conductas non constituían falta moi grave.

5. A terceira falta inxustificada de asistencia nun período de tres meses.

6. A negligencia ou atraso inxustificado no cumprimento das funcións inherentes ó posto de traballo ou funcións encomendadas cando non constituía un notorio incumprimento delas.

7. O exercicio de calquera actividade susceptible de compatibilidade, conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, sen obte-la pertinente autorización ou téndoa obtido con falta de veracidade nos presupostos alegados.

8. A falta de consideración grave cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns.

9. Causar dano grave nos documentos ou material de traballo, así como nos locais destinados á prestación do servizo.

10. A utilización inadecuada dos medios informáticos e materiais empregados no exercicio das súas funcións e o incumprimento das instrucións facilitadas para a súa utilización, así como a indebida utilización das claves de acceso ós sistemas informáticos.

11. As accións ou omisións dirixidas a eludir os sistemas de control de horarios ou a impedir que sexan detectados os incumprimentos inxustificables da xornada de traballo.

12. Deixar de promover a existencia da responsabilidade disciplinaria que proceda ó persoal que integre a súa oficina, cando coñecesen ou deben coñecerlo incumprimento grave por parte daquel dos deberes que lle correspondan.

13. Obstaculiza-los labores de inspección.

14. Promove-la súa abstención de forma claramente inxustificada.

15. O reiterado incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada.

16. A comisión dunha falta de carácter leve tendo sido sancionado anteriormente por resolución firme por outras dúas leves, sen que fosen canceladas ou sen que procedese a cancelación das correspondentes anotacións.

C) Considéranse faltas leves:

1. A falta de consideración cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns, cando non constituía unha infracción máis grave.

2. O incumprimento dos deberes propios do seu cargo ou posto de traballo ou a negligencia no seu desempeño, sempre que tales conductas non constituían infracción máis grave.

3. O atraso inxustificado no cumprimento das súas funcións, cando non constituía falta máis grave.

4. A ausencia inxustificada por un día.

5. O incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada cando non constituía falta grave.

Artigo 537.

No Regulamento xeral de réxime disciplinario dos funcionarios ó servizo da Administración de xustiza fixaranse os criterios para a determinación da gradación das sancións que, en todo caso, se basearán nos seguintes principios:

1.º Intencionalidade.

2.º Prexuízo causado á Administración ou ós cidadáns.

3.º Grao de participación na comisión da falta.

4.º Reiteración ou reincidencia.

Artigo 538.

As sancións que se poden impor ós funcionarios polas faltas cometidas no exercicio do seu cargo son:

a) Apercibimento.

b) Suspensión de emprego e soldo.

c) Traslado forzoso fóra do municipio de destino.

d) Separación do servizo.

As sancións das alíneas b) e c) poderanse impor pola comisión de faltas graves e moi graves, graduándose a súa duración en función das circunstancias que concorran no feito obxecto de sanción.

A sanción de separación de servizo soamente se poderá impor por faltas moi graves.

A suspensión de funcións imposta pola comisión dunha falta moi grave non poderá ser superior a seis anos nin inferior a tres anos. Se se impón por falta grave, non excederá tres anos.

Os funcionarios que se sancionen con traslado forzoso non poderán obter novo destino no municipio de orixe durante tres anos, cando fose imposta por falta moi grave, e durante un , cando correspondese á comisión dunha falta grave.

As faltas leves soamente poderán ser corrixidas con apercibimento.

Artigo 539.

Serán competentes para a incoación e tramitación de expedientes disciplinarios, así como para a imposición de sancións dos funcionarios dos corpos incluídos no ámbito de aplicación deste libro, o Ministerio de Xustiza e os órganos que determinen as comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos territoriais e respecto dos funcionarios destinados neles.

A separación do servizo será acordada polo ministro de Xustiza en todo caso.

Cando a sanción de traslado forzoso supoña a mobilidade do territorio dunha comunidade autónoma ó doutra con competencias asumidas, será competente para acordala o ministro de Xustiza, logo de informe favorable da comunidade autóno-



ma ó territorio da cal é trasladado o funcionario sancionado.

Artigo 540.

1. As faltas leves prescribirán ós dous meses; as graves, ós seis meses, e as moi graves, ó ano. O prazo computarase desde a data da súa comisión.

2. Nos casos en que un feito dea lugar á apertura de causa penal, os prazos de prescripción non se comezarán a computar senón desde a conclusión da causa.

3. O prazo de prescripción interromperase no momento en que se inicie o procedemento disciplinario, volvendo computarse o prazo se o expediente permanecese paralizado durante máis de seis meses por causas non imputables ó funcionario suxeito a procedemento.

4. As sancións impostas prescribirán ós catro meses no caso das faltas leves; ó ano, nos casos de faltas graves e ós dous anos, nos casos de faltas moi graves. O prazo de prescripción computarase a partir do día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en que se impoña.»

Cento vintecinco. Créase un novo libro VII «Do Ministerio Fiscal e demais persoas e institucións que cooperan coa Administración de xustiza», co seguinte contido:

## «LIBRO VII

### **Do Ministerio Fiscal e demais persoas e institucións que cooperan coa Administración de xustiza**

#### TÍTULO I

##### **Do Ministerio Fiscal**

Artigo 541.

1. Sen prexuízo das funcións encomendadas a outros órganos, o Ministerio Fiscal ten por misión promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público tutelado pola lei, de oficio ou por petición dos interesados, así como velar pola independencia dos tribunais e procurar ante estes a satisfacción do interese social.

2. O Ministerio Fiscal rexerese polo que dispoña o seu estatuto orgánico.

#### TÍTULO II

##### **Dos avogados e procuradores**

Artigo 542.

1. Corresponde en exclusiva a denominación e función de avogado ó licenciado en dereito que exerza profesionalmente a dirección e defensa das partes en toda clase de procesos, ou o asesoramento e consello xurídico.

2. Na súa actuación ante os xulgados e tribunais, os avogados son libres e independentes, suxeitaranse ó principio de boa fe, gozarán dos dereitos inherentes á dignidade da súa función e serán amparados por aqueles na súa liberdade de expresión e defensa.

3. Os avogados deberán gardar segredo de todos os feitos ou noticias de que coñezan por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional, non podendo ser obrigados a declarar sobre eles.

Artigo 543.

1. Corresponde exclusivamente ós procuradores a representación das partes en todo tipo de procesos, salvo cando a lei autorice outra cousa.

2. Poderán realiza-los actos de comunicación ás partes do proceso que a lei lles autorice.

3. Será aplicable ós procuradores o disposto no número 3 do artigo anterior.

4. No exercicio da súa profesión os procuradores poderán ser substituídos por outro procurador. Tamén para os actos e na forma que se determine regulamentariamente poderán ser substituídos por oficial habilitado.

Artigo 544.

1. Os avogados e procuradores, antes de iniciaren o seu exercicio profesional, prestarán xuramento ou promesa de acatamento da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

2. A colexiación dos avogados e procuradores será obrigatoria para actuaren ante os xulgados e tribunais nos termos previstos nesta lei e pola lexislación xeral sobre colexios profesionais, salvo que actúen ó servizo das administracións públicas ou entidades públicas por razón de dependencia funcional ou laboral.

Artigo 545.

1. Salvo que a lei dispoña outra cousa, as partes poderán designar libremente os seus representantes e defensores entre os procuradores e avogados que reúnan os requisitos esixidos polas leis.

2. Designaráselle de oficio, consonte o que naquelas se estableza, a quen o solicite ou se negue a nomealos, sendo preceptiva a súa intervención. A defensa de oficio terá carácter gratuíto para quen acredite insuficiencia de recursos para litigar nos termos que estableza a lei.

3. Nos procedementos laborais e de Seguridade Social a representación técnica poderá ser exercida por un graduado social colexiado, a quen serán de aplicación as obrigas inherentes á súa función, de acordo co disposto no seu ordenamento xurídico profesional, neste título e especialmente nos artigos 187, 542.3 e 546 desta lei.

Artigo 546.

1. É obriga dos poderes públicos garanti-la defensa e a asistencia de avogado, nos termos establecidos na Constitución e nas leis.

2. Os avogados e procuradores están suxeitos no exercicio da súa profesión a responsabilidade civil, penal e disciplinaria, segundo proceda.

3. As correccións disciplinarias pola súa actuación ante os xulgados e tribunais rexeranse polo establecido nesta lei e nas leis procesuais. A responsabilidade disciplinaria pola súa conducta profesional compételles declárala ós correspondentes colexios e consellos conforme os seus estatutos, que deberán respectar en todo caso as garantías da defensa de todo o procedemento sancionador.

## TÍTULO III

**Da policía xudicial**

## Artigo 547.

A función da policía xudicial comprende o auxilio ós xulgados e tribunais e ó Ministerio Fiscal na investigación dos delitos e no descubrimento e aseguramento dos delincentes. Esta función competirá, cando foren requiridos para a prestar, a tódolos membros das forzas e corpos de seguridade, tanto se dependen do Goberno central como das comunidades autónomas ou dos entes locais, dentro do ámbito das súas respectivas competencias.

## Artigo 548.

1. Estableceranse unidades de policía xudicial que dependerán funcionalmente das autoridades xudiciais e do Ministerio Fiscal no desempeño de tódalas actuacións que aquelas lles encomenden.

2. Por lei fixarase a organización destas unidades e os medios de selección e réxime xurídico dos seus membros.

## Artigo 549.

1. Corresponden especificamente ás unidades de policía xudicial as seguintes funcións:

a) A investigación acerca dos responsables e circunstancias dos feitos delictuosos e a detención dos primeiros, dando conta seguidamente á autoridade xudicial e fiscal, conforme o disposto nas leis.

b) O auxilio á autoridade xudicial e fiscal en cantas actuacións deba realizar fóra da súa sede e que requiran a presenza policial.

c) A realización material das actuacións que esixan o exercicio da coerción e que ordene a autoridade xudicial ou fiscal.

d) A garantía do cumprimento das ordes e resolucións da autoridade xudicial ou fiscal.

e) Calquera outra da mesma natureza en que sexa necesaria a súa cooperación ou auxilio e o ordene a autoridade xudicial ou fiscal.

2. En ningún caso poderán encomendarse ós membros das ditas unidades a práctica de actuacións que non sexan as propias da policía xudicial ou as derivadas delas.

## Artigo 550.

1. Nas funcións de investigación penal, a policía xudicial actuará baixo a dirección dos xulgados e tribunais e do Ministerio Fiscal.

2. Os funcionarios de policía xudicial a que se encomendase unha actuación ou investigación concreta dentro das competencias a que se refire o artigo 547 desta lei non poderán ser removidos ou apartados ata finalizar aquela ou, en todo caso, a fase do procedemento xudicial que a orixinou, se non é por decisión ou coa autorización do xuíz ou fiscal competente.

## TÍTULO IV

**Da representación e defensa do Estado e demais entes públicos**

## Artigo 551.

1. A representación e defensa do Estado e dos seus organismos autónomos, así como a represen-

tación e defensa dos órganos constitucionais as normas internas dos cales non establezan un réxime especial propio corresponderá ós avogados do Estado integrados no servizo xurídico do Estado. Os avogados do Estado poderán representar e defende-los restantes organismos e entidades públicos, sociedades mercantís estatais e fundacións con participación estatal, nos termos contidos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas e disposicións de desenvolvemento. A representación e defensa das entidades xestoras e da Tesourería Xeral da Seguridade Social corresponderá ós letrados da Administración da Seguridade Social, sen prexuízo de que, en ámbolos casos, e de acordo co que regulamentariamente se determine, poidan ser encomendadas a un avogado colexiado especialmente designado para o efecto.

2. A representación e defensa das Cortes Xerais, do Congreso dos Deputados, do Senado, da Xunta Electoral Central e dos órganos e institucións vinculados ou dependentes daquelas corresponderá ós letrados das Cortes Xerais integrados nas secretarías xerais respectivas.

3. A representación e defensa das comunidades autónomas e as dos entes locais corresponderán ós letrados que sirvan nos servizos xurídicos das administracións públicas, salvo que designen avogado colexiado que as represente e defenda. Os avogados do Estado poderán representar e defende-las comunidades autónomas e os entes locais nos termos contidos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas e a súa normativa de desenvolvemento.

## TÍTULO V

**Das sancións que se poden impor ós que interveñen nos preitos ou causas**

## Artigo 552.

Os avogados e procuradores que interveñan nos preitos e causas, cando incumpran as obrigas que lles impón esta lei ou as leis procesuais, poderán ser corrixidos segundo o teor do disposto neste título, sempre que o feito non constitúa delito.

## Artigo 553.

Os avogados e procuradores serán tamén corrixidos disciplinariamente pola súa actuación ante os xulgados e tribunais:

1.º) Cando na súa actuación forense faltaren oralmente, por escrito ou por obra, ó respecto debido ós xuíces e tribunais, fiscais, avogados, secretarios xudiciais ou calquera persoa que interveña ou se relacione co proceso.

2.º) Cando, chamados á orde nas alegacións orais, non obedeceren reiteradamente a quen presida o acto.

3.º) Cando non compareceren ante o tribunal sen causa xustificada unha vez citados en forma.

4.º) Cando renunciaren inxustificadamente á defensa ou representación que exerzan nun proceso, dentro dos sete días anteriores á celebración do xuízo ou vistas sinaladas.

**Artigo 554.**

1. As correccións que se poden impor ás persoas a que se refiren os dous artigos anteriores son:

- a) Apercibimento.
- b) Multa que terá como contía máxima a prevista no Código penal como pena correspondente ás faltas.

2. A imposición da corrección de multa farase atendendo á gravidade, antecedentes e circunstancias dos feitos cometidos e, en todo caso, imporase sempre con audiencia do interesado.

**Artigo 555.**

1. A corrección será imposta pola autoridade ante a cal se sigan as actuacións.

2. Poderase impor nos propios autos ou en procedemento á parte. En todo caso, o secretario fará consta-lo feito que motive a actuación correctora, as alegacións do implicado e o acordo que adopte o xuíz ou a sala.

**Artigo 556.**

Contra o acordo de imposición da corrección poderase interpor, no prazo de cinco días, recurso de audiencia en xustiza ante o secretario xudicial, o xuíz ou a sala, que o resolverán no seguinte día. Contra este acordo ou contra o de imposición da sanción, no caso de que non se utilizase o recurso de audiencia en xustiza, caberá recurso de alzada, no prazo de cinco días, ante a sala de goberno, que o resolverá logo de informe do secretario xudicial, do xuíz ou da sala que impuxo a corrección, na primeira reunión que celebre.

**Artigo 557.**

Cando for procedente algunha das correccións especiais previstas nas leis procesuais para casos determinados, aplicarase, canto ó modo de a impor e recursos utilizables, o que establecen os dous artigos anteriores.»

Cento vinteseis. Dáselle unha nova redacción á disposición adicional sétima, nos seguintes termos:

«Cando o coñecemento do recurso gubernativo contra a cualificación negativa dun rexistrador da propiedade baseada en normas de dereito foral estea atribuído polos estatutos de autonomía ós órganos xurisdiccionais radicados na comunidade autónoma en que estea demarcado o Rexistro da Propiedade, interporase ante o órgano xurisdiccional competente. Se se interpuxese perante a Dirección Xeral dos Rexistros e Notariado, esta remitirao ó dito órgano.»

Cento vinteseite. Engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«A accesibilidade para persoas con discapacidade e persoas de idade a dependencias e servizos de carácter xurisdiccional constitúe un criterio de calidade, que debe ser garantido polas autoridades competentes. As dependencias e servizos xudiciais de nova creación deberán cumprir coas disposicións normativas vixentes en materia de promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras de todo tipo que lles sexan de aplicación. As administracións e autoridades competentes, na esfera das súas respectivas atribucións, promoverán programas para eliminar as barreiras das dependencias e servizos que por razón da súa antigüidade ou outros motivos

presenten obstáculos para os usuarios con problemas de mobilidade ou comunicación.»

**Disposición adicional primeira.** *Categorías do corpo de secretarios xudiciais.*

Mantéñense as tres categorías do corpo de secretarios xudiciais que, a partir da entrada en vigor desta lei, se converten en categorías persoais, suprimíndose o ascenso forzoso. O Ministerio de Xustiza procederá á confirmación dos secretarios xudiciais na categoría que posúan nesa data. Os que se consideren prexudicados na asignación da súa categoría persoal poderán solicitar a revisión conforme criterios obxectivos baseados no tempo de servizos efectivos prestados no corpo.

Así mesmo, o Ministerio de Xustiza procederá a clasificar en grupos os postos de traballo adscritos a secretarios xudiciais. A asignación de categorías persoais e a clasificación dos postos de traballo nos grupos correspondentes non suporá o cesamento nos destinos obtidos por concurso, tanto se o posto desempeñado se clasificase en grupo superior ou inferior á categoría persoal.

Se o posto de traballo se clasificase en grupo superior, o secretario xudicial que o sirva comezará a consolidar a nova categoría a partir do momento en que se aproben os citados grupos de clasificación dos postos de traballo.

**Disposición adicional segunda.** *Corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

Os funcionarios de carreira pertencentes á escala de técnicos facultativos do Instituto de Toxicoloxía integraranse con efectos do un de xaneiro de 2004, no corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses que se crea nesta lei.

**Disposición adicional terceira.** *Secretarios de xulgados de paz de municipios de máis de 7.000 habitantes.*

Os membros do corpo de secretarios de xulgados de paz de municipios de máis de sete mil habitantes declarados a extinguir integraranse no corpo de xestión procesual e administrativa se reúnen os requisitos de titulación para o acceso ó dito corpo. Os que na data de entrada en vigor desta lei non tivesen tal titulación, quedarán integrados na escala a extinguir dese corpo que se crea por esta lei.

A integración terá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2004.

**Disposición adicional cuarta.** *Integración de corpos.*

1. Os funcionarios de carreira pertencentes ó corpo de oficiais da Administración de xustiza que tiveren, na data de entrada en vigor desta lei orgánica, titulación de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente, integraranse con efectos do 1 de xaneiro de 2004 no corpo de xestión procesual e administrativa que se crea pola presente lei.

2. Os funcionarios de carreira da escala de técnicos especialistas do Instituto de Toxicoloxía que tiveren na data de entrada en vigor desta lei o título de técnico superior en formación profesional ou equivalente, integraranse con efectos do 1 de xaneiro de 2004 no corpo de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

3. Os funcionarios de carreira pertencentes ó corpo de auxiliares da Administración de xustiza que tiveren, na data de entrada en vigor desta lei orgánica, titulación

de bacharelato ou equivalente, integraranse con efectos do 1 de xaneiro de 2004 no corpo de tramitación procesual e administrativa que se crea por esta lei.

4. Os funcionarios de carreira pertencentes á escala de auxiliares de laboratorio do Instituto de Toxicoloxía que tiveren, na data de entrada en vigor desta lei orgánica, título de técnico en formación profesional ou equivalente, integraranse con efectos do 1 de xaneiro de 2004 no corpo de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses que se crea nesta lei.

5. Os funcionarios de carreira pertencentes ó corpo de axentes da Administración de xustiza que tiveren, na data de entrada en vigor desta lei orgánica, o título de graduado en ESO ou equivalente, integraranse con efectos do 1 de xaneiro de 2004 no corpo de auxilio xudicial que se crea por esta lei.

6. Os funcionarios de carreira dos corpos de oficiais, auxiliares e axentes ó servizo da Administración de xustiza, da escala de técnicos especialistas e da escala de auxiliares de laboratorio do Instituto de Toxicoloxía que, por non reuniren os requisitos de titulación esixidos na data de entrada en vigor desta lei, non se poidan integrar nos corpos que se crean, integraranse con efectos do 1 de xaneiro de 2004 nas escalas a extinguir que a seguir se relacionan:

Escala a extinguir do corpo de xestión procesual e administrativa, en que se integrarán os funcionarios de carreira do corpo de oficiais ó servizo da Administración de xustiza.

Escala a extinguir do corpo de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, en que se integrarán os funcionarios de carreira da antiga escala de técnicos especialistas do Instituto de Toxicoloxía.

Escala a extinguir do corpo de tramitación procesual e administrativa, en que se integrarán os funcionarios de carreira do corpo de auxiliares ó servizo da Administración de xustiza.

Escala a extinguir do corpo de auxilio xudicial, en que se integrarán os funcionarios pertencentes ó corpo de axentes ó servizo da Administración de xustiza.

Escala a extinguir do corpo de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, en que se integrarán os funcionarios de carreira da antiga escala de auxiliares de laboratorio do Instituto de Toxicoloxía.

7. A integración nos corpos ou nas escalas non suporá diferenciación ningunha no aspecto retributivo e de promoción nin no resto dos dereitos laborais regulados nesta lei.

Os efectos da integración estenderanse a tódolos funcionarios calquera que sexa a súa situación administrativa.

8. O Ministerio de Xustiza establecerá o procedemento para a integración dos citados corpos.

#### **Disposición adicional quinta.** *Haberes reguladores para efectos pasivos.*

Os haberes reguladores para efectos pasivos dos corpos e escalas de nova creación establecidos nesta lei, tanto para a determinación das pensións de clases pasivas a que haxa lugar como para o cálculo das cotas de dereitos pasivos e do mutualismo administrativo, serán sen efectos retroactivos e con independencia da forma de acceso ós ditos corpos os que correspondan á titulación esixida para o ingreso neles, segundo o dis-

posto no artigo 30 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado e disposicións concordantes.

#### **Disposición adicional sexta.** *Supresión de habilitacións.*

A partir da data de entrada en vigor desta lei quedan sen efecto as habilitacións concedidas ó abeiro do artigo 282.1 da Lei orgánica do poder xudicial 6/1985.

#### **Disposición adicional sétima.** *Funcionarios destinados en fiscalías.*

As disposicións e normas organizativas establecidas nesta lei orgánica serán referencia na organización dos postos de traballo das fiscalías e adscricións de fiscalías, que soamente serán servidos por funcionarios dos corpos ó servizo da Administración de xustiza, ós cales serán de aplicación as normas reguladoras do estatuto xurídico que para tales corpos se establecen nesta lei e nas disposicións regulamentarias que se dicten no seu desenvolvemento.

#### **Disposición adicional oitava.** *Aplicación na Comunidade Foral de Navarra.*

As disposicións desta lei orgánica referidas ó persoal funcionario de carreira pertencente ós corpos ó servizo da Administración de xustiza aplicaranse na Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos no artigo 122 e na disposición adicional primeira da Constitución e na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

#### **Disposición adicional novena.** *Novo órgano de dirección e coordinación.*

Na estrutura do Ministerio de Xustiza existirá un órgano encargado da dirección e coordinación dos secretarios de goberno e do resto de secretarios xudiciais, o titular do cal se denominará secretario xeral da Administración de xustiza.

#### **Disposición adicional décima.** *Reforma da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal:

a) Dáselle nova redacción á disposición adicional cuarta, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta.

Os xuíces a que se refire o artigo 308 da Lei orgánica do poder xudicial percibirán, con cargo ós orzamentos do Ministerio de Xustiza, as retribucións básicas correspondentes á categoría de xuíz e as retribucións complementarias, variables e especiais correspondentes ó posto de destino ocupado, unha vez que sexan chamados para o exercicio das funcións a que se refiren os artigos 212.2, 216, 216 bis 1, 216 bis 2, 216 bis 3 e 216 bis 4 da Lei orgánica do poder xudicial.

Mentres permanezan adscritos ó Consello Xeral do Poder Xudicial, sen chamamento ó exercicio das referidas funcións xurisdiccionais, percibirán as ditas retribucións básicas e complementarias

con cargo ós orzamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

b) Engádesse unha nova disposición adicional sétima, nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima.

Os membros das carreiras xudicial e fiscal destinados no Ministerio de Xustiza de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, percibirán, en concepto de retribucións complementarias fixadas nesta lei, o complemento de destino correspondente ós maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza do grupo 1, cando teñan a categoría de maxistrados ou fiscais, e o complemento de destino correspondente ó grupo 5, cando teñan a categoría de xuíces e avogados fiscais. As retribucións básicas serán as previstas nesta lei de acordo coa súa categoría e todos eles poderán percibir, así mesmo, cando proceda, retribucións variables e retribucións especiais polo desempeño ou prestación de determinados servizos, de acordo coas previsións contidas nesta lei, na contía e condicións que estableza o Ministerio de Xustiza.

Se tivesen a categoría de maxistrados do Tribunal Supremo percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade coas leis de orzamentos xerais do Estado.

Esta disposición adicional aplicarase cos efectos económicos previstos na disposición transitoria primeira desta lei.»

**Disposición adicional décimo primeira.** *Reforma da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial:

Un . Modifícanse os artigos 3; 8, número 2, e 23, números 1 e 3, que terán a redacción seguinte:

«Artigo 3.

1. As audiencias provinciais, os xulgados do penal, os xulgados do contencioso-administrativo, os xulgados do social, os xulgados de vixilancia penitenciaria, os xulgados de menores e os xulgados do mercantil teñen xurisdicción no ámbito territorial da súa respectiva provincia.

2. Sen embargo, teñen a súa xurisdicción limitada a un só partido xudicial, ou a varios ou, polo contrario, ampliada a varias provincias os xulgados das ordes a que se refire o parágrafo anterior nos casos previstos nos anexos VII, VIII, IX, X, XI e XII desta lei.

3. Para efectos da demarcación xudicial, as cidades de Ceuta e Melilla quedan integradas na circunscrición territorial da sección sexta da Audiencia Provincial de Cádiz, con sede en Ceuta, e da sección oitava da Audiencia Provincial de Málaga, con sede en Melilla, respectivamente.

4. Os órganos xudiciais que teñen a súa sede en Ceuta e Melilla teñen a xurisdicción limitada ó respectivo partido xudicial.

5. Nos casos en que o anexo V desta lei prevexa a existencia de seccións dunha audiencia provincial fóra da capital da provincia, a xurisdicción das ditas seccións exercerase nos partidos xudiciais que, segundo o citado anexo, estean adscritos a elas.

6. Os xulgados do mercantil de Alacant que se especialicen terán competencia, ademais, para

coñeceren, en primeira instancia e de forma exclusiva, de todos aqueles litixios que se promovan ó abeiro do previsto nos regulamentos n.º 40/94 do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, e 6/2002, do Consello da Unión Europea, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios. No exercicio desta competencia os ditos xulgados estenderán a súa xurisdicción a todo o territorio nacional, e unicamente para estes efectos se denominarán xulgados de marca comunitaria.

7. A sección ou seccións da Audiencia Provincial de Alacant que se especialicen, coñecerán ademais, en segunda instancia e de forma exclusiva, de todos aqueles recursos a que se refire o artigo 101 do Regulamento n.º 40/94 do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, e o Regulamento 6/2002, do Consello da Unión Europea, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios. No exercicio desta competencia estenderán a súa xurisdicción a todo o territorio nacional e unicamente para estes efectos se denominarán tribunais de marca comunitaria.»

Artigo 8, número 2.

«2. As seccións das audiencias provinciais a que se refire o número 5 do artigo 3.º desta lei, así como os xulgados do penal, os xulgados do contencioso-administrativo, os xulgados do social, os xulgados de menores e os xulgados do mercantil con xurisdicción de extensión territorial inferior ou superior á dunha provincia teñen a súa sede na capital do partido que se sinale por lei da correspondente comunidade autónoma, e toman o nome do municipio en que aquela estea situada.»

Artigo 23, números 1 e 3.

«1. O Gabinete Técnico de Información e Documentación do Tribunal Supremo estará integrado polo cadro de persoal de maxistrados que establece o Ministerio de Xustiza de conformidade co previsto no artigo 163 da Lei orgánica do poder xudicial. Un deles desempeñará a súa xefatura.»

«3. Poderán ser removidos libremente polo presidente do Tribunal Supremo. Ó cesaren, deberán solicita-lo reingreso ó servizo activo no prazo máximo de 10 días contados desde o seguinte ó do cesamento e incorporarse ó seu destino dentro dos 20 días inmediatamente seguintes; de non o faceren, serán declarados en situación de excedencia voluntaria con efectos desde o día en que cesaron no posto ou cargo desempeñado. O reingreso terá efectos económicos e administrativos desde a data da solicitude.»

Dous. Engádesse os artigos 19 bis e 46 bis, que terán o seguinte texto:

«Artigo 19 bis.

1. A planta inicial dos xulgados do mercantil é a establecida no anexo XII desta lei.

Para a concreción desta planta inicial e a que sexa obxecto de desenvolvemento posterior, realizado mediante real decreto de conformidade co establecido no artigo 20 desta lei, axustarase ós seguintes criterios:

a) Creación de xulgados do mercantil.

1.º) Poderanse crear xulgados do mercantil con sede na capital da provincia e xurisdicción en toda ela, cando as cargas de traballo así o aconsellen.

2.º) Igualmente se poderán establecer xulgados do mercantil en poboacións distintas da capital da provincia cando criterios poboacionais, industriais ou mercantís así o aconsellen, con xurisdicción en un ou varios partidos xudiciais.

b) Transformación de xulgados de primeira instancia e de primeira instancia e instrucción en xulgados do mercantil.

Naquelas provincias onde, en atención ó volume de asuntos, non sexa necesaria a ampliación da planta, transformaranse algúns xulgados de primeira instancia e de primeira instancia e instrucción en xulgados do mercantil.

c) Compatibilización nun mesmo xulgado das materias mercantís co resto das da xurisdicción civil.

Naqueles supostos en que o volume de asuntos así o aconselle compatibilizaranse nun mesmo xulgado as materias mercantís co resto das da xurisdicción civil.

2. Os xulgados do mercantil son servidos por maxistrados.

3. A provisión dos xulgados do mercantil faise mediante concurso, que se resolverá a favor dos que, acreditando a especialización correspondente nos asuntos propios deses xulgados, obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto na súa escala. No seu defecto, cubrirase cos maxistrados que acrediten ter permanecido máis anos na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, pola orde de antigüidade establecida no número primeiro do artigo 329 da Lei orgánica do poder xudicial.»

«Artigo 46 bis.

O Goberno, dentro do marco da respectiva lei de orzamentos, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial e, cando for o caso, a comunidade autónoma afectada, procederá de forma gradual, mediante real decreto, á constitución, compatibilización e transformación de xulgados de primeira instancia e de xulgados de primeira instancia e instrucción para a plena efectividade da planta correspondente ós xulgados do mercantil.»

Tres. Modifícanse parcialmente os anexos I, V, VI e VII, nos seguintes termos:

#### «ANEXO I

##### RELACIÓN DE TERMOS MUNICIPAIS AGRUPADOS POR PARTIDOS XUDICIAIS

PX	CM	Nome do municipio
<b>Comunidade Autónoma de Andalucía</b>		
<i>Provincia de Málaga</i>		
3	007	Alhaurín de la Torre.
3	003	Alfarnate.
3	004	Alfarnatejo.
3	011	Almogía.
3	012	Álora.
3	013	Alozaina.
3	018	Ardales.
3	036	Carratraca.

PX	CM	Nome do municipio
3	038	Cártama.
3	039	Casabermeja.
3	040	Casarabonela.
3	043	Colmenar.
3	067	Málaga.
3	080	Pizarra.
3	082	Rincón de la Victoria.
3	083	Riogordo.
3	092	Totalán.
3	100	Yunquera.
12	025	Benalmádena.
12	901	Torremolinos.
<b>Comunidade Autónoma das Illes Balears</b>		
<i>Provincia de Illes Balears</i>		
3	004	Algaida.
3	010	Bunyola.
3	018	Deyá.
3	020	Esporles.
3	025	Fornalutx.
3	031	Llucmajor.
3	036	Marratxí.
3	040	Palma de Mallorca.
3	045	Puigpunyent.
3	053	Santa Eugènia.
3	056	Santa María del Camí.
3	061	Sóller.
3	063	Valldemossa.
7	005	Andratx.
7	007	Banyalbufar.
7	011	Calviá.
7	021	Estellencs.
<b>Comunidade Autónoma de Canarias</b>		
<i>Provincia de Las Palmas</i>		
5	011	Ingenio.
5	026	Telde.
5	031	Valsequillo de Gran Canaria.
6	012	Mogán.
6	019	San Bartolomé de Tirajana.
8	002	Agüimes.
8	022	Santa Lucía de Tirajana.
<b>Comunidade Valenciana</b>		
<i>Provincia de Alacant</i>		
3	014	Alicante/Alacant.
3	050	El Campello.
3	119	San Juan de Alacant.
10	004	Aigües.
10	046	Busot.
10	083	Jijona/Xixona.
10	090	Mutxamel.
10	122	San Vicente del Raspeig/Sant Vicent del Raspeig.
10	132	Torremanzanas/ La Torre de Iles Maçanes.
<b>Comunidade de Madrid</b>		
<i>Provincia de Madrid</i>		
12	080	Majadahonda.
12	127	Las Rozas de Madrid.
21	115	Pozuelo de Alarcón.

**ANEXO V**  
**AUDIENCIAS PROVINCIAIS**

Provincia sede	Maxistrados	Xurisdición
<i>Comunidade Valenciana</i>		
Alacant .....	19	Partidos xudiciais 1, 2, 3, 5, 6, 7, 9, 10, 11 e 12. Partidos xudiciais 1, 2, 3, 5, 6, 7, 9, 10, 11 e 12 e ámbito nacional para marca comunitaria. Partidos xudiciais 4, 8 e 13.
Sección Oitava (Tribunal Marca Comunitaria) .....	3	
Elche .....	4	
Total .....	26	

**ANEXO VI**  
**XULGADOS DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN**

Provincia	Partido xudicial número	Primeira Instanc.	Instruc.	Primeira instancia e instrucción	
<i>Illes Balears</i>					
Illes Balears.	1	18	11	2	servidos por maxistrados.
	2			5	
	3			5	
	4			7	
	5			2	
	6			2	
	7			2	
Total.....				52	
<i>Canarias</i>					
Las Palmas.	1	13	7	6	servidos por maxistrados.
	2			4	
	3			2	
	4			7	
	5			8	
	6			2	
	7			4	
	8			4	
Total.....				53	
<i>Madrid</i>					
Madrid.	1	6	4	1	servidos por maxistrados.
	2			5	
	3			3	
	4			7	
	5			7	
	6			3	
	7			3	
	8			7	
	9			6	
	10			7	
	11			6	
	12	7			
	13	5			
	14	4			
	15	6			
	16	5			
	17	5			
	18	9			
	19	4			
	20	3			
	21	4			
Total.....				230	

**ANEXO VII****Xulgados do penal**

Provincia	Sede en partido xudicial número	Xurisdicción	Número de xulgados
<i>Cataluña</i>			
Barcelona.	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2 e 8.	2
	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3 e 22.	2
	4	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 4.	2
	5	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 5.	1
	6	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 6.	2
	11	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1, 7, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 20, 23 e 25.	24
	13	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 13 e 19.	3
	14	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 9, 14 e 21.	2
	15	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 15 e 24.	2

Catro. Engádesse un novo anexo XII, coa seguinte redacción:

**«ANEXO XII****Xulgados do mercantil**

	Número xulgados do mercantil	Xurisdicción
<i>Andalucía</i>		
Almería.	1	Ámbito provincial.
Cádiz.	1	Ámbito provincial.
Córdoba.	1	Ámbito provincial.
Granada.	1	Ámbito provincial.
Huelva.	1	Ámbito provincial.
Jaén.	1	Ámbito provincial.
Málaga.	1	Ámbito provincial.
Sevilla.	1	Ámbito provincial.
<i>Aragón</i>		
Huesca.	1	Ámbito provincial.
Teruel.	1	Ámbito provincial.
Zaragoza.	1	Ámbito provincial.
<i>Asturias</i>		
Asturias.	1	Ámbito provincial.
<i>Illes Balears</i>		
Illes Balears.	1	Ámbito provincial.
<i>Canarias</i>		
Las Palmas.	1	Ámbito provincial.
Santa Cruz de Tenerife.	1	Ámbito provincial.
<i>Cantabria</i>		
Cantabria.	1	Ámbito provincial.
<i>Castilla y León</i>		
Ávila.	1	Ámbito provincial.

	Número Xulgados do mercantil	Xurisdicción
Burgos.	1	Ámbito provincial.
León.	1	Ámbito provincial.
Palencia.	1	Ámbito provincial.
Salamanca.	1	Ámbito provincial.
Segovia.	1	Ámbito provincial.
Soria.	1	Ámbito provincial.
Valladolid.	1	Ámbito provincial.
Zamora.	1	Ámbito provincial.
<i>Castilla- La Mancha</i>		
Albacete.	1	Ámbito provincial.
Ciudad Real.	1	Ámbito provincial.
Cuenca.	1	Ámbito provincial.
Guadalajara.	1	Ámbito provincial.
Toledo.	1	Ámbito provincial.
<i>Cataluña</i>		Ámbito provincial.
Barcelona	1	Ámbito provincial.
Girona.	1	Ámbito provincial.
Lleida.	1	Ámbito provincial.
Tarragona.	1	Ámbito provincial.
<i>Comunidade Valenciana</i>		
Alicante/Alacant.	1	Ámbito provincial (como Xulgado Marca Comunitaria-Ámbito Nacional).
Castellón/Castelló.	1	Ámbito provincial.
Valencia.	1	Ámbito provincial.
<i>Extremadura</i>		
Badajoz.	1	Ámbito provincial.
Cáceres.	1	Ámbito provincial.
<i>Galicia</i>		
A Coruña.	1	Ámbito provincial.
Lugo.	1	Ámbito provincial.
Ourense.	1	Ámbito provincial.
Pontevedra.	1	Ámbito provincial.
<i>Madrid</i>		
Madrid.	1	Ámbito provincial.
<i>Murcia</i>		
Murcia.	1	Ámbito provincial.
<i>Navarra</i>		
Navarra.	1	Ámbito provincial.
<i>País Vasco</i>		
Araba	1	Ámbito provincial.
Gipuzkoa.	1	Ámbito provincial.
Bizkaia.	1	Ámbito provincial.
<i>La Rioja</i>		
La Rioja.	1	Ámbito provincial.
<i>Cidade de Ceuta</i>		
Ceuta.	1	Ámbito cidade autónoma.
<i>Cidade de Melilla</i>		
Melilla.	1	Ámbito cidade autónoma.
<b>Total</b>	<b>52</b>	



Cinco. Engádense dúas novas disposicións transitorias, novena e décima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria novena.

1. Mentres as comunidades autónomas respectivas non fixen a sede dos xulgados do penal, esta entenderase situada onde se constituísen os xulgados do penal correspondentes segundo o disposto no anexo VII desta lei.

2. Mentres as comunidades autónomas respectivas non fixen a sede dos xulgados do mercantil, esta entenderase situada naquelas capitais de provincia ou poboacións que, tanto por seren núcleos onde os procedementos concursais son estatisticamente máis frecuentes, como por teren atribuído o coñecemento exclusivo de determinadas competencias con exclusividade ó resto, resulte así conveniente para o adecuado cumprimento da función xurisdiccional con respecto ós prazos procesuais.»

«Disposición transitoria décima.

Mentres non entren en funcionamento os xulgados de primeira instancia e instrucción, do penal e do mercantil correspondentes ás novas circunscricións territoriais creadas por esta lei, manterán a súa competencia os órganos xudiciais que as tivesen á entrada en vigor da disposición, coñecendo dos asuntos pendentes ante eles ata a súa definitiva conclusión.»

Seis. Engádense unha disposición derradeira única coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira única. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno dictará cantas disposicións sexan precisas na execución e desenvolvemento do previsto nesta lei.»

**Disposición adicional décimo segunda.** *Modificacións da Lei de axuízamento civil.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei de axuízamento civil:

Un. O artigo 143 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 143. *Intervención de intérpretes.*

1. Cando algunha persoa que non coñeza o castelán nin, se for o caso, a lingua oficial propia da comunidade autónoma, tivese que ser interrogada ou prestar algunha declaración, ou cando for preciso darlle a coñecer persoalmente algunha resolución, o tribunal, por medio de providencia, poderá habilitar como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua de que se trate, esixíndoselle xuramento ou promesa de fiel traducción.

Das actuacións que nestes casos se practiquen redactarase acta en que constarán os textos no idioma orixinal e a súa traducción para o idioma oficial, e que será asinada tamén polo intérprete.

2. Nos mesmos casos do número anterior, se a persoa for xorda, nomearase sempre, conforme o que se dispón no expresado número, o intérprete de lingua de signos adecuado.

Das actuacións que se practiquen en relación coas persoas xordas redactarase a oportuna acta.»

Dous. Engádense un novo número 3 ó artigo 525, nos seguintes termos:

«3. Non procederá a execución provisoria dos pronunciamentos de carácter indemnizatorio das sentencias que declaren a vulneración dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.»

Tres. Engádense unha nova disposición adicional quinta, co seguinte contido:

Disposición adicional quinta. *Medidas de axilización de determinados procesos civís.*

1. O Ministerio de Xustiza, de acordo coa comunidade autónoma correspondente con competencias na materia, logo de informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, poderá crear oficinas de sinalamento inmediato naqueles partidos xudiciais con separación entre xulgados de primeira instancia e xulgados de instrucción.

Estas oficinas terán carácter de servizo común procesual e desenvolverán funcións de rexistro, repartición e sinalamento de vistas, comparecencias e actuacións nos procedementos a que se refire a presente disposición adicional.

2. Naqueles partidos xudiciais onde se constituían oficinas de sinalamento inmediato presentaranse ante elas as demandas e solicitudes que versen sobre as seguintes materias:

a) Reclamacións de cantidade referidas no número 2 do artigo 250 desta lei.

b) Desafuzamentos de predio urbano por falta de pagamento de rendas ou cantidades debidas e, se é o caso, reclamacións destas rendas ou cantidades cando a acción de reclamación se acumule á acción de desafuzamento.

c) Medidas cautelares previas ou simultáneas á demanda, a que se refire a regra 6.<sup>a</sup> do artigo 770.

d) Medidas provisionais de nulidade, separación ou divorcio, previas ou simultáneas á demanda, previstas nos artigos 771 e 773.1.

e) Demandas de nulidade, separación ou divorcio solicitados de mutuo acordo, ou por un dos cónxuxes co consentimento do outro.

3. Estas demandas e solicitudes presentadas ante as oficinas de sinalamento inmediato tramitaranse conforme as normas desta lei, coas seguintes especialidades:

Primeira. Con carácter previo á súa admisión a trámite, as oficinas de sinalamento inmediato, nunha mesma dilixencia:

a) Rexistrarán aquelas demandas ou solicitudes previstas no número anterior que ante elas se presenten.

b) Acordarán a súa repartición ó xulgado que corresponda e sinalarán directamente a vista referida no artigo 440.1, a comparecencia prevista nos artigos 771.2 e 773.3, a comparecencia para ratificación da demanda establecida no artigo 777.3, e a data e hora en que tivese que ter lugar o lanzamento, no suposto a que se refire o artigo 440.3.

c) Ordenarán, librándoos para o efecto, a práctica das correspondentes citacións e oficios, para que se realicen a través do servizo común de notificacións ou, se for o caso, polo procurador que así o solicite, e se entreguen realizadas directamente ó xulgado correspondente.

d) Remitirán inmediatamente a demanda ou solicitude presentada ó xulgado que corresponda.

Segunda. As citacións para as comparecencias e vistas a que se refire a regra anterior conterán os requirimentos e advertencias previstos en cada caso nesta lei. Tamén farán indicación dos extremos a que se refire o número 3 do artigo 440.

Así mesmo, a citación expresará que, se o demandado solicita o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta ou solicita a designación de avogado e procurador de oficio no caso do artigo 33.2, deberá instalalo ante o xulgado no prazo de tres días desde a recepción da citación.

Terceira. Recibida a demanda ou solicitude, o xulgado acordará o procedente sobre a súa admisión a trámite, ordenando, cando for o caso, a emenda de defectos procesuais, que se deberán resolver nun prazo máximo de tres días. No suposto en que se admita a demanda, observarase o sinalamento realizado. Se non for admitida a trámite, deixarase sen efecto o sinalamento, comunicando o xulgado esta circunstancia ós que xa fosen citados.

Cando algunha das partes solicitase o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta ou a designación de avogado e procurador de oficio, o xulgado de primeira instancia requirirá a inmediata designación dos profesionais de conformidade co establecido no número 3 do artigo 33. Neste caso, a designación efectuarase a favor dos profesionais asignados para a data en que teña que se celebra a vista ou comparecencia sinalada, de acordo cunha quenda especial de asistencia establecida para o efecto polos colexios de avogados e procuradores.

Cuarta. As oficinas de sinalamento inmediato realizarán os sinalamentos a que se refire a alínea b) do número 3, primeira, desta disposición ante o xulgado de primeira instancia que por quenda corresponda de acordo cun sistema programado de sinalamentos, no día e hora hábiles dispoñibles máis próximos posibles, dentro, en todo caso, dos seguintes prazos:

a) Os sinalamentos para as vistas a que se refire o artigo 440.1 efectuaranse nos prazos sinalados no mesmo precepto, contados a partir do quinto día posterior ó da presentación da demanda na oficina de sinalamento inmediato.

b) Os sinalamentos para as comparecencias previstas nos artigos 771.2 e 773.3 efectuaranse entre o quinto e o décimo día posteriores ó da presentación da solicitude ou demanda na oficina de sinalamento inmediato.

c) Os sinalamentos das comparecencias para ratificación da demanda establecidas no artigo 777.3 efectuaranse dentro dos tres días seguintes ó da presentación da correspondente demanda.

d) A fixación de data e hora en que, se é o caso, deba ter lugar o lanzamento, de acordo co previsto no último inciso do número 3 do artigo 440, realizarase nun prazo inferior a un mes desde a data en que se sinalase a correspondente vista.

Quinta. Cada xulgado de primeira instancia, nos partidos xudiciais en que se constitúan oficinas de sinalamento inmediato, deberá reserva-la totalidade da súa axenda nas datas que lle corresponda actuar en quenda de asistencia continuada

para que a oficina de sinalamento inmediato realice directamente os sinalamentos.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de informe favorable do Ministerio de Xustiza, ditará os regulamentos necesarios para regular a organización e o funcionamento do sistema programado de sinalamentos, o establecemento das quendas de asistencia continuada entre os xulgados de primeira instancia e o fraccionamento de franxas horarias para a realización directa dos sinalamentos.

Sexta. As normas de repartición dos partidos xudiciais en que se constitúan oficinas de sinalamento inmediato atribuirán o coñecemento dos procedementos establecidos no número 2 desta disposición a aquel xulgado de primeira instancia que teña que actuar en quenda de asistencia continuada na data en que se realicen os sinalamentos das vistas e comparecencias a que se refire a regra cuarta.

4. Nas actuacións realizadas no ámbito desta disposición adicional, os procuradores das partes constituídas poderán practicar, se así o solicitan e á custa da parte que representen, as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos, por calquera dos medios admitidos con carácter xeral nesta lei.

Teranse por validamente realizados estes actos de comunicación cando quede constancia suficiente de teren sido practicados na persoa ou no domicilio do destinatario.

Para estes efectos, o procurador acreditará, baixo a súa responsabilidade persoal, a identidade e condición do receptor do acto de comunicación, coidando de que na copia quede constancia da súa sinatura e da data en que se realice.

Nas comunicacións por medio de entrega de copia da resolución ou cédula no domicilio do destinatario, observarase o disposto no artigo 161 no que sexa aplicable, debendo o procurador acreditar a concorrencia das circunstancias previstas no dito precepto, para o que se poderá auxiliar de dúas testemuñas ou de calquera outro medio idóneo.»

#### **Disposición adicional décimo terceira.** *Modificación da Lei de axuízamento criminal.*

Modifícase o artigo 442 da Lei de axuízamento criminal, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Se a testemuña for xorda, nomearase un intérprete de lingua de signos adecuado, por conducto do cal se lle farán as preguntas e se recibirán as súas contestacións.

O nomeado prestará xuramento na presenza do xordo antes de comezar a desempeña-lo cargo.»

#### **Disposición adicional décimo cuarta.** *Reforma da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa:

Un. O artigo 2.e) queda redactado da seguinte forma:

«e) A responsabilidade patrimonial das administracións públicas, calquera que sexa a natureza

da actividade ou o tipo de relación de que derive, non podendo ser demandadas aquelas por este motivo ante as ordes xurisdiccionais civil ou social, mesmo que na produción do dano concorran con particulares ou contén cun seguro de responsabilidade.»

Dous. O artigo 8 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 8.

1. Os xulgados do contencioso-administrativo coñecerán, en única ou primeira instancia segundo o disposto nesta lei, dos recursos que se deduzan fronte ós actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas a elas, excluídas as impugnacións de calquera clase de instrumentos de planeamento urbanístico.

2. Coñecerán, así mesmo, en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan fronte ós actos administrativos da Administración das comunidades autónomas, salvo cando procedan do respectivo Consello de Goberno, cando teñan por obxecto:

a) Cuestións de persoal, salvo que se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios públicos de carreira.

b) As sancións administrativas que consistan en multas non superiores a 60.000 euros e en cesamentos de actividades ou privación de exercicio de dereitos que non excedan seis meses.

c) As reclamacións por responsabilidade patrimonial de contía non superior a 30.050 euros.

3. Coñecerán en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan fronte a disposicións e actos da Administración periférica do Estado e das comunidades autónomas, contra os actos dos organismos, entes, entidades ou corporacións de dereito público, a competencia das cales non se estenda a todo o territorio nacional e contra as resolucións dos órganos superiores cando confirmen integramente os dictados por aqueles en vía de recurso, fiscalización ou tutela.

Exceptúanse os actos de contía superior a 60.000 euros dictados pola Administración periférica do Estado e os organismos públicos estatais a competencia dos cales non se estenda a todo o territorio nacional, ou cando se dicten en exercicio das súas competencias sobre dominio público, obras públicas do Estado, expropiación forzosa e propiedades especiais.

4. Coñecerán, igualmente, de tódalas resolucións que sexan dictadas en materia de estranxeiría pola Administración periférica do Estado.

5. Corresponde coñecer ós xulgados das impugnacións contra actos das xuntas electorais de zona e das formuladas en materia de proclamación de candidaturas e candidatos efectuada por calquera das xuntas electorais, nos termos previstos na lexislación electoral.

6. Coñecerán tamén os xulgados do contencioso-administrativo das autorizacións para a entrada en domicilios e restantes lugares para o acceso ós cales se requira o consentimento do seu titular, sempre que isto proceda para a execución forzosa de actos da Administración pública.

Así mesmo, corresponderá ós xulgados do contencioso-administrativo a autorización ou ratificación xudicial das medidas que as autoridades

sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública, e impliquen privación ou restricción da liberdade ou doutro dereito fundamental.»

Tres. O artigo 9 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 9.

Os xulgados centrais do contencioso-administrativo coñecerán dos recursos que se deduzan fronte ós actos administrativos que teñan por obxecto:

a) En primeira ou única instancia nas materias de persoal cando se trate de actos dictados por ministros e secretarios de Estado, salvo que confirmen en vía de recurso, fiscalización ou tutela actos dictados por órganos inferiores, ou se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios de carreira ou ás materias recollidas no artigo 11.1.a) sobre persoal militar.

b) En única ou primeira instancia contra os actos dos órganos centrais da Administración xeral do Estado nos supostos previstos no número 2.b) do artigo 8.

c) En primeira ou única instancia dos recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra as disposicións xerais e contra os actos emanados dos organismos públicos con personalidade xurídica propia e entidades pertencentes ó sector público estatal con competencia en todo o territorio nacional, sen prexuízo do disposto na alínea i) do número 1 do artigo 10.

d) En primeira ou única instancia, dos recursos contra as resolucións dictadas polos ministros e secretarios de Estado en materia de responsabilidade patrimonial cando o reclamado non exceda 30.050 euros.

e) En primeira instancia, das resolucións que acorden a inadmisión das peticións de asilo político.»

Catro. O artigo 21.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. Considérase parte demandada:

a) As administracións públicas ou calquera dos órganos mencionados no artigo 1.3 contra a actividade das cales se dirixa o recurso.

b) As persoas ou entidades os dereitos ou intereses lexítimos das cales puidesen quedar afectados pola estimación das pretensións do demandante.

c) As aseguradoras das administracións públicas, que sempre serán parte codemandada xunto coa Administración a quen aseguren.»

Cinco. O artigo 37 pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 37.

1. Interpostos varios recursos contencioso-administrativos con ocasión de actos, disposicións ou actuacións en que concorran algunha das circunstancias sinaladas no artigo 34, o órgano xurisdiccional poderá en calquera momento procesal, logo de audiencia das partes por prazo común de cinco días, acorda-la acumulación de oficio ou por instancia dalgunha delas.

2. Cando ante un xuíz ou tribunal estivese pendente unha pluralidade de recursos con idéntico obxecto, o órgano xurisdiccional pode-

rá non acumulalos e tramitar un ou varios con carácter preferente, logo de audiencia das partes por prazo común de cinco días, suspendendo o curso dos demais ata se dictar sentenza nos primeiros.

3. A sentenza notificaráselles ás partes afectadas pola suspensión, que poderán solicita-la extensión dos seus efectos nos termos do artigo 111 ou ben desistir do recurso. De non o facer, levarase testemuño ós recursos suspendidos.»

Seis. O artigo 78.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os xulgados do contencioso-administrativo desta orde xurisdiccional coñecen polo procedemento abreviado dos asuntos da súa competencia que se susciten sobre cuestións de persoal ó servizo das administracións públicas, sobre estranxeiría e sobre inadmisión de peticións de asilo político, así como todas aquelas de contía non superior ós 13.000 euros.»

Sete. O artigo 80.2 queda redactado da seguinte forma:

«2. A apelación dos autos dictados polos xulgados do contencioso-administrativo e os xulgados centrais do contencioso-administrativo nos supostos dos artigos 110 e 111, rexerese polo mesmo réxime de admisión da apelación que corresponda á sentenza da cal se pretende a extensión.»

Oito. O artigo 110 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 110.

1. En materia tributaria e de persoal ó servizo da Administración pública, os efectos dunha sentenza firme que recoñecese unha situación xurídica individualizada a favor dunha ou varias persoas poderanse estender a outras, en execución da sentenza, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que os interesados se encontren en idéntica situación xurídica que os favorecidos pola sentenza.

b) Que o xuíz ou tribunal sentenciador fose tamén competente, por razón do territorio, para coñecer das súas pretensións de recoñecemento da dita situación individualizada.

c) Que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo dun ano desde a última notificación dela ós que foron parte no proceso. Se se interpuxese recurso en interese da lei ou de revisión, este prazo contarase desde a última notificación da resolución que poña fin a este.

2. A solicitude deberase dirixir directamente ó órgano xurisdiccional competente que dictase a resolución da cal se pretende que se estendan os efectos.

3. A petición ó órgano xurisdiccional formularase en escrito razoado a que se deberá xunta-lo documento ou documentos que acrediten a identidade de situacións ou a non concorrencia dalgunha das circunstancias do número 5 deste artigo.

4. Antes de resolver, nos 20 días seguintes, o xuíz ou tribunal da execución solicitará da Admi-

nistración os antecedentes que considere oportunos e, en todo caso, un informe detallado sobre a viabilidade da extensión solicitada, pondo de manifesto o resultado desas actuacións ás partes para alegaren polo prazo común de tres días, con emprazamento, se é o caso, dos interesados directamente afectados polos efectos da extensión. Unha vez evacuado o trámite, resolverá sen máis por medio de auto, no cal non se poderá recoñecer unha situación xurídica distinta á definida na sentenza firme de que se trate.

5. O incidente desestimárase, en todo caso, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Se existise cousa xulgada.

b) Cando a doutrina determinante da sentenza de que se postule a extensión for contraria á xurisprudencia do Tribunal Supremo ou á doutrina sentada polos tribunais superiores de xustiza no recurso a que se refire o artigo 99.

c) Se para o interesado se dictase resolución que, tendo causado estado en vía administrativa, for consentida e firme por non ter promovido recurso contencioso-administrativo.

6. Se se encontra pendente un recurso de revisión ou un recurso de casación en interese da lei, quedarán en suspenso a decisión do incidente ata se resolve-lo citado recurso.

7. O réxime de recurso do auto dictado axustarase ás regras xerais previstas no artigo 80.»

9. Engádesse unha nova disposición adicional sétima, co seguinte texto:

«Disposición adicional sétima.

Os xulgados e tribunais da orde contencioso-administrativa tamén coñecerán das cuestións que se promovan entre a sociedade estatal Correos e Telégrafos, S.A., e os empregados desta que conserven a condición de funcionarios e presten servizos nela, nos mesmos termos en que coñecen as cuestións que se suscitan entre os organismos públicos e o seu persoal funcionario, atendendo á natureza específica desta relación.»

**Disposición adicional décimo quinta.** *Modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.*

Engádesse un número 3 ó artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, coa seguinte redacción:

«3. Nos municipios de gran poboación o pleno da corporación poderá crear corpos de funcionarios para o exercicio exclusivo das funcións previstas na alínea b) do número 1. Estes funcionarios non se integrarán nas forzas e corpos de seguridade, e no exercicio desas funcións terán a consideración de axentes da autoridade, subordinados ós membros dos respectivos corpos de policía local.

Os funcionarios integrantes dos corpos referidos no parágrafo anterior rexeranse polas normas contidas na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e as demais normas que se dicten en desenvolvemento e aplicación dela.»

**Disposición adicional décimo sexta.** *Modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.*

A actual disposición adicional da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, pasa a ser disposición adicional primeira, e engádeselle á dita lei unha nova disposición adicional segunda, co seguinte contido:

«1. O Ministerio Fiscal contará cun sistema de información e unha rede de comunicacións electrónicas plenamente integrados, a través dos cales se asegurará eficazmente a súa unidade de actuación de conformidade co establecido no artigo 124 da Constitución.

2. O sistema de información e a rede integrada de comunicacións electrónicas do Ministerio Fiscal serán definidos e xestionados polos órganos competentes da Fiscalía Xeral do Estado. Para estes efectos contarán co soporte administrativo e tecnolóxico do Ministerio de Xustiza.

As comunidades autónomas que asumisen competencias en materia de provisión de medios materiais para a Administración de xustiza participarán xunto ó Ministerio de Xustiza na dotación dos equipamentos informáticos do Ministerio Fiscal, con suxeición ó disposto neste estatuto orgánico e ós acordos e resolucións adoptados pola Comisión Nacional de Informática e Comunicacións Electrónicas do Ministerio Fiscal.

3. A rede integrada de comunicacións do Ministerio Fiscal garantizará:

a) Un sistema de identificación e de codificación único dos procedementos e actuacións en que interveña o Ministerio Fiscal.

b) A obtención inmediata, actualizada e rigorosa de información estatística. Para estes efectos, existirá unha base de datos centralizada dos procedementos de que coñeza o Ministerio Fiscal.

c) O acceso telemático de tódalas fiscalías ós rexistros, bases de datos, sistemas de información e aplicacións informáticas de ámbito nacional xestionados polo Ministerio de Xustiza.

d) A conexión telemática permanente do fiscal xeral do Estado e dos restantes órganos centrais do Ministerio Fiscal con tódalas fiscalías e os membros da carreira fiscal, ben como deles entre si. Para estes efectos implantarase un sistema único de identificación e de comunicacións electrónicas.

4. A Comisión Nacional de Informática e Comunicacións Electrónicas do Ministerio Fiscal, presidida polo fiscal xeral do Estado, dictará instrucións e criterios de obrigado cumprimento en tódalas fiscalías sobre a implantación, utilización, xestión e explotación de tódolos sistemas informáticos e de comunicacións electrónicas. A estrutura, composición e funcións desta comisión nacional, así como a organización, o funcionamento e os características técnicas da rede integrada de comunicacións electrónicas do Ministerio Fiscal, será establecida regulamentariamente, mediante real decreto.»

**Disposición adicional décimo sétima.** *Comunicacións dos órganos xudiciais á autoridade gubernativa en relación con estranxeiros.*

Os órganos xudiciais comunicarán á autoridade gubernativa a finalización dos procesos xudiciais en

que conorra a comisión de infraccións administrativas das normas sobre estranxeiría, para os efectos de que as autoridades administrativas poidan continuar, iniciar ou arquivar, se procede, segundo os casos, o procedemento administrativo sancionador. Do mesmo modo, comunicarán aquelas condenas impostas a estranxeiros por delicto doloso castigado con pena privativa de liberdade superior a un ano, para os efectos de incoación do correspondente expediente sancionador.

Igualmente, comunicarán as sentencias en que acorden a substitución das penas privativas de liberdade impostas ou das medidas de seguridade que sexan aplicables ós estranxeiros non residentes legalmente en España pola súa expulsión do territorio nacional. Nestes casos, a sentenza que acorde a substitución disporá a execución da pena privativa de liberdade ou medida de seguridade orixinariamente imposta ata que a autoridade gubernativa proceda a materializala expulsión. Para estes efectos, a autoridade gubernativa deberá facer efectiva a expulsión no prazo máis breve posible e, en todo caso, dentro dos trinta días seguintes, salvo causa xustificada que o impida, que deberá ser comunicada á autoridade xudicial.

**Disposición transitoria primeira.** *Escala de axentes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía.*

A escala de axentes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía, declarados a extinguir con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei, permanecerán nesa situación de «a extinguir» á súa entrada en vigor e exercerán funcións instrumentais e de apoio, conforme se estableza nas relacións de postos de traballo, percibindo as retribucións correspondentes ó corpo de auxilio procesual.

**Disposición transitoria segunda.** *Regularización de situacións administrativas.*

Os membros da carreira xudicial, do secretariado xudicial e os funcionarios ó servizo da Administración de xustiza que se vexan afectados polo réxime de situacións administrativas previstas nesta lei, deberán solicitar a súa regularización no prazo de tres meses a partir da data de entrada en vigor. De non o faceren no prazo previsto, a súa regularización realizarase de oficio.

**Disposición transitoria terceira.** *Réxime transitorio de ascensos.*

O Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración de xustiza establecerá un procedemento transitorio que permita a promoción dos actuais funcionarios dos corpos ó servizo da Administración de xustiza ós corpos superiores.

Esta promoción interna efectuarase polo sistema de concurso-oposición, con valoración na fase de concurso dos méritos relacionados cos postos desempeñados, o nivel de formación e a antigüidade.

**Disposición transitoria cuarta.** *Establecemento de relacións de postos de traballo.*

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas procederán, nos seus respectivos ámbitos, á organización das oficinas xudiciais e unidades administrativas na forma estable-

cida nesta lei, así como á elaboración e aprobación das relacións de postos de traballo conforme as normas e procedementos contidos nela.

Aprobadas as relacións de postos de traballo polo Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas, procederase á acomodación dos funcionarios con destino definitivo no ámbito territorial respectivo, mediante:

A confirmación dos funcionarios nos postos de traballo que viñesen desempeñando.

A reordenación ou redistribución de efectivos en supostos de amortización, supresión ou recualificación de postos, consonte os procedementos establecidos.

A convocatoria de concursos específicos para aqueles postos de traballo que teñan que cubrirse por este sistema, en que, por unha soa vez, poderán participar en exclusiva os funcionarios destinados no ámbito territorial do órgano convocante.

A convocatoria de procedementos de libre designación para aqueles postos que teñan que se cubrir por este sistema.

Estes procesos desenvolveranse no prazo máximo de 15 meses a partir da data de entrada en vigor desta lei.

#### **Disposición transitoria quinta.** *Réxime retributivo transitorio.*

1. Ata se fixa-la contía das novas retribucións previstas no título II do libro V desta lei, os funcionarios do corpo de secretarios xudiciais e o resto de funcionarios ó servicio da Administración de xustiza continuarán percibindo as retribucións previstas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais; na Lei 17/1980, do 24 de abril, sobre réxime retributivo dos funcionarios ó servicio da Administración de xustiza; no Real decreto 1909/2000, do 24 de novembro, polo que se regula o complemento de destino dos funcionarios ó servicio da Administración de xustiza; a Orde PRE/1417/2003, do 3 de xuño, pola que se regulan as retribucións complementarias por servicio de garda do persoal ó servicio da Administración de xustiza e nas demais normas retributivas vixentes no momento da entrada en vigor desta lei.

2. Sen prexuízo do anterior, autorízase o Goberno para, mediante real decreto, unha vez publicada esta lei orgánica, fixar transitoriamente para o ano 2004 as contías e data de efectos das retribucións básicas e complementarias que procedan, en relación cos funcionarios a que se refire a disposición adicional cuarta desta lei.

3. Ata se produciren os procesos de acomodación e nomeamento a que se refire a disposición transitoria cuarta, entenderase que os funcionarios seguen a prestar servicio nos seus actuais destinos.

#### **Disposición transitoria sexta.** *Procesos selectivos en curso e concursos de traslados.*

Mentres se realice o proceso de acomodación, non se convocarán procesos selectivos para o ingreso nos corpos que se crean, garantíndose, en calquera caso, a aprobación de oferta de emprego público no ano 2004.

Aqueles procesos para o acceso ó corpo de oficiais, auxiliares e axentes ó servicio da Administración de xustiza que estiveren en curso rexeranse pola normativa vixente no momento de publicarse a respectiva convocatoria.

Os aspirantes que adquiran a condición de funcionario nos procesos selectivos a que se refire o parágrafo anterior pasarán a integrarse no corpo ou escala que corresponda dos que se establecen nesta lei, de conformidade coa titulación esixida para participar neles.

Durante igual período non se outorgarán con carácter xeral comisións de servicio fóra do ámbito territorial do órgano competente para a súa concesión nin se concederán reingresos provisorios.

Os concursos de traslados para a cobertura de postos xenéricos que se poidan convocar no ano 2004, tanto para os secretarios xudiciais como para o resto de funcionarios ó servicio da Administración de xustiza, con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento orgánico dos secretarios xudiciais ou do Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración de xustiza, respectivamente, rexeranse pola normativa anterior que, para tal efecto, manterá a súa vixencia.

Os funcionarios que obtivesen destino definitivo nos citados concursos seralles de aplicación, para volver concursar, o período mínimo establecido nos artigos 450 e 529 da Lei orgánica do poder xudicial.

#### **Disposición transitoria sétima.** *Irretroactividade de disposicións sancionadoras.*

1. Para a tipificación de feitos ou condutas que dean lugar a responsabilidade disciplinaria así como as sancións aplicables, observarase o disposto nesta lei orgánica a partir da súa entrada en vigor, aplicándose o principio de irretroactividade das disposicións sancionadoras, salvo que o establecido nesta lei fose máis favorable ó funcionario sometido a expediente disciplinario, ó seu xuízo.

2. Os expedientes iniciados con anterioridade á aprobación do Regulamento de réxime disciplinario que se dicte en desenvolvemento desta lei orgánica, rexeranse, canto a órganos competentes para a súa tramitación, procedementos e recursos, pola normativa vixente no momento da súa iniciación.

#### **Disposición transitoria oitava.** *Réxime transitorio para os letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial.*

Os letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial que leven máis de 10 anos no seu cargo na data da entrada en vigor desta lei e fosen nomeados con carácter temporal, continuarán no seu destino ata que venza o período correspondente do seu actual nomeamento, sen que poidan ser novamente prorrogados.

#### **Disposición transitoria novena.** *Réxime transitorio para os presidentes de sala da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza.*

Á entrada en vigor desta lei finalizará o mandato de todos aqueles presidentes de sala a que se refire o artigo 333 que levasen desempeñando o seu cargo por máis de cinco anos. Os que fosen nomeados con anterioridade á entrada en vigor desta lei que non desempeñasen o seu cargo por máis de cinco anos finalizarán o seu mandato no momento en que se cumpra o dito prazo computado desde a data do seu nomeamento.

**Disposición transitoria décima.** *Réxime transitorio dos procesos pendentes nas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza.*

Os asuntos de que estean coñecendo os tribunais superiores de xustiza que puidesen estar afectados pola modificación da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa efectuada pola disposición adicional décimo cuarta desta lei orgánica, continuarán tramitándose por aqueles ata a súa finalización.

Os asuntos que se rexistren a partir da entrada en vigor desta lei orgánica seralles de aplicación a distribución de competencias establecida pola modificación da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa a que se refire o parágrafo anterior.

**Disposición transitoria décimo primeira.** *Réxime transitorio dos actuais secretarios de goberno.*

Os actuais secretarios de goberno do Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza continuarán desempeñando os seus cargos ata que o Ministerio de Xustiza proceda ó nomeamento dos secretarios de goberno a que se refire o artigo 464 desta lei orgánica.

Producido o nomeamento, cesarán nos seus cargos actuais, quedando adscritos respectivamente ó Tribunal Supremo, Audiencia Nacional ou tribunal superior de xustiza en que prestaban os seus servizos, e serán destinados con carácter definitivo para ocuparen a primeira vacante que se produza no tribunal ou audiencia a que estiveren adscritos, salvo que obtivesen con anterioridade outra praza pola súa instancia mediante a participación nun concurso de traslados, en que gozarán de preferencia por unha soa vez para ocuparen as vacantes que se producisen na localidade.

En todo caso manterán a súa categoría persoal.

**Disposición transitoria décimo segunda.** *Réxime transitorio aplicable ós expedientes disciplinarios abertos a xuíces ou maxistrados no momento da entrada en vigor desta lei.*

Os expedientes disciplinarios que, á entrada en vigor desta lei, se encontren en tramitación seguirán regulándose polas disposicións anteriores, salvo que as contidas nesta lei resulten máis favorables.

**Disposición transitoria décimo terceira.** *Réxime transitorio de funcionarios interinos.*

Para garantir que as necesidades do servizo da xustiza queden suficientemente cubertas, as administracións competentes procederán, no prazo de dezoito meses a partir da entrada en vigor desta lei orgánica, a dictaren a normativa correspondente en materia de funcionarios interinos consonte as previsións contidas na Lei orgánica do poder xudicial.

Durante o citado período transitorio o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, procederán, así mesmo, a regularizar a situación dos funcionarios interinos que estean efectivamente desempeñando un posto de traballo en virtude de nomeamento expedido para o efecto, así como a daquelas persoas que se encontren en expectativa de nomeamento.

**Disposición transitoria décimo cuarta.** *Dereito de opción dos funcionarios destinados en órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial.*

Os funcionarios das administracións públicas pertencentes ou integrados en corpos ou escalas clasificados nos grupos B, C, D e E, a que se refire o artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas de reforma para a función pública, e nos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial, e as súas correspondentes escalas, que na data de entrada en vigor desta lei estean desempeñando postos de traballo nos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial que non sexan de nivel superior, e que se encontren en situación de servizos especiais polo desempeño deses postos, poderán optar entre permanecer nesa situación ou ser declarados en servizo activo de conformidade co previsto no artigo 146.3 da Lei orgánica do poder xudicial.

A opción presentárase por escrito ante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo máximo de 30 días, contados desde a data de entrada en vigor desta lei, e os funcionarios que a exercesen serán declarados en servizo activo con efectos desde a dita data. Os funcionarios que no prazo sinalado non exercesen o dereito de opción continuarán na situación de servizos especiais, procedéndose á súa regularización conforme as previsións desta lei.

**Disposición transitoria décimo quinta.** *Réxime transitorio para o establecemento das oficinas xudiciais.*

A determinación por cada Administración competente do deseño e organización das oficinas xudiciais radicadas nos seus respectivos territorios, conforme a estrutura básica e nos termos establecidos nesta lei, levarase a cabo de forma gradual e en función das posibilidades organizativas, técnicas e orzamentarias desas administracións, e deberá, en todo caso, realizarse coa anticipación suficiente que faga posible que a aprobación das relacións de postos de traballo e os procesos de acomodación e nomeamento do persoal a que se refire a disposición transitoria cuarta desta lei se leven a cabo nos prazos establecidos nela.

Ata se produciren os citados procesos de acomodación e nomeamento, entenderase que os funcionarios seguen a prestar servizos nos seus actuais destinos.

**Disposición transitoria décimo sexta.** *Réxime aplicable a xuíces e maxistrados en excedencia forzosa.*

Os xuíces e maxistrados que, á entrada en vigor desta lei, se encontrasen en situación de excedencia forzosa en virtude da redacción anterior dos números 4, 5 e 6 do artigo 357 da Lei orgánica do poder xudicial, poderán optar entre seguir en tal situación ata esgotaren o prazo a que se refería o dito precepto, aplicándose nese momento o réxime previsto no actual número 3 do artigo 358 da mencionada lei orgánica, ou reingresar na carreira sen esgotar-lo referido prazo, con idéntica aplicación do citado número 3 do artigo 358 da Lei orgánica do poder xudicial.

**Disposición transitoria décimo sétima.** *Réxime transitorio dos maxistrados do Gabinete Técnico de Información e Documentación do Tribunal Supremo.*

Os maxistrados que, á entrada en vigor desta lei orgánica, se encontren en servizo activo no Gabinete Técnico de Información e Documentación do Tribunal Supremo, pasarán nese momento á situación de servizos especiais na carreira xudicial. Para facer efectivos os dereitos inherentes a esta nova situación deberán obter, mediante concurso regrado, praza en propiedade no prazo de tres anos.

Se durante o transcurso deste prazo cesaren ou se, transcorrido este, non obtivesen praza en propiedade, quedarán adscritos ó Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, nos termos que lles sexa de aplicación de entre os establecidos nos números 2 e 3 do artigo 118 da Lei orgánica do poder xudicial.

**Disposición transitoria décimo oitava.** *Réxime transitorio aplicable ós letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial.*

1. En calquera caso tódolos letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial que na data de entrada en vigor desta lei non se encontrasen na situación de servizos especiais na súa carreira ou corpo de orixe, pasarán a esta situación no dito momento. Esta nova situación terá a consideración de primeiro nomeamento para os efectos do artigo 146.2 da Lei orgánica do poder xudicial, sendo aplicable, a partir dese momento, o réxime de prórrogas que se prevé no dito artigo.

2. Se o disposto no número anterior afectase funcionarios pertencentes ós corpos ó servizo da Administración de xustiza, a reserva de posto de traballo inherente á situación de servizos especiais operará respecto dun posto correspondente á súa categoría na provincia en que prestasen servizos antes de pasaren á situación de activo no Consello Xeral do Poder Xudicial ou, á súa escolla, no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid. Se o disposto no número anterior afectase funcionarios pertencentes a calquera Administración pública ou órgano constitucional, quedarán ó dispor deles cando se produza a extinción da situación de servizos especiais, que lles asignarán un posto de traballo de condicións semellantes ó que ocupaban cando pasaron a desempeñar servizos no Consello Xeral do Poder Xudicial.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogados:

a) Os artigos 28, 220 e 310 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que quedan sen contido.

b) O título IV do libro III «Da fe pública e da documentación», da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os artigos 279 a 291 da cal quedan sen contido.

c) O parágrafo segundo do artigo 958 da Lei de axuízamento civil do 3 de febreiro de 1881.

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, deberá aproba-lo Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal ó servizo da Administración de xustiza, o Regulamento de réxime disciplinario do persoal ó servizo da Administración de xustiza e o Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais.

**Disposición derradeira segunda.** *Adecuación de normas procesuais.*

No prazo dun ano, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais os proxectos de lei procedentes para adecualas leis de procedemento ás disposicións modificadas por esta lei.

**Disposición derradeira terceira.** *Rango normativo.*

Nesta lei orgánica teñen carácter de lei ordinaria as disposicións adicionais décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira, décimo cuarta e décimo sexta, ben como a disposición transitoria décima.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 23 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**23645** LEI ORGÁNICA 20/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica do poder xudicial e do Código penal. («BOE» 309, do 26-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei orgánica do poder xudicial.*

Modifícase a alínea g) do punto 2 do artigo 86 ter da Lei orgánica do poder xudicial, que queda redactado nos seguintes termos:

«g) Dos asuntos atribuídos ós xulgados de primeira instancia no artigo 8 da Lei de arbitraje cando veñan referidos a materias recollidas neste punto.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Código penal.*

Engádenselle ó Código penal os artigos 506 bis, 521 bis e 576 bis, nos seguintes termos:

«506 bis.

1. A autoridade ou funcionario público que, carecendo manifestamente de competencias ou atribucións para iso, convocase ou autorizase a